

Subconcepto	Denominación	Importe — Pesetas
01	«Bonificacións ó tráfico aéreo regular entre as illas Baleares e o resto do territorio nacional e no arquipélago balear, correspondentes ós exercicios 1995 e 1996».	2.813.071.519
02	«Bonificacións ó tráfico aéreo regular con Melilla correspondentes ós exercicios 1995 e 1996».	1.515.635.559

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

Os créditos extraordinarios a que se refire o artigo anterior financiaranse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1998, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

29119 *LEI ORGÁNICA 9/1998, do 16 de decembro, pola que se autoriza a ratificación por España do Tratado de Amsterdam polo que se modifican o Tratado da Unión Europea, os Tratados constitutivos das Comunidades Europeas e determinados actos conexos, asinado en Amsterdam o día 2 de outubro de 1997. («BOE» 301, do 17-12-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sinatura o día 2 de outubro de 1997 do Tratado de Amsterdam abre unha nova etapa no proceso de construción europea.

O novo tratado contén importantes innovacións relativas ó mantemento e desenvolvemento dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza; a reafirmación das garantías dos dereitos fundamentais; o afondamento no desenvolvemento das políticas comunitarias, en particular no ámbito laboral e social, e a incorporación de instrumentos para dota-la política exterior da Unión de maior coherencia e eficacia. Realízase igualmente unha reforma ins-

titucional que constitúe un paso previo a outra de maior amplitude que deberá realizarse con anterioridade a futuras ampliacións. Finalmente procédese a unha considerable simplificación do texto dos tratados.

Por outra parte, o tratado prevé que a competencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas para pronunciarse, con carácter pre-xudicial, sobre determinadas materias relacionadas coa cooperación policial e xudicial en materia penal poida ser aceptada polos estados membros, mediante unha declaración, baixo determinadas modalidades e condicións.

A prestación do consentimento do Estado para ratificarlo Tratado de Amsterdam debe ser autorizada mediante lei orgánica, de acordo co previsto no artigo 93 da Constitución, igual que sucedeu no caso da adhesión de España ás Comunidades Europeas e da ratificación da Acta Única Europea e do Tratado da Unión Europea.

Artigo único.

Autorízase a ratificación por España do Tratado de Amsterdam polo que se modifican o Tratado da Unión Europea, os Tratados constitutivos das Comunidades Europeas e determinados actos conexos, asinado en Amsterdam o día 2 de outubro de 1997.

Disposición adicional única.

Para efectos do previsto no artigo K.7, parágrafos 2 e 3, do Tratado da Unión Europea, na redacción dada polo Tratado de Amsterdam, autorízase a formulación da seguinte declaración:

«O Reino de España declara que acepta a competencia do Tribunal de Xustiza para se pronunciar con carácter pre-xudicial conforme o previsto no artigo K.7, parágrafo 2 e segundo a modalidade prevista na letra a) do parágrafo 3 do mesmo artigo.

O Reino de España reserva para si o dereito de establecer na súa lexislación nacional disposicións co fin de que, cando se promova unha cuestión relativa á validez ou á interpretación dun dos actos mencionados no número 1 do artigo K.7 nun asunto pendente ante un órgano xurisdiccional nacional as decisións do cal non sexan susceptibles de ulterior recurso xudicial de Dereito interno, o devandito órgano xurisdiccional estea obrigado a remiti-lo asunto ó Tribunal de Xustiza.»

Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 16 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

TRATADO DE AMSTERDAM POLO QUE SE MODIFICAN O TRATADO DA UNIÓN EUROPEA, OS TRATADOS CONSTITUTIVOS DAS COMUNIDADES EUROPEAS E DETERMINADOS ACTOS CONEXOS

A Súa Maxestade o Rei dos Belgas.
A Súa Maxestade a Raíña de Dinamarca.
O Presidente da República Federal de Alemaña.
O Presidente da República Helénica.

A Súa Maxestade o Rei de España.
 O Presidente da República Francesa.
 A Comisión autorizada polo artigo 14 da Constitución de Irlanda para exercer e desempeña-los poderes e funcións do Presidente de Irlanda.
 O Presidente da República Italiana.
 A Súa Alteza Real o Gran Duque de Luxemburgo.
 A Súa Maxestade a Raíña dos Países Baixos.
 O Presidente federal da República de Austria.
 O Presidente da República Portuguesa.
 O Presidente da República de Finlandia.
 A Súa Maxestade o Rei de Suecia.
 A Súa Maxestade a Raíña do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte,

Resolveron modifica-lo Tratado da Unión Europea, os Tratados constitutivos das Comunidades Europeas e determinados actos conexas,

e designaron con tal fin como plenipotenciarios:

A Súa Maxestade o Rei dos Belgas:

ó señor Erik Derycke,
 Ministro de Asuntos Exteriores;

A Súa Maxestade a Raíña de Dinamarca:

ó señor Niels Helveg Petersen,
 Ministro de Asuntos Exteriores;

O Presidente da República Federal de Alemaña:

ó doutor Klaus Kinkel,
 Ministro Federal de Asuntos Exteriores
 e Vicechanceler;

O Presidente da República Helénica:

ó señor Theodoros Pangalos,
 Ministro de Asuntos Exteriores;

A Súa Maxestade o Rei de España:

ó señor Abel Matutes Juan,
 Ministro de Asuntos Exteriores;

O Presidente da República Francesa:

ó señor Hubert Védrine,
 Ministro de Asuntos Exteriores;

A Comisión autorizada polo artigo 14 da Constitución de Irlanda para exercer e desempeña-los poderes e funcións do Presidente de Irlanda:

ó señor Raphael P. Burke,
 Ministro de Asuntos Exteriores;

O Presidente da República Italiana:

ó señor Lamberto Dini,
 Ministro de Asuntos Exteriores;

A Súa Alteza Real o Gran Duque de Luxemburgo:

ó señor Jacques F. Poos,
 Viceprimeiro Ministro,
 Ministro de Asuntos Exteriores, de Comercio Exterior
 e de Cooperación;

A Súa Maxestade a Raíña dos Países Baixos:

ó señor Hans van Mierlo,
 Viceprimeiro Ministro
 e Ministro de Asuntos Exteriores;

O Presidente federal da República de Austria:

ó señor Wolfgang Schüssel,
 Ministro Federal de Asuntos Exteriores
 e Vicechanceler;

O Presidente da República Portuguesa:

ó señor Jaime Gama,
 Ministro de Asuntos Exteriores;

O Presidente da República de Finlandia:

á señora Tarja Halonen,
 Ministra de Asuntos Exteriores;

A Súa Maxestade o Rei de Suecia:

á señora Lena Hjelm-Wallén,
 Ministra de Asuntos Exteriores;

A Súa Maxestade a Raíña do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte:

ó señor Douglas Henderson,
 Secretario de Estado
 de Asuntos Exteriores e da Commonwealth;

Os cales, despois de intercambiaren os seus plenos poderes, recoñecidos en boa e debida forma, conviñeron as disposicións seguintes:

PRIMEIRA PARTE

Modificacións substantivas

Artigo 1.

O Tratado da Unión Europea queda modificado de conformidade co disposto no presente artigo.

1) Despois do terceiro considerando insírese o considerando seguinte:

«CONFIRMANDO a súa adhesión ós dereitos sociais fundamentais tal e como se definen na Carta Social Europea asinada en Turín o 18 de outubro de 1961 e mais na Carta comunitaria dos dereitos sociais fundamentais dos traballadores de 1989,».

2) O actual considerando sétimo substitúese polo texto seguinte:

«DECIDIDOS a promoveren o progreso social e económico dos seus pobos, tendo en conta o principio de desenvolvemento sostible, dentro da realización do mercado interior e do fortalecemento da cohesión e da protección do medio, e a desenvolveren políticas que garantan que os avances na integración económica vaian acompañados de progresos paralelos noutros ámbitos,».

3) Os actuais considerandos noveno e décimo substitúense polo texto seguinte:

«RESOLTOS a desenvolveren unha política exterior e de seguridade común que inclúa a definición progresiva dunha política de defensa común que podería conducir a unha defensa común de acordo coas disposicións do artigo J.7, reforzando así a identidade e a independencia europeas co fin de fomentar a paz, a seguridade e o progreso en Europa e no mundo,

RESOLTOS a facilitaren a libre circulación de persoas, garantindo ó mesmo tempo a seguridade e a protección dos seus pobos, mediante o establecemento dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza, de conformidade coas disposicións do presente tratado,»

4) O parágrafo segundo do artigo A substitúese polo texto seguinte:

«O presente tratado constitúe unha nova etapa no proceso creador dunha unión cada vez máis estreita entre os pobos de Europa, na cal as decisións serán tomadas da maneira máis aberta e próxima ós cidadáns que sexa posible.»

5) O artigo B substitúese polo texto seguinte:

«Artigo B

A Unión terá os seguintes obxectivos:

— promove-lo progreso económico e social, un alto nivel de emprego e conseguir un desenvolvemento equilibrado e sostible, principalmente mediante a creación dun espazo sen fronteiras interiores, o fortalecemento da cohesión económica e social e o establecemento dunha unión económica e monetaria que implicará, no seu momento, unha moeda única, conforme as disposicións do presente tratado;

— afirma-la súa identidade no ámbito internacional, en particular mediante a realización dunha política exterior e de seguridade común que inclúa a definición progresiva dunha política de defensa común que podería conducir a unha defensa común, de conformidade coas disposicións do artigo J.7;

— reforza-la protección dos dereitos e intereses dos nacionais dos seus Estados membros mediante a creación dunha cidadanía da Unión;

— manter e desenvolve-la Unión como un espazo de liberdade, seguridade e xustiza, no que estea garantida a libre circulación de persoas conxuntamente con medidas adecuadas respecto ó control das fronteiras exteriores, o asilo, a inmigración e a prevención e a loita contra a delincuencia;

— manter integramente o acervo comunitario e desenvolve-lo co fin de examina-la medida en que as políticas e formas de cooperación establecidas no presente tratado deben ser revisadas, para asegurar-la eficacia dos mecanismos e institucións comunitarios.

Os obxectivos da Unión acadaranse de acordo coas disposicións do presente tratado, nas condicións e segundo os ritmos previstos e no respecto do principio de subsidiariedade tal e como se define no artigo 3 B do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.»

6) O parágrafo segundo do artigo C substitúese polo texto seguinte:

«A Unión velará, en particular, por mante-la coherencia do conxunto da súa acción exterior no marco das súas políticas en materia de relacións exteriores, de seguridade, de economía e de desenvolvemento. O Consello e maila Comisión terán a responsabilidade de garanti-la devandita coherencia e cooperarán a tal fin. Asegurarán, cada cal conforme as súas competencias, a realización de tales políticas.»

7) O artigo E substitúese polo texto seguinte:

«Artigo E

O Parlamento Europeo, o Consello, a Comisión, o Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Contas exer-

cerán as súas competencias nas condicións e para os fins previstos, por unha parte, nas disposicións dos Tratados constitutivos das Comunidades Europeas e dos tratados e actos subseguintes que os modificaron ou completaron e, por outra parte, nas demais disposicións do presente tratado.»

8) O artigo F modifícase da seguinte forma:

a) O número 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. A Unión baséase nos principios de liberdade, democracia, respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e o estado de dereito, principios que son comúns ós Estados membros.»

b) O número 3 actual pasa a se-lo número 4 e insírese o novo número 3 seguinte:

«3. A Unión respectará a identidade nacional dos seus Estados membros.»

9) Insírese o artigo seguinte ó final do título I:

«Artigo F.1

1. O Consello, reunido na súa composición de xefes de estado ou de goberno, por unanimidade e por proposta dun tercio dos Estados membros ou da Comisión e logo de dictame conforme do Parlamento Europeo, poderá constata-la existencia dunha violación grave e persistente por parte dun Estado membro de principios recollidos no número 1 do artigo F, tras invita-lo Goberno do Estado membro de que se trate a que presente as súas observacións.

2. Unha vez efectuada a devandita constatación, o Consello, por maioría cualificada, poderá decidir que se suspendan determinados dereitos derivados da aplicación do presente tratado ó Estado membro de que se trate, incluídos os dereitos de voto do representante do Goberno do dito Estado membro no Consello. O proceder á citada suspensión, o Consello terá en conta as posibles consecuencias desta para os dereitos e obrigas das persoas físicas e xurídicas.

As obrigas do Estado membro de que se trate derivadas do presente tratado continuarán, en calquera caso, sendo vinculantes para o dito Estado.

3. O Consello poderá decidir posteriormente, por maioría cualificada, a modificación ou revogación das medidas adoptadas de conformidade co punto 2 como resposta a cambios na situación que motivou a súa imposición.

4. Para os efectos do presente artigo, o Consello decidirá sen ter en conta o voto do representante do Estado membro de que se trate. As abstencións de membros presentes ou representados non impedirán a adopción das decisións previstas no número 1. A maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos cá establecida no número 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

O presente epígrafe aplicarase tamén no suposto de suspensión dos dereitos de voto de acordo co número 2.

5. Para os efectos do presente artigo, o Parlamento Europeo decidirá por maioría de dous tercios dos votos emitidos, que representen a maioría dos membros que o compoñen.»

10) O título V substitúese polo texto seguinte:

«TÍTULO V

Disposicións relativas á política exterior e de seguridade común

Artigo J.1

1. A Unión definirá e realizará unha política exterior e de seguridade común, que abarcará tódolos ámbitos da política exterior e de seguridade e que terá os obxectivos seguintes:

— a defensa dos valores comúns, dos intereses fundamentais e da independencia e integridade da Unión, de conformidade cos principios da Carta das Nacións Unidas;

— o fortalecemento da seguridade da Unión en tódalas súas formas;

— o mantemento da paz e o fortalecemento da seguridade internacional, de conformidade cos principios da Carta das Nacións Unidas, cos principios da Acta final de Helsinki e cos obxectivos da Carta de París, incluídos os relativos ás fronteiras exteriores;

— o fomento da cooperación internacional;

— o desenvolvemento e a consolidación da democracia e do Estado de Dereito, así como o respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

2. Os Estados membros apoiarán activamente e sen reservas a política exterior e de seguridade da Unión, con espírito de lealdade e solidariedade mutua.

Os Estados membros traballarán conxuntamente para intensificaren e desenvolveren a súa solidariedade política mutua. Absteranse de toda acción contraria ós intereses da Unión ou que poida prexudic-la súa eficacia como forza cohesionada nas relacións internacionais.

O Consello velará por que se respecten estes principios.

Artigo J.2

A Unión perseguirá os obxectivos expostos no artigo J.1 mediante:

— a definición dos principios e das orientacións xerais da política exterior e de seguridade común;

— a aprobación de estratexias comúns;

— a adopción de accións comúns;

— a adopción de posicións comúns;

— o fortalecemento dunha cooperación sistemática entre os Estados membros para o desenvolvemento da súa política.

Artigo J.3

1. O Consello Europeo definirá os principios e as orientacións xerais da política exterior e de seguridade común, incluídos os asuntos que teñan repercusións no ámbito da defensa.

2. O Consello Europeo determinará as estratexias comúns que a Unión deba aplicar en ámbitos nos que os Estados membros teñan importantes intereses en común.

As estratexias comúns definirán os seus obxectivos e duración, así como os medios que deberán facilita-la Unión e os Estados membros.

3. Baseándose en orientacións xerais definidas polo Consello Europeo, o Consello tomará as decisións necesarias para definir e executa-la política exterior e de seguridade común.

O Consello recomendaralle ó Consello Europeo estratexias comúns e aplicaraas, en particular adoptando accións e posicións comúns.

O Consello velará pola unidade, a coherencia e a eficacia da acción da Unión.

Artigo J.4

1. O Consello adoptará accións comúns. As accións comúns referiranse a situacións específicas nas que se considere necesaria unha acción operativa da Unión. As accións comúns fixarán os obxectivos, o alcance, os medios que lle haxa que facilitar á Unión, as condicións da súa execución e, en caso necesario, a súa duración.

2. De se producir un cambio de circunstancias con clara incidencia sobre un asunto obxecto dunha acción común, o Consello revisará os principios e obxectivos da dita acción e adoptará as decisións necesarias. A acción común manterase entrementes o Consello non se pronuncie.

3. As accións comúns serán vinculantes para os Estados membros nas posicións que adopten das súas posicións e no desenvolvemento da súa acción.

4. O Consello poderalle pedir á Comisión que lle presente calquera proposta adecuada relativa á política exterior e de seguridade común para garanti-la execución dunha acción común.

5. Cando exista calquera plan para adoptar unha posición nacional ou emprender unha acción nacional en aplicación dunha acción común, proporcionarase información nun prazo que permita, en caso necesario, unha concertación previa no seo do Consello. A obriga de información previa non se aplicará ás medidas que constitúan unha mera transposición ó ámbito nacional das decisións do Consello.

6. En caso de imperiosa necesidade derivada da evolución da situación e na falta dunha decisión do Consello, os Estados membros poderán adoptar con carácter de urxencia as medidas necesarias, tendo en conta os obxectivos xerais da acción común. O Estado membro de que se trate informará ó Consello inmediatamente de tales medidas.

7. No caso de que un Estado membro teña dificultades importantes para aplicar unha acción común, solicitaralle ó Consello que delibere ó respecto e busque as solucións adecuadas. Estas solucións non poderán ser contrarias ós obxectivos da acción nin limita-la súa eficacia.

Artigo J.5

O Consello adoptará posicións comúns. As posicións comúns definirán o enfoque da Unión sobre un asunto concreto de carácter xeográfico ou temático. Os Estados membros velarán pola conformidade das súas políticas nacionais coas posicións comúns.

Artigo J.6

Os Estados membros informaranse e consultaranse mutuamente no seo do Consello sobre calquera cuestión de política exterior e de seguridade que revista un interese xeral, co fin de garantir que a influencia da Unión se exerza do modo máis eficaz mediante unha acción concertada e converxente.

Artigo J.7

1. A política exterior e de seguridade común abranguerá tódalas cuestións relativas á seguridade da Unión, incluída a definición progresiva dunha

política de defensa común, de conformidade co parágrafo segundo, que podería conducir a unha defensa común se así o decidise o Consello Europeo. En tal caso, recomendaralles ós Estados membros a adopción desa decisión de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

A Unión Europea Occidental (UEO) é parte integrante do desenvolvemento da Unión e proporcionalle á Unión o acceso a unha capacidade operativa especialmente no contexto do punto 2. A UEO secunda a Unión na definición dos aspectos de defensa da política exterior e de seguridade común tal como se establecen no presente artigo. A Unión, en consecuencia, fomentará relacións institucionais máis estreitas coa UEO con vistas á posibilidade da integración da UEO na Unión, se así o decidise o Consello Europeo. En tal caso, recomendaralles ós Estados membros a adopción desa decisión de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

A política da Unión consonte o presente artigo non afectará o carácter específico da política de seguridade e de defensa de determinados Estados membros, respectará as obrigas derivadas do Tratado do Atlántico Norte para determinados Estados membros que consideran que a súa defensa común se realiza dentro da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN) e será compatible coa política común de seguridade e de defensa establecida no citado marco.

A definición progresiva dunha política de defensa común estará apoiada, segundo consideren adecuado os Estados membros, pola cooperación entre si no sector do armamento.

2. As cuestións a que se refire o presente artigo incluírán misións humanitarias e de rescate, misións de mantemento da paz e misións nas que interveñan forzas de combate para a xestión de crises, incluídas as misións de restablecemento da paz.

3. A Unión recorrerá á UEO para que elabore e poña en práctica as decisións e accións da Unión que teñan repercusións no ámbito da defensa.

A competencia do Consello Europeo para establecer orientacións de acordo co artigo J.3 rexerá tamén respecto á UEO naqueles asuntos nos que a Unión recorra á UEO.

Cando a Unión recorra á UEO para que elabore e poña en práctica decisións da Unión relativas ás misións a que se refire o punto 2, tódolos Estados membros da Unión terán dereito a participar plenamente en tales misións. O Consello, de común acordo coas institucións da UEO, adoptará as modalidades prácticas necesarias que lles permitan a tódolos Estados membros que contribúan ás devanditas misións participaren plenamente e en pé de igualdade na planificación e adopción de decisións na UEO.

As decisións a que se refire o presente epígrafe que teñan repercusións no ámbito da defensa adoptaranse sen prexuízo das políticas e obrigas a que se refire o parágrafo terceiro do punto 1.

4. As disposicións do presente artigo non serán óbice ó desenvolvemento dunha cooperación reforzada entre dous ou varios Estados membros no plano bilateral, no marco da UEO e da Alianza Atlántica, sempre que esta cooperación non contraveña nin obstaculice a que se prevé no presente título.

5. Con vistas a promover os obxectivos do presente artigo, as disposicións deste artigo revisaranse de acordo co artigo N.

Artigo J.8

1. En materia de política exterior e de seguridade común, a Presidencia asumirá a representación da Unión.

2. A Presidencia será responsable da execución das decisións adoptadas de acordo co presente título; en virtude diso expresará en principio a posición da Unión nas organizacións internacionais e nas conferencias internacionais.

3. A Presidencia contará coa asistencia do secretario xeral do Consello, que exercerá as funcións de alto representante da política exterior e de seguridade común.

4. A Comisión estará plenamente asociada ás funcións mencionadas nos puntos 1 e 2. No desempeño das ditas funcións, a Presidencia contará coa asistencia, se é o caso, do Estado membro que vaia desempeñala seguinte presidencia.

5. Sempre que o considere necesario, o Consello poderá designar un representante especial provisto dun mandato en relación con cuestións políticas concretas.

Artigo J.9

1. Os Estados membros coordinarán a súa acción nas organizacións internacionais e con ocasión das conferencias internacionais. Os Estados membros defenderán neses foros as posicións comúns.

Nas organizacións internacionais e nas conferencias internacionais nas que non participen tódolos Estados membros, os que participen defenderán as posicións comúns.

2. Sen prexuízo do disposto no punto 1 do presente artigo e no punto 3 do artigo J.4, os Estados membros representados en organizacións internacionais ou en conferencias internacionais nas que non participen tódolos Estados membros manterán informados os demais sobre calquera cuestión de interese común.

Os Estados membros que tamén son membros do Consello de Seguridade das Nacións Unidas concertaranse entre si e terán cabalmente informados os demais Estados membros. Os Estados membros que son membros permanentes do Consello de Seguridade asegurarán, no desempeño das súas funcións, a defensa das posicións e intereses da Unión, sen prexuízo das responsabilidades que lles incumban en virtude das disposicións da Carta das Nacións Unidas.

Artigo J.10

As misións diplomáticas e consulares dos Estados membros e as delegacións da Comisión nos países terceiros e nas conferencias internacionais, así como as súas representacións ante as organizacións internacionais, cooperarán para garanti-lo respecto e a execución das posicións comúns e das accións comúns adoptadas polo Consello.

Intensificarán a súa cooperación intercambiando información, procedendo a valoracións comúns e contribuíndo á execución das disposicións previstas no artigo 8 C do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo J.11

A Presidencia consultará co Parlamento Europeo sobre os aspectos principais e as opcións básicas da política exterior e de seguridade común e velará por que se teñan debidamente en conta as opinións do Parlamento Europeo. A Presidencia e maila

Comisión manterán regularmente informado o Parlamento Europeo sobre o desenvolvemento da política exterior e de seguridade da Unión.

O Parlamento Europeo poderá dirixir preguntas ou formular recomendacións ó Consello. Cada ano procederá a un debate sobre os progresos realizados no desenvolvemento da política exterior e de seguridade común.

Artigo J.12

1. Calquera Estado membro, ou a Comisión, poderalle formular ó Consello calquera cuestión relacionada coa política exterior e de seguridade común e presentarlle propostas ó Consello.

2. Nos casos que requiran unha decisión rápida, a Presidencia convocará, de oficio ou por petición da Comisión ou dun Estado membro, unha reunión extraordinaria do Consello, nun prazo de corenta e oito horas ou, en caso de necesidade absoluta, nun prazo máis breve.

Artigo J.13

1. O Consello adoptará por unanimidade as decisións que se rexan polo presente título. As abstencións de membros presentes ou representados non impedirán a adopción de tales decisións.

No caso de que un membro do Consello se abstenese nunha votación, poderá acompañala súa abstención dunha declaración formal efectuada de conformidade co presente parágrafo. Nese caso, non estará obrigado a aplicar a decisión, pero admitirá que esta sexa vinculante para a Unión. En beneficio da solidariedade mutua, o Estado membro de que se trate absterase de calquera acción que puidese obstaculizar ou impedir a acción da Unión baseada na dita decisión e os demais Estados membros respectarán a súa posición. No caso de que o número de membros do Consello que acompañase a súa abstención de tal declaración representase máis dun tercio dos votos ponderados consonte o disposto no número 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, non se adoptará a decisión.

2. Como excepción ó disposto no número 1, o Consello adoptará por maioría cualificada:

- accións comúns, posicións comúns ou calquera outra decisión baseada nunha estratexia común;
- calquera decisión pola que se aplique unha acción común ou unha posición común.

Se un membro do Consello declara que, por motivos importantes e explícitos de política nacional, ten a intención de se opoñer á adopción dunha decisión que se deba adoptar por maioría cualificada, non se procederá á votación. O Consello, por maioría cualificada, poderá pedir que o asunto se remita ó Consello Europeo, para que decida ó respecto por unanimidade.

Os votos dos membros do Consello ponderaranse conforme o disposto no número 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. Para a súa adopción, as decisións requirirán al menos sesenta e dous votos, que representen a votación favorable de dez membros como mínimo.

O presente epígrafe non se aplicará ás decisións que teñan repercusións no ámbito militar ou da defensa.

3. No que se refire a cuestións de procedemento, o Consello pronunciarase por maioría dos membros que o compoñen.

Artigo J.14

Cando para levar á práctica o presente título sexa necesario subscribir un acordo con un ou varios Estados ou organizacións internacionais, o Consello, por unanimidade, poderá autoriza-la Presidencia, se é o caso asistida pola Comisión, para iniciar negociacións para tal efecto. O Consello subscribirá os devanditos acordos por unanimidade, baseándose nunha recomendación da Presidencia. Ningún acordo será vinculante para un Estado membro se o seu representante no Consello declara que ten que se axustar ás esixencias do seu propio procedemento constitucional; os restantes membros do Consello poderán acordar que o acordo se lles aplique provisionalmente.

O disposto no presente artigo será tamén aplicable ás materias incluídas no título VI.

Artigo J.15

Sen prexuízo das disposicións do artigo 151 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, un Comité político seguirá a situación internacional nos ámbitos concernentes á política exterior e de seguridade común e contribuirá a defini-la política mediante a emisión de dictames dirixidos ó Consello, ben por instancia deste ou por propia iniciativa. Así mesmo supervisará a execución das políticas acordadas, sen prexuízo das competencias da Presidencia e da Comisión.

Artigo J.16

O secretario xeral do Consello, alto representante da política exterior e de seguridade común, asistirá ó Consello en cuestións propias do ámbito da política exterior e de seguridade común, en particular contribuíndo á formulación, preparación e posta en práctica das decisións políticas e, cando proceda, en nome do Consello e por petición da Presidencia, dirixindo o diálogo político con terceiros.

Artigo J.17

A Comisión estará plenamente asociada ós traballos no ámbito da política exterior e de seguridade común.

Artigo J.18

1. Os artigos 137, 138, 139 a 142, 146, 147, 150 a 153, 157 a 163, 191 A e 217 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea serán de aplicación ás disposicións relativas ás materias a que se refire o presente título.

2. Os gastos administrativos que as disposicións relativas ás materias a que se refire o presente título lles ocasionen ás institucións correrán a cargo do orzamento das Comunidades Europeas.

3. Os gastos operativos derivados da aplicación das devanditas disposicións tamén correrán a cargo do orzamento das Comunidades Europeas, excepto os relativos ás operacións que teñan repercusións no ámbito militar ou da defensa e os casos en que o Consello decida, por unanimidade, outra cousa.

Cando os gastos non corran a cargo do orzamento das Comunidades Europeas, correrán a cargo dos Estados membros conforme unha clave de reparto baseada no produto nacional bruto, a menos que o Consello decida outra cousa por unanimidade. En canto ós gastos derivados das operacións que teñan repercusións no ámbito militar ou da defensa, os Estados membros dos que os representantes no Consello efectuasen unha decla-

ración formal conforme o parágrafo segundo do punto 1 do artigo J.13 non estarán obrigados a contribuír ó seu financiamento.

4. O procedemento orzamentario establecido no Tratado constitutivo da Comunidade Europea aplicarase ós gastos que corran a cargo do orzamento das Comunidades Europeas.»

11) O título VI substitúese polo texto seguinte:

«TÍTULO VI

Disposicións relativas á cooperación policial e xudicial en materia penal

Artigo K.1

Sen prexuízo das competencias da Comunidade Europea, o obxectivo da Unión será ofrecerlles ós cidadáns un alto grao de seguridade dentro dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza elaborando unha acción en común entre os Estados membros nos ámbitos da cooperación policial e xudicial en materia penal e mediante a prevención e a loita contra o racismo e a xenofobia.

Este obxectivo deberá lograrse mediante a prevención e a loita contra a delincuencia, organizada ou non, en particular o terrorismo, a trata de seres humanos e os delitos contra os nenos, o tráfico ilícito de drogas e de armas, a corrupción e a fraude, a través:

— dunha maior cooperación entre as forzas policiais, as autoridades alfandegueiras e outras autoridades competentes dos Estados membros, ben sexa directamente ou a través da Oficina Europea de Policía (Europol), de conformidade co disposto nos artigos K.2 e K.4;

— dunha maior cooperación entre as autoridades xudiciais e outras autoridades competentes dos Estados membros, de conformidade co disposto nas letras a) a d) do artigo K.3 e no artigo K.4;

— da aproximación, cando proceda, das normas dos Estados membros en materia penal, de conformidade co disposto na letra e) do artigo K.3.

Artigo K.2

1. A acción en común no ámbito da cooperación policial incluirá:

a) a cooperación operativa entre as autoridades competentes, incluídos os servizos de policía, de alfándegas e outros servizos especializados dos Estados membros con funcións coercitivas, en relación coa prevención, a localización e a investigación de feitos delictivos;

b) a recollida, almacenamento, tratamento, análise e intercambio de información pertinente, en particular mediante Europol, incluída a correspondente a informes sobre operacións financeiras sospeitosas que estea en poder de servizos con funcións coercitivas, con suxeición ás disposicións correspondentes en materia de protección de datos persoais;

c) a cooperación e iniciativas conxuntas na formación, o intercambio de funcionarios de enlace, as comisións de servizo, o uso de equipamentos e a investigación científica policial;

d) a avaliación común de técnicas especiais de investigación relacionadas coa detección de formas graves de delincuencia organizada.

2. O Consello fomentará a cooperación mediante Europol e, en particular, nun prazo de cinco anos a partir da data de entrada en vigor do Tratado de Amsterdam:

a) capacitará a Europol para que facilite e apoie a preparación e estimule a coordinación e execución de accións específicas de investigación polas autoridades competentes dos Estados membros, incluídas as actividades operativas de equipos conxuntos que inclúan representantes de Europol en calidade de apoio;

b) adoptará medidas que lle permitan a Europol solicitar das autoridades competentes dos Estados membros a realización e a coordinación das súas investigacións en casos concretos, así como desenvolver coñecementos especializados que poidan poñerse á disposición dos Estados membros para axudar a estes na investigación de casos de delincuencia organizada;

c) fomentará acordos de enlace entre as autoridades encargadas da acusación e a investigación especializadas na loita contra a delincuencia organizada, en estreita cooperación con Europol;

d) creará unha rede de investigación, documentación e estatística sobre delincuencia transfronteiriza.

Artigo K.3

A acción en común sobre cooperación xudicial en materia penal incluirá:

a) a facilitación e aceleración da cooperación entre os ministerios e as autoridades xudiciais ou equivalentes competentes dos Estados membros en relación coas causas e a execución de resolucións;

b) a facilitación da extradición entre Estados membros;

c) a consecución da compatibilidade das normas aplicables nos Estados membros, na medida necesaria para melloralas devandita cooperación;

d) a prevención de conflitos de xurisdicción entre os Estados membros;

e) a adopción progresiva de medidas que establezan normas mínimas relativas ós elementos constitutivos dos delitos e ás penas nos ámbitos da delincuencia organizada, o terrorismo e o tráfico ilícito de drogas.

Artigo K.4

O Consello establecerá as condicións e límites conforme os cales as autoridades competentes referidas nos artigos K.2 e K.3 poderán actuar no territorio doutro Estado membro en colaboración coas autoridades do devandito Estado e de acordo con elas.

Artigo K.5

O presente título entenderase sen prexuízo do exercicio das responsabilidades que les incumben ós Estados membros en materia de mantemento da orde pública e salvagarda da seguridade interior.

Artigo K.6

1. Nos ámbitos a que se refire o presente título, os Estados membros informaranse e consultaránse mutuamente no seo do Consello, con obxecto de coordinala súa acción.

Con tal fin establecerán unha colaboración entre os servizos competentes das súas respectivas administracións.

2. O Consello disporá e fomentará, na forma e segundo os procedementos oportunos tal como se establece no presente título, a cooperación pertinente para a consecución dos obxectivos da Unión. Con tal fin, por iniciativa de calquera Estado membro ou da Comisión, o Consello poderá, por unanimidade:

a) adoptar posicións comúns que definan a actitude da Unión sobre un asunto concreto;

b) adoptar decisións marco para a aproximación das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros. As decisións marco obrigarán os Estados membros en canto ó resultado que deba conseguirse, deixándolles, sen embargo, ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios. Non terán efecto directo;

c) adoptar decisións con calquera outro fin coherentes cos obxectivos do presente título, con exclusión de toda aproximación das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros. Estas decisións serán obrigatorias e non terán efecto directo; o Consello adoptará por maioría cualificada medidas que permitan aplicar estas decisións a escala da Unión;

d) subscribir convenios recomendándolle a súa adopción ós Estados membros segundo as súas respectivas normas constitucionais. Os Estados membros iniciarán os procedementos pertinentes nun prazo que deberá fixalo Consello.

Salvo que dispoñan o contrario, os convenios, unha vez adoptados pola metade de Estados membros como mínimo, entrarán en vigor para estes últimos. As medidas de aplicación dos convenios aprobaranse no seo do Consello por maioría de dous tercios das partes contratantes.

3. Cando o Consello deba adoptar un acordo por maioría cualificada, os votos dos membros ponderaranse de acordo co punto 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e, para a súa adopción, os acordos do Consello requirirán alomenos sesenta e dous votos, que representen a votación favorable de dez membros como mínimo.

4. Para as cuestións de procedemento o Consello adoptará as súas decisións por maioría dos membros que o compoñen.

Artigo K.7

1. O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas será competente, conforme as condicións que establece o presente artigo, para pronunciarse, con carácter pre-xudicial, sobre a validez e interpretación das decisións marco e das decisións sobre a interpretación de convenios acordados de conformidade co presente título e sobre a validez e interpretación das medidas de aplicación.

2. Mediante unha declaración realizada no momento de asinalo Tratado de Amsterdam ou en calquera momento posterior, calquera Estado membro poderá acepta-la competencia do Tribunal de Xustiza para pronunciarse, con carácter pre-xudicial, tal como se especifica no punto 1.

3. Os Estados membros que formulen unha declaración conforme o número 2 deberán especificar:

a) ou ben que calquera órgano xurisdiccional do dito Estado as decisións do cal non sexan susceptibles de ulterior recurso xudicial de Dereito interno lle poida pedir ó Tribunal de Xustiza que se pronuncie, con carácter pre-xudicial, sobre unha

cuestión formulada nun asunto pendente ante o dito órgano xurisdiccional, relativa á validez ou á interpretación dun acto dos previstos no número 1, se o devandito órgano xurisdiccional estima necesaria unha decisión ó respecto para poder emitila súa decisión,

b) ou ben que calquera órgano xurisdiccional do dito Estado lle poida solicitar ó Tribunal de Xustiza que se pronuncie, con carácter pre-xudicial, sobre unha cuestión formulada nun asunto pendente ante o dito órgano xurisdiccional, relativa á validez ou á interpretación dun acto dos previstos no número 1, se o devandito órgano xurisdiccional estima necesaria unha decisión ó respecto para poder emitila súa decisión.

4. Calquera Estado membro, realizase ou non unha declaración conforme o número 2, estará facultado para presentar memorias ou observacións por escrito ante o Tribunal de Xustiza en asuntos dos previstos no punto 1.

5. O Tribunal de Xustiza non será competente para controla-la validez ou proporcionalidade de operacións efectuadas pola policía ou outros servizos con funcións coercitivas dun Estado membro, nin sobre o exercicio das responsabilidades que lles incumben ós Estados membros respecto ó mantemento da orde pública e salvagarda da seguridade interior.

6. O Tribunal de Xustiza será competente para controla-la legalidade das decisións marco e das decisións en relación cos recursos interpostos por un Estado membro ou a Comisión por incompetencia, vicios substanciais de forma, violación do presente tratado ou de calquera norma xurídica relativa á súa execución, ou desviación de poder. Os recursos previstos no presente número deberán interpoñerse no prazo de dous meses a partir da publicación da medida.

7. O Tribunal de Xustiza será competente para pronunciarse sobre calquera litixio entre Estados membros relativo á interpretación ou aplicación de actos adoptados de conformidade co número 2 do artigo K.6, sempre que tal litixio non poida ser resolto polo Consello no prazo de seis meses a partir da súa remisión ó Consello por un dos seus membros. O Tribunal será tamén competente para pronunciarse sobre calquera litixio entre os Estados membros e a Comisión relativo á interpretación ou á aplicación de convenios subscritos de acordo coa letra d) do número 2 do artigo K.6.

Artigo K.8

1. Crearase un comité de coordinación composto por altos funcionarios. Ademais da súa función de coordinación, o citado comité terá como misión:

- formular dictames dirixidos ó Consello, por petición deste ou por iniciativa propia;
- contribuír, sen prexuízo do disposto no artigo 151 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, á preparación dos traballos do Consello nas materias a que se refire o artigo K.1.

2. A Comisión estará plenamente asociada ós traballos nas materias recollidas no presente título.

Artigo K.9

Nas organizacións internacionais e nas conferencias internacionais nas que participen, os Estados membros sosterrán as posicións comúns adoptadas en aplicación do disposto no presente título.

Os artigos J.8 e J.9 aplicaranse, coas adaptacións pertinentes, ás materias incluídas no presente título.

Artigo K.10

Os acordos a que se refire o artigo J.14 poderán tratar sobre materias incluídas no presente título.

Artigo K.11

1. O Consello consultará co Parlamento Europeo antes de adoptar calquera medida mencionada nas letras b), c) e d) do punto 2 do artigo K.6. O Parlamento Europeo emitirá o seu dictame dentro dun prazo que poderá fixa-lo Consello e que non será inferior a tres meses. En ausencia de dictame dentro dese prazo, o Consello poderá actuar.

2. A Presidencia e maila Comisión informarán regularmente ó Parlamento Europeo sobre os traballos en curso nas materias a que se refire o presente título.

3. O Parlamento Europeo poderalle formular preguntas ou recomendacións ó Consello. O Parlamento Europeo procederá cada ano a un debate sobre os progresos realizados nas materias a que se refire o presente título.

Artigo K.12

1. Con suxeición ó disposto nos artigos K.15 e K.16 poderá autorizarse os Estados membros que desexen establecer entre eles unha cooperación reforzada a que fagan uso das institucións, procedementos e mecanismos establecidos polos tratados, sempre que a cooperación proposta:

a) respecte as competencias da Comunidade Europea e os obxectivos establecidos no presente título;

b) teña por obxecto permitirlle á Unión unha evolución máis rápida cara a un espazo de liberdade, de seguridade e de xustiza.

2. O Consello concederá por maioría cualificada a autorización a que se refire o punto 1 por petición dos Estados membros interesados, logo de invitación á Comisión a que presente o seu dictame; a solicitude remitirase tamén ó Parlamento Europeo.

Se un membro do Consello declara que, por motivos importantes e explícitos de política nacional, ten a intención de se opoñer á concesión dunha autorización por maioría cualificada, non se procederá á votación. O Consello, por maioría cualificada, poderá pedir que o asunto se remita ó Consello Europeo para que decida ó respecto por unanimidade.

Os votos dos membros do Consello ponderaranse de acordo co número 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. Para a súa adopción, as decisións requirirán alomenos sesenta e dous votos, que representen a votación favorable de dez membros como mínimo.

3. Todo Estado membro que desexe participar na cooperación creada de acordo co presente artigo notificaralle a súa intención ó Consello e maila Comisión, a cal lle transmitirá ó Consello, nun prazo de tres meses a partir da recepción da notificación, un dictame que poderá ir acompañado dunha recomendación acerca das disposicións concretas que se consideren necesarias para a participación dese Estado membro na cooperación de que se trate. Nun prazo de catro meses a partir da data da dita notificación, o Consello decidirá sobre a solicitude e sobre as disposicións concretas

que considere necesarias. A decisión considerarase adoptada salvo que o Consello decida, por maioría cualificada, mantela en suspenso; en tal caso, o Consello motivará a súa decisión e establecerá un prazo para a súa revisión. Para os efectos do presente número, o Consello adoptará as súas decisións de acordo coas condicións establecidas no artigo K.16.

4. As disposicións dos artigos K.1 a K.13 serán aplicables á cooperación reforzada prevista no presente artigo, salvo que se dispoña outra cosa no presente artigo e nos artigos K.15 e K.16.

As disposicións do Tratado constitutivo da Comunidade Europea relativas ás competencias do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e ó seu exercicio serán aplicables ós números 1, 2 e 3.

5. O disposto no presente artigo entenderase sen prexuízo das disposicións do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

Artigo K.13

1. Os artigos 137, 138, 138 E, 139 a 142, 146, 147, o punto 3 do artigo 148 e os artigos 150 a 153, 157 a 163, 191 A e 217 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea serán de aplicación ás disposicións relativas ás materias a que se refire o presente título.

2. Os gastos administrativos que as disposicións relativas ás materias a que se refire o presente título lles ocasionen ás institucións correrán a cargo do orzamento das Comunidades Europeas.

3. Os gastos operativos derivados da aplicación das ditas disposicións tamén correrán a cargo do orzamento das Comunidades Europeas, excepto cando o Consello decida outra cosa por unanimidade. Cando os gastos non corran a cargo do orzamento das Comunidades Europeas, correrán a cargo dos Estados membros de acordo cunha clave de reparto baseada no produto nacional bruto, a menos que o Consello decida outra cousa por unanimidade.

4. O procedemento orzamentario establecido no Tratado constitutivo da Comunidade Europea aplicarase ós gastos que corran a cargo do orzamento das Comunidades Europeas.

Artigo K.14

O Consello poderá decidir por unanimidade, por iniciativa da Comisión ou dun Estado membro, logo de consulta ó Parlamento Europeo, que as accións nos ámbitos previstos no artigo K.1 queden incluídas no título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, determinando as condicións de votación que correspondan. O Consello recomendará a adopción desta decisión por parte dos Estados membros de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.»

12) Insírese o novo título seguinte:

«TÍTULO VI BIS

Disposicións sobre unha cooperación reforzada

Artigo K.15

1. Os Estados membros que se propoñan establecer entre si unha cooperación reforzada poderán facer uso das institucións, procedementos e mecanismos establecidos no presente tratado e no Tra-

tado constitutivo da Comunidade Europea sempre que esa cooperación:

- a) pretenda impulsar os obxectivos da Unión, así como protexer e servi-los seus intereses;
- b) respecte os principios contidos nos devanditos tratados e o marco institucional único da Unión;
- c) se utilice só como último recurso cando non se puidesen acadar os obxectivos dos ditos tratados por medio dos procedementos pertinentes establecidos neles;
- d) implique alomenos a unha maioría de Estados membros;
- e) non afecte o acervo comunitario nin as medidas adoptadas sobre a base das demais disposicións dos devanditos tratados;
- f) non afecte as competencias, dereitos, obrigas e intereses dos Estados membros que non participen nela;
- g) estea aberta a tódolos Estados membros e lles permita participar nela en calquera momento, sempre que acaten a decisión de base e as decisións tomadas neste contexto;
- h) cumpra os criterios adicionais específicos previstos no artigo 5 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e no artigo K.12 do presente tratado, segundo o ámbito de que se trate, e estea autorizada polo Consello conforme os procedementos neles establecidos.

2. Os Estados membros aplicarán, na medida en que lles corresponda, os actos e decisións adoptados para levar a cabo a cooperación na que participen. Os Estados membros que non participen na citada cooperación non impedirán a súa aplicación por parte dos Estados membros que participen nela.

Artigo K.16

1. Para efectos da adopción dos actos e decisións necesarios para o desenvolvemento da cooperación a que se refire o artigo K.15, serán de aplicación as disposicións institucionais pertinentes do presente tratado e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. Non embargante, se ben tódolos membros do Consello poderán participar nas deliberacións, só aqueles que representen ós Estados membros participantes na devandita cooperación tomarán parte na adopción de decisións. A maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos cá establecida no punto 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. A unanimidade quedará constituída unicamente polos membros do Consello concernidos pola cooperación.

2. Os gastos resultantes da aplicación da cooperación que non sexan os gastos administrativos ocasionados ás institucións correrán a cargo dos Estados membros participantes, salvo que o Consello decida outra cousa por unanimidade.

Artigo K.17

O Consello e maila Comisión informarán periodicamente o Parlamento Europeo do desenvolvemento da cooperación reforzada establecida sobre a base do presente título.»

13) O artigo L substitúese polo texto seguinte:

«Artigo L

As disposicións do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica relativas á competencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e ó exercicio da devandita competencia só serán aplicables ás seguintes disposicións do presente tratado:

- a) disposicións polas que se modifica o Tratado constitutivo da Comunidade Económica Europea co fin de constituí-la Comunidade Europea, o Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica;
- b) disposicións do título VI, nas condicións establecidas no artigo K.7;
- c) as disposicións do título VI bis, nas condicións establecidas no artigo 5 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e no artigo K.12 do presente tratado;
- d) número 2 do artigo F con respecto á actuación das institucións, na medida en que o Tribunal de Xustiza sexa competente de acordo cos Tratados constitutivos das Comunidades Europeas e co presente tratado;
- e) artigos L a S.»

14) No artigo N suprímese o número 2 e o número 1 perde a numeración.

15) O parágrafo primeiro do artigo O substitúese polo texto seguinte:

«Calquera Estado europeo que respecte os principios enunciados no número 1 do artigo F poderá solicita-lo ingreso como membro na Unión. Dirixirá a súa solicitude ó Consello, que se pronunciará por unanimidade despois de consulta-la Comisión e de dictame conforme do Parlamento Europeo, o cal se pronunciará por maioría absoluta dos membros que o compoñen.»

16) No artigo S engádesse un parágrafo novo que reza así:

«En virtude do Tratado de adhesión de 1994, son igualmente auténticas as versións do presente tratado en linguas finesa e sueca.»

Artigo 2.

O Tratado constitutivo da Comunidade Europea queda modificado de conformidade co disposto no presente artigo.

1) No preámbulo engádesse o seguinte considerando despois do considerando oitavo:

«DECIDIDOS a promoveren o desenvolvemento dun nivel de coñecemento o máis elevado posible para os seus pobos mediante un amplo acceso á educación e mediante a súa continua actualización.»

2) O artigo 2 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 2

A Comunidade terá por misión promover, mediante o establecemento dun mercado común e dunha unión económica e monetaria e mediante a realización das políticas ou accións comúns pre-

vistas nos artigos 3 e 3 A, un desenvolvemento harmonioso, equilibrado e sostible das actividades económicas no conxunto da Comunidade, un alto nivel de emprego e de protección social, a igualdade entre o home e a muller, un crecemento sostible e non inflacionista, un alto grao de competitividade e de converxencia dos resultados económicos, un alto nivel de protección e de mellora da calidade do medio, a elevación do nivel e da calidade de vida, a cohesión económica e social e a solidariedade entre os Estados membros.»

3) O artigo 3 modifícase da seguinte forma:

a) o texto actual numérase e pasa a se-lo número 1;
b) no novo número 1, a letra d) substitúese polo texto seguinte:

«d) medidas relativas á entrada e circulación de persoas, conforme as disposicións do título III bis»;

c) no novo número 1 insírese a seguinte nova letra i) despois da letra h):

«i) o fomento da coordinación entre as políticas en materia de emprego dos Estados membros, con vistas a aumentala súa eficacia mediante o desenvolvemento dunha estratexia coordinada para o emprego;»;

d) no novo número 1, a actual letra i) pasa a ser letra j) e as letras seguintes numéranse consecuentemente;

e) engádese o número seguinte:

«2. En tódalas actividades previstas no presente artigo, a Comunidade fixará o obxectivo de eliminar as desigualdades entre o home e a muller e promove-la súa igualdade.»

4) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 3 C

As esixencias da protección do medio deberán integrarse na definición e na realización das políticas e accións da Comunidade a que se refire o artigo 3, en particular con obxecto de fomentar un desenvolvemento sostible.»

5) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 5 A

1. Con suxeición ó disposto nos artigos K.15 e K.16 do Tratado da Unión Europea, poderá autorizarse os Estados membros que desexen establecer entre si unha cooperación reforzada a que fagan uso das institucións, procedementos e mecanismos establecidos polo presente tratado, sempre que a cooperación proposta:

a) non se refira a ámbitos que sexan de exclusiva competencia da Comunidade;

b) non afecte as políticas, accións ou programas comunitarios;

c) non se refira á cidadanía da Unión nin estableza unha discriminación entre nacionais dos Estados membros;

d) permaneza dentro dos límites das competencias atribuídas á Comunidade polo presente tratado; e

e) non constitúa unha discriminación nin unha restricción do comercio entre os Estados membros e non falsee as condicións de competencia entre eles.

2. O Consello concederá a autorización recollida no punto 1 pronunciándose por maioría cualificada, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo.

Se un membro do Consello declara que, por motivos importantes e explícitos de política nacional, ten a intención de se opoñer á concesión dunha autorización por maioría cualificada, non se procederá á votación. O Consello, por maioría cualificada, poderá pedir que o asunto se remita ó Consello, na súa composición de xefes de estado ou de goberno, para que decida ó respecto por unanimidade.

Os Estados membros que se propoñan establecer unha cooperación reforzada tal como se prevé no número 1 poderán dirixir unha solicitude á Comisión, que poderá presentar unha proposta ó Consello con tal fin. En caso de que a Comisión non presente ningunha proposta, informará os Estados membros concernidos acerca dos motivos desta decisión.

3. Todo Estado membro que desexe participar na cooperación creada de acordo co presente artigo notificaralle a súa intención ó Consello e á Comisión, a cal lle transmitirá ó Consello un dictame nun prazo de tres meses a partir da recepción da notificación. Nun prazo de catro meses a partir da data da dita notificación, a Comisión decidirá sobre ela e sobre as disposicións concretas que considere necesarias.

4. Os actos e decisións necesarios para o desenvolvemento das accións de cooperación deberán axustarse a tódalas disposicións pertinentes do presente tratado, sempre que non se dispoña outra cousa no presente artigo e nos artigos K.15 e K.16 do Tratado da Unión Europea.

5. O presente artigo enténdese sen prexuízo do disposto no Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.»

6) No artigo 6, o parágrafo segundo substitúese polo texto seguinte:

«O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B, poderá establecer a regulación necesaria para prohibir as devanditas discriminacións.»

7) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 6 A

Sen prexuízo das demais disposicións do presente tratado e dentro dos límites das competencias atribuídas á Comunidade por el, o Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo, poderá adoptar medidas adecuadas para loitar contra a discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.»

8) Insírese o artigo seguinte ó final da primeira parte:

«Artigo 7 D

Sen prexuízo dos artigos 77, 90 e 92, e á vista do lugar que os servizos de interese económico xeral ocupan entre os valores comúns da Unión, así como do seu papel na promoción da cohesión social e territorial, a Comunidade e os Estados membros, conforme as súas competencias respectivas e no ámbito de aplicación do presente tratado, vela-

rán por que os ditos servicios actúen conforme a principios e condicións que lles permitan cumprilo seu cometido.»

9) O punto 1 do artigo 8 substitúese polo texto seguinte:

«1. Créase unha cidadanía da Unión. Será cidadán da Unión toda persoa que teña a nacionalidade dun Estado membro. A cidadanía da Unión será complementaria e non substitutiva da cidadanía nacional.»

10) O número 2 do artigo 8 A substitúese polo texto seguinte:

«2. O Consello poderá adoptar disposicións destinadas a facilita-lo exercicio dos dereitos recollidos no número 1. Agás disposición en contrario do presente tratado, decidirá conforme o procedemento previsto no artigo 189 B. O Consello pronunciarase por unanimidade durante todo este procedemento.»

11) No artigo 8 D engádese o seguinte parágrafo:

«Todo cidadán da Unión poderá dirixirse por escrito a calquera das institucións ou organismos recollidos no presente artigo ou no artigo 4 nunha das linguas mencionadas no artigo 248 e recibir unha contestación nesa mesma lingua.»

12) O artigo 51 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 51

O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B, adoptará, en materia de seguridade social, as medidas necesarias para o establecemento da libre circulación dos traballadores, creando, en especial, un sistema que permita garantir-lles ós traballadores migrantes e ós seus habentes dereito:

a) a acumulación de tódolos períodos tomados en consideración polas distintas lexislacións nacionais para adquirir e conserva-lo dereito ás prestacións sociais, así como para o cálculo destas;

b) o pagamento das prestacións ás persoas que residan nos territorios dos Estados membros.

O Consello pronunciarase por unanimidade durante todo o procedemento previsto no artigo 189 B.»

13) O punto 2 do artigo 56 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B, adoptará directivas para a coordinación das mencionadas disposicións.»

14) O número 2 do artigo 57 substitúese polo texto seguinte:

«2. Co mesmo fin, o Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B, adoptará directivas para a coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ó acceso e exercicio das actividades non asalariadas. Será necesaria a unanimidade durante todo o procedemento previsto no artigo 189 B para aquelas directivas a execución das cales nun Estado membro alomenos implique

unha modificación dos principios legais vixentes relativos ó réxime das profesións no que se refire á formación e ás condicións de acceso a elas das persoas físicas. Nos demais casos, o Consello decidirá por maioría cualificada.»

15) Insírese o título seguinte na terceira parte:

«TÍTULO III BIS

Visados, asilo, inmigración e outras políticas relacionadas coa libre circulación de persoas

Artigo 73 I

Co fin de establecer progresivamente un espazo de liberdade, de seguridade e de xustiza, o Consello adoptará:

a) nun prazo de cinco anos a partir da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, medidas destinadas a garanti-la libre circulación de persoas de conformidade co artigo 7 A, conxuntamente coas medidas de acompañamento directamente vinculadas con aquelas e relativas ós controis nas fronteiras exteriores, o asilo e a inmigración, de conformidade co disposto nos puntos 2 e 3 do artigo 73 J, na letra a) do punto 1 e na letra a) do punto 2 do artigo 73 K, así como medidas para previr e loitar contra a delincuencia de conformidade co disposto na letra e) do artigo K.3 do Tratado da Unión Europea;

b) outras medidas nos ámbitos do asilo, a inmigración e a protección dos dereitos dos nacionais de países terceiros, de conformidade co disposto no artigo 73 K;

c) medidas no ámbito da cooperación xudicial en materia civil, de conformidade co artigo 73 M;

d) medidas adecuadas para fomentar e intensifica-la cooperación administrativa, de conformidade co artigo 73 N;

e) medidas no ámbito da cooperación policial e xudicial en materia penal destinadas a garantir un alto grao de seguridade mediante a prevención e a loita contra a delincuencia dentro da Unión, de conformidade co disposto no Tratado da Unión Europea.

Artigo 73 J

O Consello, conforme o procedemento establecido no artigo 73 O, adoptará, no prazo de cinco anos a partir da data de entrada en vigor do Tratado de Amsterdam:

1) medidas orientadas a garantir, de conformidade co artigo 7 A, a ausencia de controis sobre as persoas no cruzamento das fronteiras interiores, tanto dos cidadáns da Unión como dos nacionais de países terceiros;

2) medidas sobre o cruzamento das fronteiras exteriores dos Estados membros nas que se establezan:

a) as normas e os procedementos que deben aplica-los Estados membros para a realización de controis sobre as persoas nas devanditas fronteiras;

b) as normas sobre visados aplicables ás estancias dunha duración que non supere os tres meses, que incluírán:

i) a lista dos países terceiros en que os nacionais teñan a obriga de seren titulares de visado para cruzaren unha fronteira exterior, e daqueles en que os nacionais estean exentos desa obriga;

- ii) os procedementos e as condicións para a expedición de visados polos Estados membros;
- iii) un modelo uniforme de visado;
- iv) normas para un visado uniforme;

3) medidas que establezan as condicións nas que os nacionais de países terceiros poidan viaxar libremente no territorio dos Estados membros durante un período que non sexa superior a tres meses.

Artigo 73 K

O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 73 O, adoptará, no prazo de cinco anos a partir da data de entrada en vigor do Tratado de Amsterdam,

1) medidas en materia de asilo, de acordo coa Convención de Xenebra do 28 de xullo de 1951, e co Protocolo do 31 de xaneiro de 1967 sobre o estatuto dos refuxiados e con outros tratados pertinentes, nos seguintes ámbitos:

a) criterios e mecanismos para determinar o Estado membro que asume a responsabilidade de examinar unha solicitude de asilo presentada nun dos Estados membros por un nacional dun país terceiro,

b) normas mínimas para a acollida dos solicitantes de asilo nos Estados membros,

c) normas mínimas para a concesión do estatuto de refuxiado a nacionais de países terceiros,

d) normas mínimas para os procedementos que deben aplicar os Estados membros para conceder ou retirar o estatuto de refuxiado;

2) medidas relativas ós refuxiados e ás persoas desprazadas, nos seguintes ámbitos:

a) normas mínimas para conceder protección temporal ás persoas desprazadas procedentes de países terceiros que non poden volver ó seu país de orixe e para as persoas que por outro motivo necesitan protección internacional,

b) fomento dun esforzo equitativo entre os Estados membros na acollida de refuxiados e de persoas desprazadas e na asunción das consecuencias desa acollida;

3) medidas sobre política de inmigración nos seguintes ámbitos:

a) condicións de entrada e de residencia, e normas sobre procedementos de expedición polos Estados membros de visados de longa duración e de permisos de residencia, incluídos os destinados á reagrupación familiar,

b) a inmigración e a residencia ilegais, incluída a repatriación de residentes ilegais;

4) medidas que definan os dereitos e as condicións conforme os cales os nacionais de países terceiros que residan legalmente nun Estado membro poden residir noutros Estados membros.

As medidas adoptadas polo Consello en virtude dos puntos 3 e 4 non lle impedirán a calquera Estado membro manter ou introducir nos ámbitos de que se trate disposicións nacionais que sexan compatibles co presente tratado e cos acordos internacionais.

As medidas que deban adoptarse conforme a letra b) do punto 2, a letra a) do punto 3 e o punto 4 non estarán sometidas ó prazo de cinco anos mencionado.

Artigo 73 L

1. O presente título entenderase sen prexuízo do exercicio das responsabilidades que lles incumben ós Estados membros en materia de mantemento da orde pública e salvagarda da seguridade interior.

2. No caso de que un ou máis Estados membros se enfronten a unha situación de emerxencia caracterizada pola chegada repentina de nacionais de países terceiros, e sen prexuízo do número 1, o Consello poderá adoptar, por maioría cualificada e por proposta da Comisión, medidas provisionais por un período máximo de seis meses en beneficio dos Estados membros afectados.

Artigo 73 M

As medidas no ámbito da cooperación xudicial en materia civil con repercusión transfronteiriza que se adopten de conformidade co disposto no artigo 73 O e na medida necesaria para o correcto funcionamento do mercado interior incluírán:

a) mellorar e simplificar:

— o sistema de notificación ou traslado transfronteirizo de documentos xudiciais e extraxudiciais;

— a cooperación na obtención de probas;

— o recoñecemento e a execución de resolucións en asuntos civís e mercantís, incluídos os extraxudiciais;

b) fomentar a compatibilidade das normas aplicables nos Estados membros sobre conflitos de leis e de xurisdicción;

c) eliminar obstáculos para o bo funcionamento dos procedementos civís fomentando, se for necesario, a compatibilidade das normas de procedemento civil aplicables nos Estados membros.

Artigo 73 N

O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 73 O, tomará as medidas necesarias para garantir a cooperación entre os servizos pertinentes das administracións dos Estados membros nos ámbitos previstos no presente título, así como entre os devanditos servizos e a Comisión.

Artigo 73 O

1. Durante un período transitorio de cinco anos a partir da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o Consello adoptará as súas decisións por unanimidade, por proposta da Comisión ou por iniciativa dun Estado membro e logo de consulta ó Parlamento Europeo.

2. Tralo devandito período de cinco anos:

— o Consello decidirá por proposta da Comisión; esta estudiará calquera petición que lle faga un Estado membro para que presente unha proposta ó Consello;

— o Consello, por unanimidade e logo de consulta ó Parlamento Europeo, adoptará unha decisión con vistas a que todos ou parte dos ámbitos cubertos polo presente título se rexan polo procedemento previsto no artigo 189 B e a adapta-las disposicións relativas ás competencias do Tribunal de Xustiza.

3. Como excepción ó disposto nos números 1 e 2, a partir da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o Consello, por maioría cualificada, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Par-

lamento Europeo, adoptará as medidas mencionadas nos incisos i) e iii) da letra b) do punto 2 do artigo 73 J;

4. Como excepción ó disposto no punto 2, transcorrido un período de cinco anos a partir da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B, adoptará as medidas mencionadas nos incisos ii) e iv) da letra b) do punto 2 do artigo 73 J.

Artigo 73 P

1. O artigo 177 será de aplicación ó presente título nas seguintes circunstancias e condicións: cando unha cuestión sobre a interpretación do presente título ou sobre a validez ou a interpretación de actos das institucións comunitarias baseados no presente título se suscite nun asunto pendente ante un órgano xurisdiccional nacional, as decisións do cal non sexan susceptibles de ulterior recurso xudicial de Dereito interno, o devandito órgano pediralle ó Tribunal de Xustiza que se pronuncie sobre ela, se estima necesaria unha decisión ó respecto para poder emitila súa decisión.

2. O Tribunal de Xustiza non terá en ningún caso competencia ningunha sobre as medidas ou decisións adoptadas conforme o punto 1 do artigo 73 J relativas ó mantemento da orde pública e á salvagarda da seguridade interior.

3. O Consello, a Comisión ou un Estado membro poderanlle solicitar ó Tribunal de Xustiza que se pronuncie sobre unha cuestión de interpretación do presente título ou de actos das institucións comunitarias baseadas no presente título. A decisión emitida polo Tribunal de Xustiza en resposta a tal petición non se aplicará a sentencias de órganos xurisdiccionais dos Estados membros que teñan forza de cousa xulgada.

Artigo 73 Q

A aplicación do presente título quedará sometida ó disposto no Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda así como ó Protocolo sobre a posición de Dinamarca, e entenderase sen prexuízo do Protocolo sobre a aplicación de determinados aspectos do artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea ó Reino Unido e a Irlanda.»

16) No punto 1 do artigo 75, a parte introductoria substitúese polo texto seguinte:

«1. Para a aplicación do artigo 74, e tendo en conta as peculiaridades do sector dos transportes, o Consello, de acordo co procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, establecerá:».

17) Os números 3, 4 e 5 do artigo 100 A substitúense polos números seguintes:

«3. A Comisión, nas súas propostas previstas no número 1 referentes á aproximación das lexislacións en materia de saúde, seguridade, protección do medio e protección dos consumidores, basearase nun nivel de protección elevado, tendo en conta especialmente calquera novidade baseada en feitos científicos. No marco das súas respectivas competencias, o Parlamento Europeo e o Consello procurarán tamén alcanzar ese obxectivo.

4. Se, trala adopción polo Consello ou pola Comisión dunha medida de harmonización, un Estado membro estimase necesario manter disposicións nacionais, xustificadas por algunha das

razóns importantes previstas no artigo 36 ou relacionadas coa protección do medio de traballo ou do medio ambiente, o dito Estado membro notificaralle á Comisión tales disposicións así como os motivos do seu mantemento.

5. Así mesmo, sen prexuízo do punto 4, se trala adopción dunha medida de harmonización polo Consello ou a Comisión, un Estado membro estimase necesario establecer novas disposicións nacionais baseadas en novidades científicas relativas á protección do medio de traballo ou do medio ambiente e xustificadas por un problema específico do dito Estado membro xurdido con posterioridade á adopción da medida de harmonización, notificaralle á Comisión as disposicións previstas así como os motivos da súa adopción.

6. A Comisión aprobará ou rexeitará, nun prazo de seis meses a partir das notificacións a que se refiren os números 4 e 5, as disposicións nacionais mencionadas, despois de comprobar se se trata ou non dun medio de discriminación arbitraria ou dunha restricción encuberta do comercio entre Estados membros e se constitúen ou non un obstáculo para o funcionamento do mercado interior.

Se a Comisión non se pronunciase no citado prazo, as disposicións nacionais a que se refiren os números 4 e 5 consideraranse aprobadas.

Cando estea xustificado pola complexidade do asunto e non haxa riscos para a saúde humana, a Comisión poderalle notificar ó Estado membro afectado que o prazo mencionado neste número se amplía por un período adicional de ata seis meses.

7. Cando, de conformidade co número 6, se autorice un Estado membro a manter ou establecer disposicións nacionais que se aparten dunha medida de harmonización, a Comisión estudiará inmediatamente a posibilidade de propoñer unha adaptación á devandita medida.

8. Cando un Estado membro formule un problema concreto relacionado coa saúde pública nun ámbito que fose obxecto de medidas de harmonización previas, deberá informar diso á Comisión, a cal examinará inmediatamente a conveniencia de lle propoñer ó Consello as medidas adecuadas.

9. Como excepción ó procedemento previsto nos artigos 169 e 170, a Comisión e calquera Estado membro poderá recorrer directamente ó Tribunal de Xustiza se considera que outro Estado membro abusa das facultades previstas no presente artigo.

10. As medidas de harmonización anteriormente mencionadas incluírán, nos casos apropiados, unha cláusula de salvagarda que autorice os Estados membros a adoptaren, por un ou varios dos motivos non económicos indicados no artigo 36, medidas provisionais sometidas a un procedemento comunitario de control.»

18) Quedan derogados os artigos 100 C e 100 D.
19) Insírese o título seguinte despois do título VI:

«TÍTULO VI BIS

Emprego

Artigo 109 N

Os Estados membros e a Comunidade esforzaranse, de conformidade co presente título, por desenvolveren unha estratexia coordinada para o emprego, en particular para potenciar unha man

de obra cualificada, formada e adaptable, e mercados laborais con capacidade de resposta ó cambio económico, con vistas a logralos obxectivos definidos no artigo B do Tratado da Unión Europea e no artigo 2 do presente tratado.

Artigo 109 O

1. Os Estados membros, mediante as súas políticas de emprego, contribuirán ó logro dos obxectivos recollidos no artigo 109 N, de forma compatible coas orientacións xerais das políticas económicas dos Estados membros e da Comunidade adoptadas conforme o punto 2 do artigo 103.

2. Tendo en conta as prácticas nacionais relativas ás responsabilidades dos interlocutores sociais, os Estados membros considerarán o fomento do emprego como un asunto de interese común e coordinarán as súas actuacións ó respecto no seo do Consello, de conformidade co disposto no artigo 109 Q.

Artigo 109 P

1. A Comunidade contribuirá a un alto nivel de emprego mediante o fomento da cooperación entre os Estados membros, así como apoiando e, en caso necesario, complementando as súas respectivas actuacións. Ó facéreno, respectaranse as competencias dos Estados membros.

2. Ó formular e aplica-las políticas e medidas comunitarias deberá terse en conta o obxectivo dun alto nivel de emprego.

Artigo 109 Q

1. O Consello Europeo examinará anualmente a situación do emprego na Comunidade e adoptará conclusións ó respecto, baseándose nun informe conxunto anual elaborado polo Consello e maila Comisión.

2. Baseándose nas conclusións do Consello Europeo, o Consello, por maioría cualificada e por proposta da Comisión, logo de consulta ó Parlamento Europeo, ó Comité Económico e Social, ó Comité das Rexións e ó Comité de Emprego previsto no artigo 109 S, elaborará anualmente orientacións que os Estados membros terán en conta nas súas respectivas políticas de emprego. Tales orientacións serán compatibles coas orientacións xerais adoptadas conforme o disposto no punto 2 do artigo 103.

3. Cada Estado membro facilitaralles ó Consello e mais á Comisión un informe anual sobre as principais medidas adoptadas para aplica-la súa política de emprego, á vista das orientacións referentes ó emprego recollidas no número 2.

4. O Consello, baseándose nos informes a que se refire o número 3 e tras recibi-las opinións do Comité de Emprego, efectuará anualmente un exame da aplicación das políticas de emprego dos Estados membros á vista das orientacións referentes ó emprego. O Consello, por maioría cualificada e sobre a base dunha recomendación da Comisión, poderá formular recomendacións ós Estados membros, se o considera pertinente á vista do citado exame.

5. Sobre a base do resultado do devandito exame, o Consello e maila Comisión prepararán un informe anual conxunto para o Consello Europeo sobre a situación do emprego na Comunidade e sobre a aplicación das orientacións para o emprego.

Artigo 109 R

O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, poderá adoptar medidas de fomento para alenta-la cooperación entre os Estados membros e apoia-la actuación destes últimos no ámbito do emprego, a través de iniciativas destinadas a desenvolverlos intercambios de información e boas prácticas, facilitar análises comparativas e asesoramento, promover fórmulas innovadoras e avaliar experiencias, en particular recorrendo a proxectos piloto.

Estas medidas non incluírán harmonización ningunha das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

Artigo 109 S

O Consello, logo de consulta ó Parlamento Europeo, creará un Comité de Emprego de carácter consultivo para fomenta-la coordinación entre os Estados membros en materia de políticas de emprego e do mercado laboral. As tarefas do dito Comité serán as seguintes:

— supervisa-la situación do emprego e as políticas en materia de emprego dos Estados membros e da Comunidade;

— elaborar, sen prexuízo do disposto no artigo 151, dictames por petición do Consello, da Comisión ou por propia iniciativa, e contribuír á preparación das medidas do Consello ás que se refire o artigo 109 Q.

Para levar a cabo o seu mandato, o Comité deberá consultar cos interlocutores sociais.

Cado un dos Estados membros e a Comisión designarán dous membros do Comité.»

20) No artigo 113 engádese o seguinte punto:

«5. O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo, poderá amplía-la aplicación dos números 1 a 4 ás negociacións e acordos internacionais sobre servicios e propiedade intelectual na medida en que non estean cubertos polos citados números.»

21) Insírese o título seguinte despois do título VII:

«TÍTULO VII BIS

Cooperación alfandegueira

Artigo 116

Dentro do ámbito de aplicación do presente tratado, o Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B, adoptará medidas destinadas a fortalece-la cooperación alfandegueira entre os Estados membros e entre estes e a Comisión. Tales medidas non se referirán á aplicación da lexislación penal nacional nin á administración nacional de xustiza.»

22) Os artigos 117 a 120 substitúense polos artigos seguintes:

«Artigo 117

A Comunidade e mailos Estados membros, tendo presentes dereitos sociais fundamentais coma os que se indican na Carta Social Europea, asinada en Turín o 18 de outubro de 1961, e na Carta comunitaria dos dereitos sociais fundamentais dos

traballadores, de 1989, terán como obxectivo o fomento do emprego, a mellora das condicións de vida e de traballo, co fin de conseguila súa equiparación pola vía do progreso, unha protección social adecuada, o diálogo social, o desenvolvemento dos recursos humanos para conseguir un nivel de emprego elevado e duradeiro e a loita contra as exclusións.

Con tal fin, a Comunidade e mailos Estados membros emprenderán accións nas que se teña en conta a diversidade das prácticas nacionais, en particular no ámbito das relacións contractuais, así como a necesidade de mante-la competitividade da economía da Comunidade.

Consideran que esta evolución resultará tanto do funcionamento do mercado común, que favorecerá a harmonización dos sistemas sociais, coma dos procedementos previstos no presente tratado e da aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas.

Artigo 118

1. Para a consecución dos obxectivos do artigo 117, a Comunidade apoiará e completará a acción dos Estados membros nos seguintes ámbitos:

- a mellora, en concreto, do medio de traballo, para protexe-la saúde e a seguridade dos traballadores;
- as condicións de traballo;
- a información e a consulta ós traballadores;
- a integración das persoas excluídas do mercado laboral, sen prexuízo das disposicións do artigo 127;
- a igualdade entre homes e mulleres polo que respecta ás oportunidades no mercado laboral e ó trato no traballo.

2. Con tal fin, o Consello poderá adoptar, mediante directivas, as disposicións mínimas que deberán aplicarse progresivamente, tendo en conta as condicións e regulamentacións técnicas existentes en cada un dos Estados membros. Tales directivas evitarán establecer pexas de carácter administrativo, financeiro e xurídico que obstaculicen a creación e o desenvolvemento de pequenas e medianas empresas.

O Consello decidirá conforme o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións.

O Consello, seguindo o mesmo procedemento, poderá adoptar medidas destinadas a fomentar a cooperación entre os Estados membros mediante iniciativas para mellora-lo coñecemento, desenvolve-lo intercambio de información e de boas prácticas, e promover fórmulas innovadoras e experiencias de avaliación co fin de loitar contra a exclusión social.

3. Sen embargo, o Consello decidirá por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo, ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, nos seguintes ámbitos:

- seguridade social e protección social dos traballadores;
- protección dos traballadores en caso de rescisión do contrato laboral;
- representación e defensa colectiva dos intereses dos traballadores e dos empresarios, incluída a coexistión, sen prexuízo do disposto no punto 6;
- condicións de emprego dos nacionais de países terceiros que residan legalmente no territorio da Comunidade;

— contribucións financeiras dirixidas ó fomento do emprego e á creación de emprego, sen prexuízo das disposicións relativas ó Fondo Social Europeo.

4. Todo Estado membro poderalles confiar ós interlocutores sociais, por petición conxunta destes últimos, a aplicación das directivas adoptadas en virtude dos puntos 2 e 3.

En tal caso asegurárase de que, como máis tarde na data na que deba estar transposta unha directiva conforme o artigo 189, os interlocutores sociais establecesen, mediante acordo, as disposicións necesarias; o Estado membro interesado deberá tomar tódalas disposicións necesarias para poder garantir, en todo momento, os resultados fixados pola citada directiva.

5. As disposicións adoptadas en virtude do presente artigo non lles impedirán ós Estados membros manter ou introduciren medidas de protección máis estrictas compatibles co presente tratado.

6. As disposicións do presente artigo non se aplicarán ás remuneracións, ó dereito de asociación e sindicación, ó dereito de folga nin ó dereito de peche patronal.

Artigo 118 A

1. A Comisión terá como cometido fomentar a consulta ós interlocutores sociais a nivel comunitario e adoptar tódalas disposicións necesarias para facilita-lo seu diálogo, velando por que ámbalas partes reciban un apoio equilibrado.

2. Para tal efecto, antes de presentar propostas no ámbito da política social, a Comisión consultará cos interlocutores sociais sobre a posible orientación dunha acción comunitaria.

3. Se, trala devandita consulta, a Comisión estimase conveniente unha acción comunitaria, consultará cos interlocutores sociais sobre o contido da proposta prevista. Os interlocutores sociais remitiranlle á Comisión un dictame ou, se é o caso, unha recomendación.

4. Con ocasión da devandita consulta, os interlocutores sociais poderán informa-la Comisión sobre a súa vontade de iniciaren o proceso previsto no artigo 118 B. A duración do procedemento previsto no presente artigo non poderá exceder de 9 meses, salvo se os interlocutores sociais afectados decidisen prolongalo de común acordo coa Comisión.

Artigo 118 B

1. O diálogo entre interlocutores sociais no ámbito comunitario poderá conducir, se estes o desexan, ó establecemento de relacións convencionais, acordos incluídos.

2. A aplicación dos acordos subscritos a nivel comunitario realizarase, ben sexa segundo os procedementos e prácticas propios dos interlocutores sociais e dos Estados membros, ben sexa, nos ámbitos suxeitos ó artigo 118, e por petición conxunta das partes asinantes, sobre a base dunha decisión do Consello adoptada por proposta da Comisión.

O Consello decidirá por maioría cualificada, a non ser que o acordo de que se trate conteña unha ou máis disposicións relativas a algún dos ámbitos do punto 3 do artigo 118, caso no que decidirá por unanimidade.

Artigo 118 C

Co fin de alcanza-los obxectivos expostos no artigo 117, e sen prexuízo das demais disposicións do presente tratado, a Comisión fomentará a colaboración entre os Estados membros e facilitará a coordinación das súas accións nos ámbitos da política social tratados no presente capítulo, particularmente nas materias relacionadas:

- co emprego;
- co dereito do traballo e as condicións de traballo;
- coa formación e o perfeccionamento profesionais;
- coa seguridade social;
- coa protección contra os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais;
- coa hixiene do traballo;
- co dereito de sindicación e as negociacións colectivas entre empresarios e traballadores.

Con tal fin, a Comisión actuará en estreito contacto cos Estados membros, mediante estudos, dictames e a organización de consultas, tanto para os problemas que se susciten a nivel nacional como para aqueles que interesen ás organizacións internacionais.

Antes de emiti-los dictames previstos no presente artigo, a Comisión consultará co Comité Económico e Social.

Artigo 119

1. Cada Estado membro garantirá a aplicación do principio de igualdade de retribución entre traballadores e traballadoras para un mesmo traballo ou para un traballo de igual valor.

2. Enténdese por retribución, a teor do presente artigo, o salario ou soldo normal de base ou mínimo, e outras gratificacións satisfeitas, directa ou indirectamente, en diñeiro ou en especie, polo empresario ó traballador en razón da relación de traballo.

A igualdade de retribución, sen discriminación por razón de sexo, significa:

a) que a retribución establecida para un mesmo traballo remunerado por unidade de obra realizada se fixa sobre a base dunha mesma unidade de medida;

b) que a retribución establecida para un traballo remunerado por unidade de tempo é igual para un mesmo posto de traballo.

3. O Consello, conforme o procedemento establecido no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social, adoptará medidas para garantir a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato para homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, incluído o principio de igualdade de retribución para un mesmo traballo ou para un traballo de igual valor.

4. Con obxecto de garantir na práctica a plena igualdade entre homes e mulleres na vida laboral, o principio de igualdade de trato non impedirá a ningún Estado membro manter ou adoptar medidas que ofrezan vantaxes concretas destinadas a lle facilitar ó sexo menos representado o exercicio de actividades profesionais ou a evitar ou compensar desvantaxes nas súas carreiras profesionais.

Artigo 119 A

Os Estados membros procurarán mante-la equivalencia existente entre os réximes de vacacións retribuídas.

Artigo 120

A Comisión elaborará un informe anual sobre a evolución na consecución dos obxectivos do artigo 117, que incluírá a situación demográfica na Comunidade. A Comisión remitiralle o devandito informe ó Parlamento Europeo, ó Consello e ó Comité Económico e Social.

O Parlamento Europeo poderá invita-la Comisión a que elabore informes sobre problemas específicos relativos á situación social.»

23) O artigo 125 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 125

O Consello adoptará, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, as decisións de aplicación relativas ó Fondo Social Europeo.»

24) O punto 4 do artigo 127 substitúese polo texto seguinte:

«4. O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, adoptará medidas para contribuír á realización dos obxectivos establecidos no presente artigo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.»

25) O número 4 do artigo 128 substitúese polo texto seguinte:

«4. A Comunidade terá en conta os aspectos culturais na súa actuación en virtude doutras disposicións do presente tratado, en particular co fin de respectar e fomenta-la diversidade das súas culturas.»

26) O artigo 129 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 129

1. Ó se definiren e executaren tódalas políticas e accións da Comunidade garantirase un alto nivel de protección da saúde humana.

A acción da Comunidade, que complementará as políticas nacionais, orientarase a mellora-la saúde pública, previ-las enfermidades humanas e evita-las fontes de perigo para a saúde humana. A devandita acción abranguerá a loita contra as enfermidades máis graves e amplamente difundidas, apoiando a investigación da súa etioloxía, da súa transmisión e da súa prevención, así como a información e a educación sanitarias.

A Comunidade complementará a acción dos Estados membros dirixida a reduci-los danos á saúde producidos polas drogas, incluídas a información e a prevención.

2. A Comunidade fomentará a cooperación entre os Estados membros nos ámbitos recollidos no presente artigo e, no caso de ser necesario, prestará apoio á súa acción.

Os Estados membros, en colaboración coa Comisión, coordinarán entre si as súas políticas e programas respectivos nos ámbitos a que se refire o número 1. A Comisión, en estreito contacto cos

Estados membros, poderá adoptar calquera iniciativa útil para fomentar a citada coordinación.

3. A Comunidade e os Estados membros favorecerán a cooperación con países terceiros e coas organizacións internacionais competentes en materia de saúde pública.

4. O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, contribuirá á consecución dos obxectivos do presente artigo adoptando:

a) medidas que establezcan altos niveis de calidade e seguridade dos órganos e substancias de orixe humana, así como do sangue e derivados do sangue; estas medidas non lle impedirán a ningún Estado membro manter ou introducir medidas de protección máis estrictas;

b) como excepción ó disposto no artigo 43, medidas nos ámbitos veterinario e fitosanitario que teñan como obxectivo directo a protección da saúde pública;

c) medidas de fomento destinadas a protexer e mellora-la saúde humana, con exclusión de calquera harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

O Consello, por maioría cualificada e por proposta da Comisión, poderá tamén adoptar recomendacións para os fins establecidos no presente artigo.

5. A acción comunitaria no ámbito da saúde pública respectará plenamente as responsabilidades dos Estados membros en materia de organización e subministración dos servizos sanitarios e a asistencia médica. En particular, as medidas previstas na letra a) do punto 4 non afectarán as disposicións nacionais en materia de doazóns ou de uso médico de órganos e de sangue».

27) O artigo 129 A substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 129 A

1. Para promover os intereses dos consumidores e garantirles un alto nivel de protección, a Comunidade contribuirá a protexer-la saúde, a seguridade e os intereses económicos dos consumidores, así como a promover-lo seu dereito á información, á educación e a se organizaren para salvagardaren os seus intereses.

2. Ó se definiren e executaren outras políticas e accións comunitarias teranse en conta as esixencias da protección dos consumidores.

3. A Comunidade contribuirá a que se alcancen os obxectivos a que se refire o número 1 mediante:

a) medidas que adopte en virtude do artigo 100 A no marco da realización do mercado interior;

b) medidas que apoiem, complementen e supervisen a política levada a cabo polos Estados membros.

4. O Consello, consonte o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social, adoptará as medidas mencionadas na letra b) do número 3.

5. As medidas que se adopten en virtude do número 4 non obstarán para que cada un dos Estados membros manteña e adopte medidas de maior protección. As ditas medidas deberán ser compatibles co presente tratado. Notificaránselle á Comisión.»

28) No parágrafo primeiro do número 1 do artigo 129 C, a primeira parte do terceiro guión substitúese polo texto seguinte:

«— poderá apoiar proxectos de interese común apoiados por Estados membros e determinados de acordo coas orientacións mencionadas no primeiro guión, especialmente en forma de estudos de viabilidade, de garantías de crédito ou de bonificacións de xuro;».

29) O artigo 129 D modifícase da seguinte forma:

a) o parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«O Consello, logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, adoptará consonte o procedemento previsto no artigo 189 B as orientacións e as restantes medidas previstas no número 1 do artigo 129 C.»;

b) suprímese o parágrafo terceiro.

30) O parágrafo segundo do artigo 130 A substitúese polo texto seguinte:

«A Comunidade proporase, en particular, reducir as diferencias entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións e o atraso das rexións ou illas menos favorecidas, incluídas as zonas rurais.»

31) No artigo 130 E, o parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«As decisións de aplicación relativas ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional serán tomadas polo Consello, consonte o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións.»

32) No número 1 do artigo 130 I, o parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«1. O Consello, conforme o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social, establecerá un programa marco plurianual que incluíra o conxunto das accións da Comunidade.»

33) O artigo 130 O substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 130 O

O Consello adoptará, por maioría cualificada, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo e ó Comité Económico e Social, as disposicións previstas no artigo 130 N.

O Consello, consonte o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social, adoptará as disposicións recollidas nos artigos 130 J, 130 K e 130 L. A aprobación dos programas complementarios requirirá o acordo dos Estados membros interesados.»

34) O punto 2 do artigo 130 R substitúese polo texto seguinte:

«2. A política da Comunidade no ámbito do medio ambiente terá como obxectivo alcanzar un nivel de protección elevado, tendo presente a diversidade de situacións existentes nas distintas rexións da Comunidade. Basearase nos principios de cautela e de acción preventiva, no principio de corrección dos atentados ó medio ambiente, preferentemente na fonte mesma, e no principio de que quen contamina, paga.

Neste contexto, as medidas de harmonización necesarias para responder a esixencias da protección do medio ambiente incluírán, nos casos apropiados, unha cláusula de salvagarda que autorice os Estados membros a adoptaren, por motivos ambientais non económicos, medidas provisionais sometidas a un procedemento comunitario de control.»

35) Modifícase da seguinte forma o artigo 130 S:

a) O punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. O Consello, consonte o procedemento do artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, decidirá as accións que deba emprender a Comunidade para a realización dos obxectivos fixados no artigo 130 R.»;

b) A parte introdutoria do número 2 substitúese polo texto seguinte:

«2. Como excepción ó procedemento de toma de decisións recollido no número 1, e sen prexuízo do artigo 100 A, o Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo, ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, adoptará:»;

c) No número 3, o parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«3. Noutros ámbitos, o Consello adoptará, consonte o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Comité Económico e Social e ó Comité das Rexións, programas de acción de carácter xeral que fixen os obxectivos prioritarios que deban alcanzarse.»

36) O punto 1 do artigo 130 W substitúese polo texto seguinte:

«1. Sen prexuízo das demais disposicións do presente tratado, o Consello, consonte o procedemento do artigo 189 B, adoptará as medidas necesarias para o logro dos obxectivos enunciados no artigo 130 U. As ditas medidas poderán adoptar a forma de programas plurianuais.»

37) No artigo 137 engádese o parágrafo seguinte:

«O número de membros do Parlamento Europeo non excederá de setecentos.»

38) O artigo 138 modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo primeiro do número 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. O Parlamento Europeo elaborará un proxecto dirixido a facer posible a súa elección por sufraxio universal directo, de acordo cun procedemento uniforme en tódolos Estados membros ou de acordo con principios comúns a tódolos Estados membros.»;

b) Engádese o número seguinte:

«4. O Parlamento Europeo establecerá o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros, logo de dictame da Comisión e coa aprobación por unanimidade do Consello.»

39) O artigo 151 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 151

1. Un comité composto polos representantes permanentes dos Estados membros encargárase de prepara-los traballos do Consello e de realiza-las

tarefas que este lle confíe. O comité poderá adoptar decisións de procedemento nos casos establecidos no regulamento interno do Consello.

2. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral, dirixida por un secretario xeral, alto representante da política exterior e de seguridade común, que estará asistido, pola súa vez, por un secretario xeral adxunto responsable da xestión da Secretaría Xeral.

O Consello nomeará o secretario xeral e o secretario xeral adxunto por unanimidade.

O Consello decidirá a organización da Secretaría Xeral.

3. O Consello establecerá o seu regulamento interno.

Para efectos da aplicación do número 3 do artigo 191 A, o Consello fixará no dito regulamento as condicións nas que o público terá acceso ós documentos do Consello. Para efectos do presente número, o Consello definirá os casos nos que deba considerarse que actúa na súa capacidade legislativa co fin de permitir un maior acceso ós documentos neses casos, sen menoscabo da eficacia do seu proceso de toma de decisións. En calquera caso, cando o Consello actúe na súa capacidade legislativa, faranse públicos os resultados das votacións e as explicacións de voto, así como as declaracións na acta.»

40) No número 2 do artigo 158, os parágrafos primeiro e segundo substitúense polo texto seguinte:

«2. Os gobernos dos Estados membros designarán de común acordo a personalidade que se propoñan nomear presidente da Comisión; o Parlamento Europeo deberá aproba-la dita designación.

Os gobernos dos Estados membros, de común acordo co presidente designado, designarán as demais personalidades que se propoñan nomear membros da Comisión.»

41) No artigo 163 insírese o parágrafo seguinte como parágrafo primeiro:

«A Comisión exercerá as súas funcións baixo a orientación política do seu presidente.»

42) O parágrafo terceiro do artigo 173 substitúese polo texto seguinte:

«O Tribunal de Xustiza será competente nas mesmas condicións para pronunciarse sobre os recursos interpostos polo Parlamento Europeo, polo Tribunal de Contas e polo BCE co fin de salvagardar prerrogativas destes.»

43) O artigo 188 C modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo segundo do punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«O Tribunal de Contas presentaralles ó Parlamento Europeo e mais ó Consello unha declaración sobre a fiabilidade das contas e a regularidade e legalidade das operacións correspondentes, que será publicada no Diario Oficial das Comunidades Europeas.»;

b) O parágrafo primeiro do número 2 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Tribunal de Contas examinará a legalidade e regularidade dos ingresos e gastos e garantirá unha boa xestión financeira. Ó facelo, informará, en particular, de calquera caso de irregularidade.»;

c) O número 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. O control levarase a cabo sobre a documentación contable e, en caso necesario, nas

dependencias correspondentes das outras institucións da Comunidade, nas dependencias de calquera órgano que xestione ingresos ou gastos en nome da Comunidade e nos Estados membros, incluídas as dependencias de calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento. Nos Estados membros, o control efectuarase en colaboración coas institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, cos servizos nacionais competentes. O Tribunal de Contas e as institucións nacionais de control dos Estados membros cooperarán con espírito de confianza e mantendo a súa independencia. Tales institucións ou servizos comunicaranlle ó Tribunal de Contas se teñen a intención de participar no mencionado control.

As outras institucións da Comunidade, calquera órgano que xestione ingresos ou gastos en nome da Comunidade, calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento, e as institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, os servizos nacionais competentes, comunicaranlle ó Tribunal de Contas, por instancia deste, calquera documento ou información necesarios para o cumprimento da súa misión.

Respecto á actividade do Banco Europeo de Investimentos na xestión dos ingresos e gastos da Comunidade, o dereito de acceso do Tribunal ás informacións que posúe o Banco rexeráse por un acordo suscrito entre o Tribunal, o Banco e a Comisión. En ausencia do dito acordo, o Tribunal terá, non obstante, acceso ás informacións necesarias para o control dos ingresos e dos gastos da Comunidade xestionados polo Banco.»

44) O artigo 189 B substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 189 B

1. Cando no presente tratado, para a adopción dun acto, se faga referencia ó presente artigo, aplícase o procedemento seguinte.

2. A Comisión presentaralles unha proposta ó Parlamento Europeo e mais ó Consello.

O Consello, por maioría cualificada, logo de dictame do Parlamento Europeo,

– se aprobese tódalas emendas contidas no dictame do Parlamento Europeo, poderá adoptalo acto proposto así modificado;

– se o Parlamento Europeo non propuxese emenda ningunha, poderá adoptalo acto proposto;

– nos demais casos, adoptará unha posición común e transmitiralla ó Parlamento Europeo. O Consello informará plenamente o Parlamento Europeo dos motivos que o conduciron a adoptala súa posición común. A Comisión informará plenamente sobre a súa posición o Parlamento Europeo.

Se, transcorrido un prazo de tres meses desde esa comunicación, o Parlamento Europeo

a) aprobese a posición común ou non tomase decisión ningunha, o acto de que se trate considerábase adoptado conforme a esa posición común;

b) rexeitase, por maioría absoluta dos seus membros, a posición común, o acto proposto considerábase non adoptado;

c) propuxese emendas da posición común por maioría absoluta dos seus membros, o texto modificado será transmitido ó Consello e á Comisión, que emitirá un dictame sobre estas emendas.

3. Se nun prazo de tres meses desde a recepción das emendas do Parlamento Europeo, o Consello aprobese por maioría cualificada todas elas, considerábase que o acto de que se trate foi adoptado na forma da posición común así modificada; non obstante, o Consello deberá pronunciarse por unanimidade sobre aquelas emendas que fosen obxecto dun dictame negativo da Comisión. Se o Consello non aprobese tódalas emendas, o presidente do Consello, de acordo co presidente do Parlamento Europeo, convocará no prazo de seis semanas unha reunión do Comité de Conciliación.

4. O Comité de Conciliación, que estará composto polos membros do Consello ou os seus representantes e por un número igual de representantes do Parlamento Europeo, procurará alcanzar un acordo sobre un texto conxunto, por maioría cualificada dos membros do Consello ou os seus representantes e por maioría simple dos representantes do Parlamento Europeo. A Comisión participará nos traballos do Comité de Conciliación e adoptará tódalas iniciativas necesarias para favorecer un achegamento das posicións do Parlamento Europeo e do Consello. O realizar esta misión, o Comité de Conciliación examinará a posición común sobre a base das emendas propostas polo Parlamento Europeo.

5. Se no prazo de seis semanas despois de ser convocado, o Comité de Conciliación aprobese un texto conxunto, o Parlamento Europeo e o Consello disporán cada un de seis semanas a partir da dita aprobación para adoptaren o acto en cuestión conforme o texto conxunto, pronunciándose respectivamente por maioría absoluta dos votos emitidos e por maioría cualificada. Se calquera de ámbalas institucións non aprobese o acto proposto dentro do dito prazo, este considerábase non adoptado.

6. Se o Comité de Conciliación non aprobese un texto conxunto, o acto proposto considerábase non adoptado.

7. Os períodos de tres meses e de seis semanas a que se refire o presente artigo poderán ampliarse, como máximo, nun mes e dúas semanas respectivamente, por iniciativa do Parlamento Europeo ou do Consello.»

45) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 191 A

1. Calquera cidadán da Unión, así como calquera persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, terá dereito a acceder ós documentos do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión, consonte os principios e as condicións que se establecerán de conformidade cos números 2 e 3.

2. O Consello, consonte o procedemento previsto no artigo 189 B, determinará os principios xerais e os límites, por motivos de interese público ou privado, que regulan o exercicio deste dereito de acceso ós documentos, no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam.

3. Cada unha das institucións mencionadas elaborará no seu regulamento interno disposicións específicas sobre o acceso ós seus documentos.»

46) No artigo 198 engádese o parágrafo seguinte:

«O Comité poderá ser consultado polo Parlamento Europeo.»

47) No artigo 198 A, o parágrafo terceiro substitúese polo texto seguinte:

«Os membros do Comité, así como un número igual de suplentes, serán nomeados polo Consello por unanimidade, por proposta dos seus respectivos Estados membros, para un período de catro anos. O seu mandato será renovable. Ningún membro do Comité poderá ser asemade membro do Parlamento Europeo.»

48) No artigo 198 B, o parágrafo segundo substitúese polo texto seguinte:

«Establecerá o seu regulamento interno.»

49) O artigo 198 C modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«O Comité das Rexións será consultado polo Consello ou pola Comisión, nos casos previstos no presente tratado e en calquera outro, en particular aqueles que afecten á cooperación transfronteiriza, en que unha destas dúas institucións o considere oportuno.»;

b) Despois do parágrafo terceiro insírese o parágrafo seguinte:

«O Comité das Rexións poderá ser consultado polo Parlamento Europeo.»

50) No artigo 205, o parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«A Comisión, baixo a súa propia responsabilidade e dentro do límite dos créditos autorizados, executará o orzamento de conformidade coas disposicións dos regulamentos adoptados en virtude do artigo 209, consonte o principio de boa xestión financeira. Os Estados membros cooperarán coa Comisión para garantir que os créditos autorizados se utilizan de acordo co principio de boa xestión financeira.»

51) No artigo 206, o punto 1 substitúese polo texto seguinte:

«1. O Parlamento Europeo, por recomendación do Consello, que decidirá por maioría cualificada, aprobará a xestión da Comisión na execución do orzamento. Para tal fin, examinará, despois do Consello, as contas e o balance financeiro mencionados no artigo 205 bis, o informe anual do Tribunal de Contas, xunto coas respostas das institucións controladas ás observacións do Tribunal de Contas, a declaración de fiabilidade a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 188 C e os informes especiais pertinentes do Tribunal de Contas.»

52) O artigo 209 A substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 209 A

1. A Comunidade e mailos Estados membros combaterán a fraude e toda actividade ilegal que afecte os intereses financeiros da Comunidade mediante medidas adoptadas en virtude do disposto no presente artigo, que deberán ter un efecto disuasorio e ser capaces de ofrecer unha protección eficaz nos Estados membros.

2. Os Estados membros adoptarán para combater-la fraude que afecte os intereses financeiros da Comunidade as mesmas medidas que para combater-la fraude que afecte os seus propios intereses financeiros.

3. Sen prexuízo doutras disposicións do presente tratado, os Estados membros coordinarán as súas accións orientadas a protexer os intereses financeiros da Comunidade contra a fraude. Para tal fin, organizarán, xunto coa Comisión, unha colaboración estreita e regular entre as autoridades competentes.

4. O Consello, consonte o procedemento previsto no artigo 189 B e logo de consulta ó Tribunal de Contas, adoptará as medidas necesarias nos ámbitos da prevención e loita contra a fraude que afecten os intereses financeiros da Comunidade con visos de ofrecer unha protección eficaz e equivalente nos Estados membros. As ditas medidas non se referirán á aplicación da lexislación penal nacional nin á Administración nacional da xustiza.

5. A Comisión, en cooperación cos Estados membros, presentaralles anualmente ó Parlamento Europeo e ó Consello un informe sobre as medidas adoptadas para a aplicación do presente artigo.»

53) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 213 A

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 5 do Protocolo sobre os estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo, o Consello, consonte o procedemento previsto no artigo 189 B, adoptará medidas para a elaboración de estatísticas cando sexan necesarias para a realización das actividades da Comunidade.

2. A elaboración de estatísticas comunitarias axustarase á imparcialidade, fiabilidade, obxectividade, independencia científica, rendibilidade e segredo estatístico, e non lles ocasionará cargas excesivas ós operadores económicos.»

54) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 213 B

1. A partir do 1 de xaneiro de 1999, os actos comunitarios relativos á protección das persoas respecto do tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos serán de aplicación ás institucións e organismos establecidos polo presente tratado ou sobre a base deste.

2. Con anterioridade á data indicada no número 1, o Consello establecerá, consonte o procedemento previsto no artigo 189 B, un organismo de vixilancia independente, responsable de controla-la aplicación dos ditos actos comunitarios ás institucións e organismos da Comunidade e adoptará, se é o caso, outras disposicións pertinentes.»

55) O número 2 do artigo 227 substitúese polo texto seguinte:

«2. As disposicións do presente tratado aplicaranse ós departamentos franceses de Ultramar, ós Azores, a Madeira e ás illas Canarias.

Non obstante, tendo en conta a situación estrutural social e económica dos departamentos franceses de Ultramar, ós Azores, Madeira e as illas Canarias, caracterizada polo seu grande afastamento, insularidade, reducida superficie, relevo e clima adversos e dependencia económica dun reducido número de produtos, factores cunha persistencia e combinación que prexudican gravemente o seu desenvolvemento, o Consello, por maioría cualificada, por proposta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo, adoptará medidas específicas orientadas, en particular, a fixa-las condicións

para a aplicación do presente tratado nas ditas rexións, incluídas as políticas comúns.

O Consello, ó adopta-las medidas pertinentes recollidas no parágrafo segundo, terá en conta ámbitos tales como as políticas alfandegueira e comercial, a política fiscal, as zonas francas, as políticas agrícola e pesqueira, as condicións de abastecemento de materias primas e de bens de consumo esenciais, as axudas públicas e as condicións de acceso ós fondos estruturais e ós programas horizontais comunitarios.

O Consello adoptará as medidas recollidas no parágrafo segundo tendo en conta as características e esixencias especiais das rexións ultraperiféricas, sen poñer en perigo a integridade e coherencia do ordenamento xurídico comunitario, incluído o mercado interior e as políticas comúns.»

56) O artigo 228 modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo segundo do número 1 substitúese polo texto seguinte:

«No exercicio das competencias que lle atribúe o presente número, o Consello decidirá por maioría cualificada, excepto nos casos nos que o parágrafo primeiro do número 2 dispón que o Consello decidirá por unanimidade.»;

b) O número 2 substitúese polo texto seguinte:

«2. Sen prexuízo das competencias recoñecidas á Comisión neste ámbito, a sinatura, que poderá ir acompañada dunha decisión sobre a aplicación provisional antes da entrada en vigor, e a subscripción dos acordos serán decididas polo Consello, por maioría cualificada, por proposta da Comisión. O Consello decidirá por unanimidade cando o acordo se refira a un ámbito no que sexa necesaria a unanimidade para a adopción de regras internas ou sexa dos mencionados no artigo 238.

Como excepción ó disposto no número 3, aplícanse os mesmos procedementos para a decisión de suspender a aplicación dun acordo e para o establecemento de posicións que deban adoptarse en nome da Comunidade nun organismo creado por un acordo baseado no artigo 238, cando o dito organismo deba adoptar decisións que produzan efectos xurídicos, excepto as decisións que completen ou modifiquen o marco institucional do acordo.

O Parlamento Europeo será informado de forma plena e inmediata sobre toda decisión adoptada consonte o presente punto relativa á aplicación provisional ou á suspensión de acordos, ou ó establecemento da posición da Comunidade nalgún organismo creado por un acordo baseado no artigo 238.»

57) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 236

1. Cando, en virtude do disposto no número 2 do artigo F.1 do Tratado da Unión Europea, se adoptase a decisión de deixar en suspenso os dereitos de voto do representante do Goberno dun Estado membro, os ditos dereitos de voto tamén quedarán en suspenso polo que respecta ó presente tratado.

2. Ademais, cando se constatase, conforme o número 1 do artigo F.1 do Tratado da Unión Europea, a existencia dunha violación grave e persistente por parte dun Estado membro de principios recollidos no número 1 do artigo F do dito tratado, o Consello, por maioría cualificada, poderá decidir que se suspendan determinados dereitos derivados

da aplicación do presente tratado ó Estado membro de que se trate. O proceder á dita suspensión, o Consello terá en conta as posibles consecuencias desta para os dereitos e as obrigas das persoas físicas e xurídicas.

As obrigas do Estado membro de que se trate, derivadas do presente tratado continuarán, en calquera caso, sendo vinculantes para o dito Estado.

3. O Consello poderá decidir posteriormente, por maioría cualificada, a modificación ou revogación das medidas adoptadas de conformidade co número 2 como resposta a cambios na situación que motivou a súa imposición.

4. O adopta-las decisións recollidas nos números 2 e 3, o Consello decidirá sen ter en conta os votos do representante do Goberno do Estado membro de que se trate. Como excepción ó disposto no número 2 do artigo 148, a maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos cá establecida no número 2 do artigo 148.

O presente número aplicarase, así mesmo, no suposto de suspensión dos dereitos de voto consonte o número 1. En tales casos, as decisións que requiran a unanimidade adoptaranse sen o voto do representante do Goberno do Estado membro de que se trate.»

58) Quedan derogados o Protocolo sobre a política social e o Acordo sobre a política social anexo a este.

59) Queda derogado o Protocolo sobre o Comité Económico e Social e o Comité das Rexións.

Artigo 3.

O Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro queda modificado de conformidade co disposto no presente artigo.

1) Os parágrafos primeiro e segundo do punto 2 do artigo 10 substitúense polo texto seguinte:

«2. Os Gobernos dos Estados membros designarán de común acordo a personalidade que se propoñan nomear presidente da Comisión; o Parlamento Europeo deberá aproba-la dita designación.

Os Gobernos dos Estados membros, de común acordo co presidente designado, designarán as demais personalidades que se propoñan nomear membros da Comisión.»

2) No artigo 13 insírese o parágrafo seguinte como parágrafo primeiro:

«A Comisión exercerá as súas funcións baixo a orientación política do seu presidente.»

3) No artigo 20 engádese o texto seguinte:

«O número de membros do Parlamento Europeo non excederá de setecentos.»

4) O artigo 21 modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo primeiro do número 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. O Parlamento Europeo elaborará un proxecto encamiñado a facer posible a súa elección por sufraxio universal directo, de acordo cun procedemento uniforme en tódolos Estados membros ou de acordo con principios comúns a tódolos Estados membros.»

b) Engádesse o número seguinte:

«4. O Parlamento Europeo establecerá o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros, logo de dictame da Comisión e coa aprobación do Consello, por unanimidade.»

5) O artigo 30 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 30

1. Un comité composto polos representantes permanentes dos Estados membros encargarase de prepara-los traballos do Consello e de realiza-las tarefas que este lle confíe. O comité poderá adoptar decisións de procedemento nos casos establecidos no regulamento interno do Consello.

2. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral, dirixida por un secretario xeral, alto representante da política exterior e de seguridade común, que estará asistido, pola súa vez, por un secretario xeral adxunto responsable da xestión da Secretaría Xeral. O Consello nomeará o secretario xeral e mailo secretario xeral adxunto por unanimidade.

O Consello decidirá a organización da Secretaría Xeral.

3. O Consello establecerá o seu regulamento interno.»

6) No artigo 33 o parágrafo cuarto substitúese polo texto seguinte:

«O Tribunal de Xustiza será competente nas mesmas condicións para pronunciarse sobre os recursos interpostos polo Parlamento Europeo e polo Tribunal de Contas co fin de salvagardar prerrogativas destes.»

7) O artigo 45 C modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo segundo do número 1 substitúese polo texto seguinte:

«O Tribunal de Contas presentaralles ó Parlamento Europeo e mais ó Consello unha declaración sobre a fiabilidade das contas e a regularidade e legalidade das operacións correspondentes, que será publicada no Diario Oficial das Comunidades Europeas.»;

b) O parágrafo primeiro do número 2 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Tribunal de Contas examinará a legalidade e regularidade dos ingresos e gastos e garantirá unha boa xestión financeira. O facelo, informará, en particular, de calquera caso de irregularidade.»;

c) O número 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. O control levarase a cabo sobre a documentación contable e, en caso necesario, nas dependencias correspondentes das outras institucións da Comunidade, nas dependencias de calquera órgano que xestione ingresos ou gastos en nome da Comunidade e nos Estados membros, incluídas as dependencias de calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento. Nos Estados membros o control efectuarase en colaboración coas institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, cos servizos nacionais competentes. O Tribunal de Contas e as institucións nacionais de control dos Estados membros cooperarán con espírito de confianza e mantendo a súa independencia. Tales ins-

titucións ou servizos comunicaranlle ó Tribunal de Contas se teñen a intención de participar no mencionado control.

As outras institucións da Comunidade, calquera órgano que xestione ingresos ou gastos en nome da Comunidade, calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento, e as institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, os servizos nacionais competentes, comunicaranlle ó Tribunal de Contas, por instancia deste, calquera documento ou información necesarios para o cumprimento da súa misión.

Respecto á actividade do Banco Europeo de Investimentos na xestión dos ingresos e gastos da Comunidade, o dereito de acceso do Tribunal ás informacións que posúe o Banco rexeranse por un acordo suscrito entre o Tribunal, o Banco e a Comisión. En ausencia do dito acordo, o Tribunal terá, non obstante, acceso ás informacións necesarias para o control dos ingresos e gastos da Comunidade xestionados polo Banco.»

8) No artigo 78 quater o parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«A Comisión, baixo a súa propia responsabilidade e dentro do límite dos créditos autorizados, executará o orzamento de conformidade coas disposicións dos regulamentos adoptados en virtude do artigo 78 nono, consonte os principios dunha boa xestión financeira. Os Estados membros cooperarán coa Comisión para garantir que os créditos autorizados se utilizan de acordo cos principios dunha boa xestión financeira.»

9) O número 1 do artigo 78 oitavo substitúese polo texto seguinte:

«1. O Parlamento Europeo, por recomendación do Consello, que decidirá por maioría cualificada, aprobará a xestión da Comisión na execución do orzamento. Para tal fin, examinará, despois do Consello, as contas e o balance financeiro mencionados no artigo 78 quinto, o informe anual do Tribunal de Contas, acompañado das respostas das institucións controladas ás observacións do Tribunal de Contas, a declaración de fiabilidade a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 45 C e os informes especiais pertinentes do Tribunal de Contas.»

10) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 96

1. Cando, en virtude do disposto no número 2 do artigo F.1 do Tratado da Unión Europea, se adoptase a decisión de deixar en suspenso os dereitos de voto do representante do Goberno dun Estado membro, os ditos dereitos de voto tamén quedarán en suspenso polo que respecta ó presente tratado.

2. Ademais, e cando se constatase, conforme o número 1 do artigo F.1 do Tratado da Unión Europea, a existencia dunha violación grave e persistente por parte dun Estado membro de principios recollidos no número 1 do artigo F do dito tratado, o Consello, por maioría cualificada, poderá decidir que se suspendan determinados dereitos derivados da aplicación do presente tratado ó Estado membro de que se trate. Ó proceder á dita suspensión, o Consello terá en conta as posibles consecuencias desta para os dereitos e as obrigas das persoas físicas e xurídicas.

As obrigas do Estado membro de que se trate derivadas do presente tratado continuarán, en calquera caso, sendo vinculantes para o dito Estado.

3. O Consello poderá decidir posteriormente, por maioría cualificada, a modificación ou revogación das medidas adoptadas de conformidade co número 2 como resposta a cambios na situación que motivou a súa imposición.

4. O adopta-las decisións recollidas nos números 2 e 3, o Consello decidirá sen ter en conta os votos do representante do Goberno do Estado membro de que se trate. Como excepción ó disposto no parágrafo cuarto do artigo 28, a maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos cá establecida no parágrafo cuarto do artigo 28.

O presente número aplicarase, así mesmo, no suposto de suspensión dos dereitos de voto conxunto o número 1. En tales casos, as decisións que requiran a unanimidade adoptaranse sen o voto do representante do Goberno do Estado membro de que se trate.»

Artigo 4.

O Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica queda modificado de conformidade co disposto no presente artigo.

1) No artigo 107 engádesse o parágrafo seguinte:

«O número de membros do Parlamento Europeo non excederá de setecentos.»

2) O artigo 108 modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo primeiro do número 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. O Parlamento Europeo elaborará un proxecto dirixido a facer posible a súa elección por sufraxio universal directo, de acordo cun procedemento uniforme en tódolos Estados membros ou de acordo con principios comúns a tódolos Estados membros.»

b) Engádesse o número seguinte:

«4. O Parlamento Europeo establecerá o estatuto e mailas condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros, logo de dictame da Comisión e coa aprobación por unanimidade do Consello.»

3) O artigo 121 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 121

1. Un comité composto polos representantes permanentes dos Estados membros encargarase de prepara-los traballos do Consello e de realiza-las tarefas que este lle confíe. O comité poderá adoptar decisións de procedemento nos casos establecidos no regulamento interno do Consello.

2. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral, dirixida por un secretario xeral, alto representante da política exterior e de seguridade común, que estará asistido, pola súa vez, por un secretario xeral adxunto responsable da xestión da Secretaría Xeral. O Consello nomeará o secretario xeral e mailo secretario xeral adxunto por unanimidade.

O Consello decidirá a organización da Secretaría Xeral.

3. O Consello establecerá o seu regulamento interno.»

4) No artigo 127, os parágrafos primeiro e segundo do número 2 substitúense polo texto seguinte:

«2. Os Gobernos dos Estados membros designarán de común acordo a personalidade que propoñan nomear presidente da Comisión; o Parlamento Europeo deberá aproba-la dita designación.

Os Gobernos dos Estados membros, de común acordo co presidente designado, designarán as demais personalidades que propoñan nomear membros da Comisión.»

5) No artigo 132 insírese o parágrafo seguinte como parágrafo primeiro:

«A Comisión exercerá as súas funcións baixo a orientación política do seu presidente.»

6) No artigo 146 o parágrafo terceiro substitúese polo texto seguinte:

«O Tribunal de Xustiza será competente nas mesmas condicións para pronunciarse sobre os recursos interpostos polo Parlamento Europeo e polo Tribunal de Contas co fin de salvagardar prerrogativas destes.»

7) O artigo 160 C modifícase da seguinte forma:

a) O parágrafo segundo do número 1 substitúese polo texto seguinte:

«O Tribunal de Contas presentaralles ó Parlamento Europeo e ó Consello unha declaración sobre a fiabilidade das contas e a regularidade e legalidade das operacións correspondentes, que será publicada no "Diario Oficial das Comunidades Europeas".»;

b) O parágrafo primeiro do número 2 substitúese polo texto seguinte:

«2. O Tribunal de Contas examinará a legalidade e a regularidade dos ingresos e gastos e garantirá unha boa xestión financeira. O facelo, informará, en particular, de calquera caso de irregularidade.»;

c) O número 3 substitúese polo texto seguinte:

«3. O control levarase a cabo sobre a documentación contable e, en caso necesario, nas dependencias correspondentes das outras institucións da Comunidade, nas dependencias de calquera órgano que xestione ingresos ou gastos en nome da Comunidade e nos Estados membros, incluídas as dependencias de calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento. Nos Estados membros, o control efectuarase en colaboración coas institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, cos servicios nacionais competentes. O Tribunal de Contas e as institucións nacionais de control dos Estados membros cooperarán con espírito de confianza e mantendo a súa independencia. Tales institucións ou servicios comunicaranlle ó Tribunal de Contas se teñen a intención de participar no mencionado control.

As outras institucións da Comunidade, calquera órgano que xestione ingresos ou gastos en nome da Comunidade, calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento, e as institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, os servicios nacionais competentes, comunicaranlle ó Tribunal de Contas, por instancia deste, calquera documento ou información necesarios para o cumprimento da súa misión.

Respecto á actividade do Banco Europeo de Investimentos na xestión dos ingresos e gastos da Comunidade, o dereito de acceso do Tribunal ás informacións que posúe o Banco rexeráse por un acordo suscrito entre o Tribunal, o Banco e a Comisión. En ausencia do dito acordo, o Tribunal terá, non obstante, acceso ás informacións necesarias para o control dos ingresos e gastos da Comunidade xestionados polo Banco.»

8) No artigo 170 engádesse o parágrafo seguinte:

«O Comité Económico e Social poderá ser consultado polo Parlamento Europeo.»

9) No artigo 179, o parágrafo primeiro substitúese polo texto seguinte:

«A Comisión, baixo a súa propia responsabilidade e dentro do límite dos créditos autorizados, executará o orzamento de conformidade coas disposicións dos regulamentos adoptados en virtude do artigo 183, consonte os principios dunha boa xestión financeira. Os Estados membros cooperarán coa Comisión para garantir que os créditos autorizados se utilizan de acordo cos principios dunha boa xestión financeira.»

10) O número 1 do artigo 180 ter substitúese polo texto seguinte:

«1. O Parlamento Europeo, por recomendación do Consello, que decidirá por maioría cualificada, aprobará a xestión da Comisión na execución do orzamento. Para tal fin, examinará, despois do Consello, as contas e o balance financeiro mencionados no artigo 179 bis, o informe anual do Tribunal de Contas, acompañado das respostas das institucións controladas ás observacións do Tribunal de Contas, a declaración de fiabilidade a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 160 C e os informes especiais pertinentes do Tribunal de Contas.»

11) Insírese o artigo seguinte:

«Artigo 204

1. Cando, en virtude do disposto no número 2 do artigo F.1 do Tratado da Unión Europea, se adoptase a decisión de deixar en suspenso os dereitos de voto do representante do Goberno dun Estado membro, os ditos dereitos de voto tamén quedarán en suspenso polo que respecta ó presente tratado.

2. Ademais, cando se constatase, conforme o número 1 do artigo F.1 do Tratado da Unión Europea, a existencia dunha violación grave e persistente por parte dun Estado membro de principios recollidos no número 1 do artigo F do dito tratado, o Consello, por maioría cualificada, poderá decidir que se suspendan determinados dereitos derivados da aplicación do presente tratado ó Estado membro de que se trate. Ó proceder á dita suspensión, o Consello terá en conta as posibles consecuencias desta para os dereitos e as obrigas das persoas físicas e xurídicas.

As obrigas do Estado membro de que se trate derivadas do presente tratado continuarán, en calquera caso, sendo vinculantes para o dito Estado.

3. O Consello poderá decidir posteriormente, por maioría cualificada, a modificación ou revogación das medidas adoptadas de conformidade co número 2 como resposta a cambios na situación que motivou a súa imposición.

4. Ó adopta-las decisións recollidas nos números 2 e 3, o Consello decidirá sen ter en conta os votos do representante do Goberno do Estado membro de que se trate. Como excepción ó disposto no número 2 do artigo 118, a maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos cá establecida no número 2 do artigo 118.

O presente número aplicarase, así mesmo, no suposto de suspensión dos dereitos de voto consonte o número 1. En tales casos, as decisións que requiran a unanimidade adoptaranse sen o voto do representante do Goberno do Estado membro de que se trate.»

Artigo 5.

A acta relativa á elección dos representantes no Parlamento Europeo por sufraxio universal directo, anexa á decisión do Consello do 20 de setembro de 1976, quedará modificada segundo o disposto no presente artigo.

1) No artigo 2 engádesse o parágrafo seguinte:

«En caso de se introduciren modificacións no presente artigo, o número de representantes elixidos en cada Estado membro deberá garantir unha representación adecuada dos pobos dos Estados reunidos na Comunidade.»

2) No número 1 do artigo 6 insírese o seguinte guión despois do quinto guión:

«— membro do Comité das Rexións;».

3) O número 2 do artigo 7 substitúese polo texto seguinte:

«2. Ata a entrada en vigor dun procedemento electoral uniforme ou dun procedemento baseado en principios comúns, e sen prexuízo das demais disposicións da presente acta, o procedemento electoral rexeráse, en cada Estado membro, polas disposicións nacionais.»

4) O artigo 11 substitúese polo texto seguinte:

«Ata a entrada en vigor do procedemento electoral uniforme ou do procedemento baseado en principios comúns a que fai referencia o artigo 7, o Parlamento Europeo verificará as credenciais dos representantes. Para tal fin, tomará nota dos resultados oficialmente proclamados polos Estados membros e decidirá sobre das controversias que puidesen eventualmente suscitarse en relación coas disposicións da presente acta, con exclusión das disposicións nacionais a que a dita acta remita.»

5) O número 1 do artigo 12 substitúese polo texto seguinte:

«1. Ata a entrada en vigor do procedemento electoral uniforme ou do procedemento baseado en principios comúns a que fai referencia o artigo 7, e sen prexuízo das demais disposicións da presente acta, cada Estado membro establecerá os procedementos apropiados para, en caso de que un escano quede vacante durante o período quinquenal recollido no artigo 3, poder cubri-la dita vacante polo resto deste período.»

SEGUNDA PARTE

Simplificación

Artigo 6.

O Tratado constitutivo da Comunidade Europea, incluídos os seus anexos e os seus protocolos, queda modificado de conformidade co disposto no presente artigo, co fin de suprimir disposicións obsoletas do dito tratado e adaptar en consecuencia o texto dalgunhas das súas disposicións.

I. *Texto dos artigos do Tratado*

1) Na letra a) do artigo 3, as palabras «a supresión, entre os Estados membros, dos dereitos de alfándega e das restricións cuantitativas...» substitúense por «a prohibición, entre Estados membros, de dereitos de alfándega e de restricións cuantitativas...»

2) Queda derogado o artigo 7.

3) Modifícase da seguinte forma o artigo 7 A:

a) Os parágrafos primeiro e segundo numéranse e pasan a se-los números 1 e 2, respectivamente;

b) No novo número 1 suprímense as referencias ó artigo 7 B, ó número 1 do artigo 70 e ó artigo 100 B; por conseguinte, as restantes referencias reazarán así: «...de conformidade coas disposicións do presente artigo, dos artigos 7 C e 28, do número 2 do artigo 57 e dos artigos 59, 84, 99 e 100 A e sen prexuízo...»;

c) Engádese un número 3 redactado coma o parágrafo segundo do artigo 7 B, que reza así:

«3. O Consello, por maioría cualificada e por proposta da Comisión, definirá as orientacións e condicións necesarias para asegurar un progreso equilibrado no conxunto dos sectores considerados.»

4) Queda derogado o artigo 7 B.

5) Modifícase da seguinte forma o artigo 8 B:

a) No número 1, as palabras «deberá adoptar antes do 31 de decembro de 1994» substitúense por «adopte»;

b) Na primeira frase do número 2, a referencia ó «número 3 do artigo 138» sustitúese por «número 4 do artigo 138»;

c) Na segunda frase do número 2, as palabras «deberá adoptar antes do 31 de decembro de 1993» substitúense por «adopte».

6) No artigo 8 C, segunda frase, as palabras «Antes do 31 de decembro de 1993, os Estados membros...» substitúense por «Os Estados membros...»

7) No parágrafo primeiro do artigo 8 E, as palabras «Antes do 31 de decembro de 1993 e, posteriormente, cada tres anos...» substitúense por «Cada tres anos...»

8) No número 2 do artigo 9, as palabras «As disposicións da sección primeira do capítulo 1 e as do capítulo 2...» substitúense por «As disposicións do artigo 12 e as do capítulo 2...»

9) No artigo 10 suprímese o número 2 e o número 1 perde a numeración.

10) Queda derogado o artigo 11.

11) No capítulo 1, Unión Alfandegueira, suprímese o encabezamento «Sección primeira-Supresión dos dereitos de alfándega entre os Estados membros».

12) O artigo 12 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 12

Quedarán prohibidos entre os Estados membros os dereitos de alfándega de importación e expor-

tación ou exaccións de efecto equivalente. Esta prohibición aplicarase tamén ós dereitos de alfándega de carácter fiscal.»

13) Quedan derogados os artigos 13 a 17.

14) Suprímese o encabezamento «Sección segunda-Establecemento dun arancel alfandegueiro común.»

15) Quedan derogados os artigos 18 a 27.

16) O artigo 28 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 28

O Consello, por maioría cualificada e por proposta da Comisión, fixará os dereitos do arancel alfandegueiro común.»

17) Na parte introductoria do artigo 29, as palabras «a presente sección» substitúense por «o presente capítulo».

18) No título do capítulo 2, a palabra «Supresión» substitúese por «PROHIBICION».

19) No artigo 30, as palabras «Sen prexuízo das disposicións seguintes, quedarán prohibidas...» substitúense por «Quedarán prohibidas...»

20) Quedan derogados os artigos 31, 32 e 33.

21) No artigo 34, suprímese o número 2, e o número 1 perde a numeración.

22) Queda derogado o artigo 35.

23) No artigo 36, as palabras «As disposicións dos artigos 30 a 34, ambos inclusive» substitúense por «As disposicións dos artigos 30 e 34.»

24) O artigo 37 modifícase da seguinte forma:

a) no parágrafo primeiro do número 1 suprímese a palabra «progresivamente» e as palabras «de tal modo que, ó final do período transitorio,» substitúense por «de tal modo que»;

b) no número 2, a palabra «supresión» substitúese por «prohibición»;

c) suprímense os números 3, 5 e 6; o número 4 pasa a se-lo número 3;

d) no novo número 3, suprímense as palabras «tendo en conta o ritmo das posibles adaptacións e das especializacións necesarias.» e substitúese por un número a coma que precede esas palabras.

25) Modifícase da seguinte forma o artigo 38:

a) no número 3, primeira frase, a referencia ó anexo II substitúese por unha referencia ó anexo I, e suprímese a segunda frase que comeza por «Non obstante, nun prazo de dous anos...»;

b) no número 4 suprímense as palabras «entre os Estados membros».

26) O artigo 40 modifícase da seguinte forma:

a) o número 1 suprímese e os números 2, 3 e 4 pasan a se-los números 1, 2 e 3, respectivamente;

b) no parágrafo primeiro do novo número 1, a palabra «crearase» substitúese por «créase»;

c) no parágrafo primeiro do novo número 2, a referencia ó «número 2» cámbiase por «número 1»;

d) no novo número 3, a referencia ó «número 2» cámbiase por «número 1».

27) O artigo 43 modifícase da seguinte forma:

a) no parágrafo terceiro do número 2, as palabras «por unanimidade durante as dúas primeiras etapas e por maioría cualificada despois» substitúense por «por maioría cualificada»;

b) nos números 2 e 3, a referencia ó «número 2 do artigo 40» cámbiase por «número 1 do artigo 40».

28) Quedan derogados os artigos 44 e 45, así como o artigo 47.

29) No número 1 do artigo 48, suprimense as palabras «como máis tarde, ó final do período transitorio».

30) O artigo 49 modifícase da seguinte forma:

a) na parte introductoria, as palabras «A partir da entrada en vigor do presente tratado, o Consello,...» substitúense por «O Consello,...», e suprimese a palabra «progresivamente»;

b) nas letras b) e c) suprimense as palabras «, sistemática e progresivamente.».

31) O parágrafo primeiro do artigo 52 modifícase da seguinte forma:

a) a primeira frase substitúese polo texto seguinte: «No marco das disposicións seguintes, quedarán prohibidas as restriccións á liberdade de establecemento dos nacionais dun Estado membro no territorio doutro Estado membro.»;

b) na segunda frase, as palabras «A dita supresión progresiva» substitúense por «A dita prohibición».

32) Queda derogado o artigo 53.

33) O artigo 54 modifícase da seguinte forma:

a) o número 1 suprimese e os números 2 e 3 pasan a se-los números 1 e 2, respectivamente;

b) no novo número 1, as palabras «Para efectos de execución do programa xeral ou, na falta do dito programa, para a realización dunha das etapas fixadas para alcanza-la liberdade de establecemento» substitúense por «Para efectos de alcanza-la liberdade de establecemento».

34) O parágrafo primeiro do artigo 59, as palabras «No marco das disposicións seguintes, as restriccións á libre prestación de servicios dentro da Comunidade serán progresivamente suprimidas, durante o período transitorio, para os nacionais...» substitúense por «No marco das disposicións seguintes, quedarán prohibidas as restriccións á libre prestación de servicios dentro da Comunidade para os nacionais...»

35) No número 2 do artigo 61, as palabras «liberalización progresiva da circulación de capitais», substitúense por «liberalización da circulación de capitais».

36) Queda derogado o artigo 62.

37) O artigo 63 modifícase da seguinte forma:

a) o número 1 suprimese e os números 2 e 3 pasan a se-los números 1 e 2, respectivamente;

b) no novo número 1, as palabras «Para efectos de execución do programa xeral ou, na falta do dito programa, para a realización dunha das etapas fixadas para alcanza-la liberalización dun servicio determinado.» substitúense por «Para efectos de alcanza-la liberalización dun servicio determinado,» e as palabras «decidirá, mediante directivas, por unanimidade ata o final da primeira etapa e por maioría cualificada despois» substitúense por «decidirá mediante directivas, por maioría cualificada»;

c) no novo número 2, as palabras «As propostas e decisións previstas nos números 1 e 2» substitúense por «As directivas previstas no número 1».

38) No parágrafo primeiro do artigo 64, as palabras «número 2 do artigo 63» substitúense por «número 1 do artigo 63».

39) Quedan derogados os artigos 67 a 73 A, o artigo 73 E e o artigo 73 H.

40) No artigo 75, o número 2 suprimese e o número 3 pasa a se-lo número 2.

41) No artigo 76, as palabras «As diferentes disposicións que regulen esta materia á entrada en vigor do presente tratado» substitúense por «As diferentes disposicións que estivesen regulando esta materia o 1 de xaneiro de 1958 ou, para os Estados que se adherisen, na data da súa adhesión.».

42) O artigo 79 modifícase da seguinte forma:

a) no número 1, as palabras «como máis tarde antes de finaliza-la segunda etapa, deberán suprimirse...» substitúense por «Deberán suprimirse...»;

b) no número 3, suprimesen as palabras «, no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor do presente tratado.».

43) No número 1 do artigo 80, as palabras «A partir do comezo da segunda etapa quedará prohibida» substitúense por «Quedará prohibida...»

44) No artigo 83, as palabras «sen prexuízo das atribucións da Sección de Transportes do Comité Económico e Social.» substitúense por «sen prexuízo das atribucións do Comité Económico e Social.»

45) No parágrafo segundo do número 2 do artigo 84, as palabras «procedemento dos números 1 e 3 do artigo 75» substitúense por «procedemento do artigo 75».

46) No artigo 87, os dous parágrafos do número 1 refúndense nun só número. Este novo número rezará así:

«1. O Consello, por maioría cualificada, por posta da Comisión e logo de consulta ó Parlamento Europeo, adoptará os regulamentos ou directivas apropiados para a aplicación dos principios enunciados nos artigos 85 e 86.»

47) No número 1 do artigo 89, suprimense as palabras «, desde a súa entrada en funcións.».

48) Despois do artigo 90, suprimese o encabezamento «Sección segunda-Prácticas de dumping».

49) Queda derogado o artigo 91.

50) Antes do artigo 92, o encabezamento «Sección terceira» substitúese por «Sección segunda».

51) Na letra c) do número 3 do artigo 92 suprimese a segunda frase, que comeza por «Sen embargo, as axudas á construción naval...» e remata por «... respecto de países terceiros»; e o resto da letra c) remata en número e coma.

52) No artigo 95 suprimese o parágrafo terceiro.

53) Quedan derogados os artigos 97 e 100 B.

54) No parágrafo segundo do artigo 101, as palabras «por unanimidade durante a primeira etapa e por maioría cualificada despois» substitúense por «por maioría cualificada».

55) No primeiro guión da letra a) do número 2 do artigo 109 E suprimense as palabras seguintes: « sen prexuízo do disposto no artigo 73 E.».

56) O artigo 109 F modifícase da seguinte forma:

a) no parágrafo segundo do número 1, as palabras «sobre a base dunha recomendación, segundo proceda, do Comité de Gobernadores dos bancos centrais nacionais dos Estados membros, denominado no sucesivo "Comité de Gobernadores", ou do Consello do IME "substitúense por" sobre a base dunha recomendación do Consello do IME»;

b) no número 1, suprimese o parágrafo cuarto, redactado así: «O Comité de Gobernadores será disolto ó inicio da segunda fase»;

c) no número 8 suprimese o segundo parágrafo, redactado así: «Nos casos en que o presente tratado considere unha función consultiva do IME, ata o 1 de xaneiro de 1994 interpretárase que as referencias ó IME se refiren ó Comité de Gobernadores».

57) O artigo 112 modifícase da seguinte forma:

a) no parágrafo primeiro do número 1, suprimense as palabras «antes do final do período transitorio»;

b) no parágrafo segundo do número 1, as palabras «O Consello adoptará, por unanimidade ata o final da segunda etapa e por maioría cualificada despois,» substitúense por «O Consello adoptará, por maioría cualificada.».

58) No terceiro guión do parágrafo primeiro do número 1 do artigo 129 C, as palabras «Fondo de Cohesión que deberá crearse como máis tarde o 31 de decembro de 1993 conforme o disposto no artigo 130 D,» substitúense por «Fondo de Cohesión creado conforme o disposto no artigo 130 D,».

59) No segundo parágrafo do artigo 130 D, as palabras «O Consello establecerá consonte o mesmo procedemento, antes do 31 de decembro de 1993, un Fondo de Cohesión, que proporcione...» substitúense por «Un Fondo de Cohesión, creado polo Consello consonte o mesmo procedemento, proporcionará...».

60) No segundo guión do número 5 do artigo 130 S, as palabras «Fondo de Cohesión que será creado como máis tarde o 31 de decembro de 1993 de conformidade co disposto no artigo 130 D,» substitúense por «Fondo de Cohesión creado de conformidade co disposto no artigo 130 D,».

61) No número 3 do artigo 130 W, a expresión «Convenio ACP-CEE» substitúese por «Convenio ACP-CE».

62) No parágrafo primeiro do artigo 131, suprimense as palabras «Bélxica» e «Italia», e a referencia ó anexo IV substitúese por unha referencia ó anexo II.

63) O artigo 133 modifícase da seguinte forma:

a) no número 1, as palabras «a supresión total», substitúense por «A prohibición», e suprimese a palabra «progresivamente»;

b) no número 2, as palabras «serán suprimidos progresivamente,» substitúense por «quedarán prohibidos», e as referencias ós artigos 13, 14, 15 e 17 suprimense, de maneira que o número remata así: «... de conformidade co disposto no artigo 12.»;

c) no parágrafo segundo do número 3, as palabras «Os dereitos mencionados no parágrafo anterior reduciranse, non obstante, progresivamente ata o nivel dos que...» substitúense por «os dereitos mencionados no parágrafo anterior non poderán ser superiores ós que...», e suprimese a segunda frase que comeza por «as porcentaxes e o ritmo» e remata por «no país ou territorio importador»;

d) no número 4, suprimense as palabras «á entrada en vigor do presente tratado».

64) O artigo 136 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 136

O Consello, á luz dos resultados alcanzados no marco da asociación dos países e territorios á Comunidade e baseándose nos principios contidos no presente tratado, adoptará, por unanimidade, as disposicións relativas ás modalidades e o procedemento para a asociación dos países e territorios á Comunidade.»

65) O artigo 138 modifícase da seguinte forma, para incluí-lo artigo 1, o artigo 2 (tal como foi modificado polo artigo 5 do presente tratado) e o número 1 do artigo 3 da acta relativa á elección dos representantes no Parlamento Europeo por sufraxio universal directo, anexa á decisión do Consello do 20 de setembro de 1976; o anexo II da dita acta seguirá sendo aplicable:

a) no lugar dos números 1 e 2, que caducaron en virtude do artigo 14 da acta relativa á elección dos representantes no Parlamento Europeo por sufraxio universal directo, insírese o texto dos artigos 1 e 2 da dita acta como números 1 e 2; estes novos números 1 e 2 rezarán así:

«1. Os representantes no Parlamento Europeo dos pobos dos Estados reunidos na Comunidade serán elixidos por sufraxio universal directo.

2. O número de representantes elixidos en cada Estado membro será o seguinte:

Bélxica	25
Dinamarca	16
Alemaña	99
Grecia	25
España	64
Francia	87
Irlanda	15
Italia	87
Luxemburgo	6
Países Baixos	31
Austria	21
Portugal	25
Finlandia	16
Suecia	22
Reino Unido	87.

No caso de se introduciren modificacións no presente punto, o número de representantes elixidos en cada Estado membro deberá garantir unha representación adecuada dos pobos dos Estados reunidos na Comunidade.»;

b) despois dos novos números 1 e 2 insírese o texto do número 1 do artigo 3 da citada acta como número 3; este novo número 3 rezará así:

«3. Os representantes serán elixidos por un período de cinco anos.»;

c) o número 3 actual, tal como foi modificado polo artigo 2 do presente tratado, pasa a se-lo número 4,
d) o número 4, tal como foi engadido polo artigo 2 do presente tratado, pasa a se-lo número 5.

66) No artigo 158 suprimese o número 3.

67) No parágrafo primeiro do artigo 166, as palabras «na data de adhesión» substitúense por «do 1 de xaneiro de 1995».

68) No número 3 do artigo 188 B suprimese o segundo parágrafo, que comeza por «Sen embargo, ó proceder ós primeiros nomeamentos...»

69) No artigo 197 suprimese o parágrafo segundo, que comeza por «O Comité contará, en particular,...»

70) No artigo 207, suprimense os parágrafos segundo, terceiro, cuarto e quinto.

71) No lugar do artigo 212 insírese o texto do parágrafo segundo do número 1 do artigo 24 do tratado polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única das Comunidades Europeas; así, este novo artigo 212 rezará da seguinte forma:

«Artigo 212

O Consello, por proposta da Comisión e logo de consulta ás demais institucións interesadas, establecerá, por maioría cualificada, o estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas e o réxime aplicable ós outros axentes das ditas Comunidades.»

72) No lugar do artigo 218 insírese o texto adaptado do parágrafo primeiro do artigo 28 do tratado polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única

das Comunidades Europeas; así, este novo artigo 218 rezará da seguinte forma:

«Artigo 218

A Comunidade gozará no territorio dos Estados membros dos privilexios e inmunidades necesarios para o cumprimento da súa misión, nas condicións establecidas no Protocolo do 8 de abril de 1965 sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas. O mesmo se aplicará ó Banco Central Europeo, ó Instituto Monetario Europeo e ó Banco Europeo de Investimentos.»

73) No artigo 221, as palabras «Nun prazo de tres anos a partir da entrada en vigor do presente tratado, os Estados membros aplicarán...» substitúense por «Os Estados membros aplicarán...»

74) No artigo 223, refúndense os números 2 e 3 e substitúense polo texto seguinte:

«2. O Consello, por unanimidade e por proposta da Comisión, poderá introducir modificacións na lista, que estableceu o 15 de abril de 1958, dos produtos suxeitos ás disposicións da letra b) do número 1.»

75) Queda derogado o artigo 226.

76) O artigo 227 modifícase da seguinte forma:

a) no número 3, a referencia ó anexo IV substitúese por unha referencia ó anexo II;

b) despois do número 4, insírese un número novo que rezará así:

«5. As disposicións do presente tratado aplícaranse ás illas Åland, de conformidade coas disposicións do protocolo n.º 2 da acta relativa ás condicións de adhesión da República de Austria, da República de Finlandia e do Reino de Suecia.»;

c) o antigo número 5 pasa a ser número 6 e suprímese a súa letra d) relativa ás illas Åland; a letra c) remata en punto.

77) No parágrafo primeiro do artigo 229, as palabras «Os órganos das Nacións Unidas, dos seus organismos especializados e do Acordo xeral sobre aranceis alfandegueiros e comercio.» substitúense por «Os órganos das Nacións Unidas e dos seus organismos especializados.»

78) No parágrafo primeiro do artigo 234, as palabras «con anterioridade á entrada en vigor do presente tratado» substitúense por «con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1958 ou, para os Estados que se adherisen, con anterioridade á data da súa adhesión.»

79) Antes do artigo 241, suprímese o encabezamento «Constitución das institucións.»

80) Quedan derogados os artigos 241 a 246.

81) No artigo 248 engádese un novo parágrafo que rezará así:

«En virtude dos tratados de adhesión, son igualmente auténticas as versións do presente tratado en linguas danesa, española, finesa, grega, inglesa, irlandesa, portuguesa e sueca.»

II. Anexos

1) Suprímese o anexo I «Listas A a G previstas nos artigos 19 e 20 do tratado.»

2) O anexo II «Lista prevista no artigo 38 do tratado» pasa a ser do anexo I e a referencia ó «anexo II do tratado» correspondente ás partidas ex 22.08 e ex 22.09 pasa a ser unha referencia ó «anexo I do tratado.»

3) Suprímese o anexo III «Lista de transaccións invivibles prevista no artigo 73 H do tratado.»

4) O anexo IV «Países e territorios de ultramar ós que se lles aplicarán as disposicións da cuarta parte do tratado» pasa a se-lo anexo II. Trala súa actualización rezará así:

«ANEXO II

Países e territorios de ultramar ós que se lles aplicarán as disposicións da cuarta parte do tratado

- | | |
|---|--|
| — Groenlandia, | — Anguila, |
| — Nova Caledonia e as súas dependencias, | — Illas Caimán, |
| — Polinesia francesa, | — Illas Malvinas (Falkland), |
| — Terras austrais e antárticas francesas, | — Xeorxia do Sur e illas Sandwich do Sur, |
| — Illas Wallis e Futuna, | — Montserrat, |
| — Mayotte, | — Pitcairn, |
| — San Pedro e Miquelón, | — Santa Elena e as súas dependencias, |
| — Aruba, | — Territorio antártico británico, |
| — Antillas neerlandesas: | — Territorios británicos do océano Índico, |
| — Bonaire, | — Illas Turcas e Caicos, |
| — Curaçao, | — Illas Virxes británicas, |
| — Saba, | — Bermudas.» |
| — San Eustaquio, | |
| — San Martín, | |

III. Protocolos e outros actos

1) Derróganse os seguintes protocolos e outros actos:

a) o protocolo polo que se modifica o protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas;

b) o protocolo sobre o comercio interior alemán e problemas conexos;

c) o protocolo sobre determinadas disposicións relativas a Francia;

d) o protocolo relativo ó Gran Ducado de Luxemburgo;

e) o protocolo sobre o réxime aplicable ós produtos da competencia da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro respecto de Alxeria e os departamentos de ultramar da República Francesa;

f) o protocolo sobre os aceites minerais e algúns dos seus derivados;

g) o protocolo sobre a aplicación do tratado constitutivo da Comunidade Europea ás partes non europeas do Reino dos Países Baixos;

h) o convenio de aplicación sobre a asociación dos países e territorios de Ultramar á Comunidade;

— o Protocolo sobre o continxente arancelario para as importacións de plátanos (ex 08.01 da Nomenclatura de Bruxelas);

— o Protocolo sobre o continxente arancelario para as importacións de café verde (ex 09.01 da Nomenclatura de Bruxelas).

2) Ó final do protocolo sobre os estatutos do Banco Europeo de Investimentos, suprímese a lista de signatarios.

3) Modifícase da seguinte forma o protocolo sobre o estatuto do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea:

a) suprímense as palabras «DESIGNARON, con tal fin, como plenipotenciarios;», así como a lista de xefes de Estado e dos seus plenipotenciarios;

b) suprimense as palabras «OS CALES, despois de intercambiaren os seus plenos poderes, recoñecidos en boa e debida forma.»;

c) no artigo 3 engádese como parágrafo cuarto o texto adaptado do artigo 21 do protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas; así, este novo parágrafo cuarto reza da seguinte forma:

«Os artigos 12 a 15, ambos inclusive, e 18 do protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas serán aplicables ós xuíces, avogados xerais, secretario e relatores adxuntos do Tribunal de Xustiza, sen prexuízo das disposicións relativas á inmunidade de xurisdicción dos xuíces que figuran nos parágrafos precedentes.»;

d) queda derogado o artigo 57;

e) suprimese a fórmula final «EN FE do CAL, os plenipotenciarios que abaixo asinan subscriben o presente protocolo.»;

f) suprimese a lista de signatarios.

4) No artigo 40 do protocolo sobre os estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo, suprimense as palabras «anexo ó tratado polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única das Comunidades Europeas».

5) No artigo 21 do protocolo sobre os estatutos do Instituto Monetario Europeo, suprimense as palabras «anexo ó tratado polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única das Comunidades Europeas».

6) O protocolo relativo a Italia modifícase da seguinte forma:

a) no último número, que comeza polas palabras «RECONECEN, en particular, que», a referencia ós artigos 108 e 109 substitúese por unha referencia ós artigos 109 H e 109 I;

b) suprimese a lista de signatarios.

7) O protocolo sobre as mercadorías orixinarias e procedentes de determinados países e que desfrutan dun réxime especial de importación nun dos Estados membros modifícase da seguinte forma:

a) na parte introductoria do número 1:

— as palabras «á entrada en vigor do tratado» substitúense por «o 1 de xaneiro de 1958»;

— despois das palabras «ás importacións» engádese o texto do número a); así, o texto que resulta deste engadido reza da seguinte forma:

«... ás importacións, nos países do Benelux, de mercadorías orixinarias e procedentes de Suriname e das Antillas neerlandesas»;

b) no número 1 suprimense as letras a), b) e c);

c) no número 3, as palabras «Antes de finaliza-lo primeiro ano seguinte á entrada en vigor do tratado, os Estados membros comunicarán...» substitúense por «Os Estados membros comunicarán...»;

d) suprimese a lista de signatarios.

8) O protocolo sobre as importacións na Comunidade Europea de produtos petrolíferos refinados nas Antillas neerlandesas modifícase da seguinte forma:

a) suprimese a fórmula final «EN FE DO CAL, os plenipotenciarios que abaixo asinan subscriben o presente protocolo.»;

b) suprimese a lista de signatarios.

9) Queda derogado o artigo 3 do protocolo sobre o réxime especial aplicable a Groenlandia.

Artigo 7.

O Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro, incluídos os seus anexos, protocolos e outros actos anexos, queda modificado de conformidade co disposto no presente artigo, co fin de suprimir disposicións caducadas do dito tratado e adaptar en consecuencia o texto dalgunhas das súas disposicións.

I. Texto dos artigos do Tratado

1) No parágrafo segundo do artigo 2 suprimese a palabra «progresivo».

2) Na parte introductoria do artigo 4 suprimense as palabras «suprimidos e».

3) O artigo 7 modifícase da seguinte forma:

a) no primeiro guión, as palabras «unha ALTA AUTORIDADE, denominada no sucesivo a Comisión», substitúense por «unha COMISIÓN»;

b) no segundo guión, as palabras «unha ASSEMBLEA COMÚN, denominada no sucesivo o Parlamento Europeo» substitúense por «un PARLAMENTO EUROPEO»;

c) no terceiro guión, as palabras «un CONSELLO ESPECIAL DE MINISTROS, denominado no sucesivo o Consello» substitúense por «un CONSELLO».

4) No artigo 10 suprimese o número 3.

5) No artigo 16 suprimense os parágrafos primeiro e segundo.

6) O artigo 21 modifícase da seguinte forma, para incluí-lo artigo 1, o artigo 2 (tal como foi modificado polo artigo 5 do presente tratado) e o número 1 do artigo 3 da acta relativa á elección dos representantes no Parlamento Europeo por sufraxio universal directo, anexa á decisión do Consello do 20 de setembro de 1976; o anexo II da dita acta seguirá sendo aplicable:

a) no lugar dos números 1 e 2, que caducaron en virtude do artigo 14 da acta relativa á elección dos representantes no Parlamento Europeo por sufraxio universal directo, insírese o texto dos artigos 1 e 2 da dita acta como números 1 e 2; estes novos números 1 e 2 reza así:

«1. Os representantes no Parlamento Europeo dos pobos dos Estados reunidos na Comunidade serán elixidos por sufraxio universal directo.

2. O número de representantes elixidos en cada Estado membro será o seguinte:

Bélxica	25
Dinamarca	16
Alemaña	99
Grecia	25
España	64
Francia	87
Irlanda	15
Italia	87
Luxemburgo	6
Países Baixos	31
Austria	21
Portugal	25
Finlandia	16
Suecia	22
Reino Unido	87

No caso de se introduciren modificacións no presente artigo, o número de representantes elixidos en cada Estado membro deberá garantir unha representación adecuada dos pobos dos Estados reunidos na Comunidade.»;

b) despois dos novos números 1 e 2 insírese o texto do número 1 do artigo 3 da citada acta como número 3; este novo número 3 reazará así:

«3. Os representantes serán elixidos por un período de cinco anos.»;

c) o número 3 actual, tal como foi modificado polo artigo 3 do presente tratado, pasa a se-lo número 4,

d) o número 4, tal como foi engadido polo artigo 3 do presente tratado, pasa a se-lo número 5.

7) No parágrafo primeiro do artigo 32 bis, as palabras «desde a data de adhesión» substitúense por «desde o 1 de xaneiro de 1995».

8) No número 3 do artigo 45 B suprímese o parágrafo segundo, que comeza por «Sen embargo, ó proceder ós primeiros nomeamentos...»

9) No artigo 50, o texto adaptado dos números 2 e 3 do artigo 20 do tratado polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única insírese como novos números 4 e 5; así, estes novos números 4 e 5 reazarán da seguinte forma:

«4. A parte dos gastos do orzamento das Comunidades cuberta coas exaccións previstas no artigo 49 quedará fixada na cifra de 18 millóns de unidades de conta.

A Comisión presentalle cada ano ó Consello un informe conforme o cal o Consello examinará se convén adapta-la dita cifra á evolución do orzamento das Comunidades. O Consello decidirá pola maioría prevista na primeira oración do parágrafo cuarto do artigo 28. Esta adaptación realizarase partindo da análise da evolución dos gastos que resulten da aplicación do presente tratado.

5. A parte de exaccións destinada a cubri-los gastos do orzamento das Comunidades será aplicada pola Comisión á execución do dito orzamento segundo o ritmo que fixen os regulamentos financeiros adoptados en virtude da letra b) do artigo 209 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e da letra b) do artigo 183 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica.»

10) Queda derogado o artigo 52.

11) No lugar do artigo 76 insírese o texto adaptado do parágrafo primeiro do artigo 28 do tratado polo que se constitúe un Consello único e unha Comunidade única das Comunidades Europeas; así, este novo artigo 76 reazará da seguinte forma:

«Artigo 76

A Comunidade gozará no territorio dos Estados membros dos privilexios e inmunidades necesarios para o cumprimento da súa misión, nas condicións establecidas no protocolo do 8 de abril de 1965 sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas.»

12) O artigo 79 modifícase da seguinte forma:

a) na segunda frase do parágrafo primeiro, suprímese desde «polo que respecta ó Sarre...», ata o final do parágrafo e o punto e coma substitúese por un punto;

b) despois do parágrafo primeiro, insírese un parágrafo segundo que reazará así:

«As disposicións do presente tratado aplicaranse ás illas Åland de conformidade coas disposicións do Protocolo n.º 2 da acta relativa ás condicións de adhesión da República de Austria, da República de Finlandia e do Reino de Suecia.»;

c) no actual parágrafo segundo, na parte introdutoria, as palabras «Non obstante o disposto no parágrafo

precedente;» substitúense por «Non obstante o disposto nos parágrafos precedentes;»;

d) no actual parágrafo segundo suprímese a letra d) relativa ás illas Åland.

13) No artigo 84, as palabras «e dos seus anexos, dos protocolos anexos e do convenio relativo ás disposicións transitorias.» substitúense por «e dos seus anexos e dos protocolos anexos.»

14) Queda derogado o artigo 85.

15) No artigo 93, as palabras «A Organización Europea de Cooperación Económica» substitúense por «A Organización de Cooperación e de Desenvolvemento Económico.»

16) No parágrafo terceiro do artigo 95, as palabras «Transcorrido o período transitorio previsto no convenio sobre as disposicións transitorias, se dificultades imprevistas...» substitúense por «Se dificultades imprevistas...»

17) No artigo 97, a redacción «O presente tratado conclúese por un período de cincuenta anos a partir da súa entrada en vigor.» substitúese por «O presente tratado expirará o 23 de xullo de 2002.»

II. *Texto do Anexo III «Aceiros especiais»*

Ó final do Anexo III, suprímense as iniciais dos plenipotenciarios dos xefes de Estado e de Goberno.

III. *Protocolos e outros actos anexos ó Tratado*

1) Derróganse os seguintes actos:

a) o troco de notas entre o Goberno da República Federal de Alemaña e o Goberno da República Francesa sobre o Sarre;

b) o Convenio relativo ás disposicións transitorias.

2) o protocolo sobre o estatuto do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro modifícase da seguinte forma:

a) os títulos I e II do protocolo substitúense polo texto dos títulos I e II do protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea;

b) queda derogado o artigo 56, e suprímese o encabezamento que o precede («Disposicións transitorias»);

c) suprímese a lista de signatarios.

3) O protocolo sobre as relacións co Consello de Europa modifícase da seguinte forma:

a) queda derogado o artigo 1;

b) suprímese a lista de signatarios.

Artigo 8.

O Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, incluídos os seus anexos e protocolos, queda modificado de conformidade co disposto no presente artigo, co fin de suprimir disposicións caducadas do dito tratado e adaptar en consecuencia o texto dalgunhas das súas disposicións.

I. *Texto dos artigos do Tratado*

1) No parágrafo segundo do artigo 76, as palabras «desde a entrada en vigor do Tratado,» substitúense por «desde o 1 de xaneiro de 1958,».

2) Na parte introdutoria do parágrafo primeiro do artigo 93, as palabras «Os Estados membros suprimirán entre si, un ano despois da entrada en vigor do presente Tratado, tódolos dereitos de aduana...» substitúense por «Os Estados membros prohibirán entre si tódolos dereitos de aduana...»

3) Quedan derogados os artigos 94 e 95.
 4) No parágrafo segundo do artigo 98, as palabras «Nun prazo de dous anos a partir da entrada en vigor do presente tratado, o Consello...» substitúense por «O Consello,...»

5) Queda derogado o artigo 100.

6) O artigo 104 modifícase da seguinte forma:

a) no parágrafo primeiro, as palabras «despois da entrada en vigor do presente tratado» substitúense por «despois do 1 de xaneiro de 1958 ou, para os Estados que se adherisen xa, despois da data da súa adhesión»;

b) no parágrafo segundo, as palabras «despois da entrada en vigor do presente tratado, no ámbito de aplicación deste» substitúense por «despois das datas previstas no parágrafo anterior, no ámbito de aplicación do presente tratado».

7) O artigo 105 modifícase da seguinte forma:

a) no parágrafo primeiro, as palabras «realizados antes da entrada en vigor deste tratado» substitúense por «realizados antes do 1 de xaneiro de 1958 ou, para os Estados que se adherisen xa, antes da data da súa adhesión». O final do mesmo parágrafo, as palabras «despois da entrada en vigor do presente tratado.» substitúense por «despois destas datas.»;

b) no parágrafo segundo, as palabras «realizados entre a sinatura e a entrada en vigor do presente tratado» substitúense por «realizados entre o 25 de marzo de 1957 e o 1 de xaneiro de 1958 ou, para os Estados que se adherisen xa, entre a sinatura da acta de adhesión e a data da súa adhesión.»

8) No parágrafo primeiro do artigo 106, as palabras «antes da entrada en vigor do presente tratado,» substitúense por «antes do 1 de xaneiro de 1958 ou, para os Estados que se adherisen xa, antes da data da súa adhesión.»

9) O artigo 108 modifícase da seguinte forma, para incluí-lo artigo 1, o artigo 2 (tal como foi modificado polo artigo 5 do presente tratado) e o punto 1 do artigo 3 da acta relativa á elección dos representantes no Parlamento Europeo por sufraxio universal directo, anexa á Decisión do Consello do 20 de setembro de 1976; o anexo II da dita acta seguirá sendo aplicable:

a) no lugar dos puntos 1 e 2, que caducaron obsoletos en virtude do artigo 14 da acta relativa á elección dos representantes no Parlamento Europeo, insírese o texto dos artigos 1 e 2 da dita acta como puntos 1 e 2; estes novos puntos 1 e 2 reazarán así:

«1. Os representantes no Parlamento Europeo dos pobos dos Estados reunidos na Comunidade serán elixidos por sufraxio universal directo.

2. O número de representantes elixidos en cada Estado membro será o seguinte:

Bélxica	25
Dinamarca	16
Alemaña	99
Grecia	25
España	64
Francia	87
Irlanda	15
Italia	87
Luxemburgo	6
Países Baixos	31
Austria	21
Portugal	25
Finlandia	16
Suecia	22
Reino Unido	87

No caso de se introduciren modificacións no presente artigo, o número de representantes elixidos en cada Estado membro deberá garantir unha representación adecuada dos pobos dos Estados reunidos na Comunidade.»;

b) despois dos novos puntos 1 e 2 insírese o texto do punto 1 do artigo 3 da citada acta como punto 3; este novo punto 3 reazará así:

«3. Os representantes serán elixidos por un período de cinco anos.»;

c) o número 3 actual, tal como foi modificado polo artigo 4 do presente tratado, pasa a se-lo número 4,

d) o número 4, tal como foi engadido polo artigo 4 do presente tratado, pasa a se-lo número 5.

10) No artigo 127 suprímese o punto 3.

11) No parágrafo primeiro do artigo 138, as palabras «desde a data de adhesión» substitúense por «desde o 1 de xaneiro de 1995».

12) No punto 3 do artigo 160 B, suprímese o parágrafo segundo, que comeza por «Sen embargo, ó proceder ós primeiros nomeamentos...»

13) No artigo 181 suprímense os parágrafos segundo, terceiro e cuarto.

14) No lugar do artigo 191 insírese o texto adaptado do parágrafo primeiro do artigo 28 do Tratado polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única das Comunidades Europeas; así, este novo artigo 191 reazará da seguinte forma:

«Artigo 191

A Comunidade gozará no territorio dos Estados membros dos privilexios e inmunidades necesarios para o cumprimento da súa misión, nas condicións establecidas no Protocolo do 8 de abril de 1965 sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas.»

15) O artigo 198 modifícase da seguinte forma:

a) despois do parágrafo segundo, insírese o seguinte parágrafo terceiro:

«As disposicións do presente tratado aplicaranse ás illas Åland de conformidade coas disposicións do Protocolo nº 2 da acta relativa ás condicións de adhesión da República de Austria, da República de Finlandia e do Reino de Suecia.»;

b) no actual parágrafo terceiro suprímese a letra e), relativa ás illas Åland.

16) No parágrafo primeiro do artigo 199, as palabras «e do Acordo xeral sobre aranceis alfandegueiros e comercio.» substitúense por «e da Organización Mundial do Comercio.»

17) Queda derogado o título VI, «Disposicións relativas ó período inicial», que comprende a sección 1, «Constitución das institucións», a sección 2, «Primeiras disposicións para a aplicación do tratado» e a sección 3, «Disposicións transitorias», así como os artigos 209 a 223.

18) No artigo 225 engádese o novo parágrafo seguinte:

«En virtude dos tratados de adhesión, son igualmente auténticas as versións do presente tratado en linguas danesa, española, finesa, grega, inglesa, irlandesa, portuguesa e sueca.»

II. *Anexos*

Suprímese o anexo V, «Programa inicial de investigación e de ensino recollido no artigo 215 do tratado», incluído o cadro «Desagregación por grandes capítulos.»

III. *Protocolos*

1) Queda derogado o Protocolo sobre a aplicación do Tratado da Comunidade Europea da Enerxía Atómica ás partes non europeas do Reino dos Países Baixos.

2) O Protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea da Enerxía Atómica modifícase da seguinte forma:

a) suprímense as palabras «DESIGNARON, con tal fin, como plenipotenciarios:», así como a lista de xefes de Estado e dos seus plenipotenciarios;

b) suprímense as palabras «OS CALES, despois de intercambiaren os seus plenos poderes, recoñecidos en boa e debida forma.»;

c) no artigo 3 engádese como parágrafo cuarto o texto adaptado do artigo 21 do Protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas; así, este novo parágrafo cuarto reza da seguinte forma:

«Os artigos 12 a 15, ambos inclusive, e 18 do Protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas serán aplicables ós xuíces, avogados xerais, secretario e relatores adxuntos do Tribunal de Xustiza, sen prexuízo das disposicións relativas á inmunidade de xurisdicción dos xuíces que figuran nos parágrafos precedentes.»;

d) queda derogado o artigo 58;

e) suprímese a fórmula derradeira «EN FE DO CAL, os plenipotenciarios abaixo asinantes subscriben o presente protocolo.»;

f) suprímese a lista de signatarios.

Artigo 9.

1. Sen prexuízo dos puntos seguintes, que teñen como finalidade conserva-los elementos esenciais das súas disposicións, quedan derogados o Convenio do 25 de marzo de 1957 sobre determinadas institucións comúns ás Comunidades Europeas e o Tratado do 8 de abril de 1965 polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única das Comunidades Europeas, incluída a súa acta derradeira, pero coa excepción do protocolo recollido no punto 5.

2. Os poderes e competencias conferidos ó Parlamento Europeo, ó Consello, á Comisión, ó Tribunal de Xustiza e ó Tribunal de Contas polo Tratado constitutivo da Comunidade Europea, o Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro, e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica serán exercidos por institucións únicas nas condicións previstas respectivamente polos ditos tratados e polo presente artigo.

As funcións conferidas ó Comité Económico e Social polo Tratado constitutivo da Comunidade Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica serán exercidas por un Comité único nas condicións previstas respectivamente polos ditos tratados. Serán aplicables ó dito comité as disposicións dos artigos 193 e 197 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

3. Os funcionarios e os outros axentes das Comunidades Europeas formarán parte da administración única das ditas Comunidades e rexeranse polas disposicións adoptadas en aplicación do artigo 212 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

4. As Comunidades Europeas gozarán no territorio dos Estados membros dos privilexios e inmunidades necesarios para o cumprimento da súa misión, nas condicións establecidas no protocolo recollido no punto 5. Este aplicarase ó Banco Central Europeo, ó Instituto Monetario Europeo e ó Banco Europeo de Investmentos.

5. No Protocolo do 8 de abril de 1965 sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas inserirase un artigo 23, tal como estaba previsto no protocolo polo que se modifica este protocolo; este artigo reza así:

«Artigo 23

Este protocolo será de aplicación así mesmo ó Banco Central Europeo, ós membros dos seus órganos e ó seu persoal, sen prexuízo do disposto no Protocolo sobre os Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo.

O Banco Central Europeo estará exento ademais de todo tipo de impostos ou gravames de similar natureza con motivo de calquera ampliación do seu capital, ó igual que dos diversos trámites con isto relacionados no Estado en que teña a súa sede o Banco. As actividades que desenvolvan o Banco e os seus órganos, consonte os Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo, non estarán suxeitas a ningún tipo de imposto sobre o volume de negocios.

As disposicións que anteceden aplicaranse tamén ó Instituto Monetario Europeo, a súa disolución ou liquidación non se someterá a ningún tipo de gravame.»

6. Os ingresos e os gastos da Comunidade Europea, os gastos administrativos da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e os ingresos correspondentes, e os ingresos e os gastos da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, con excepción dos da Axencia de abastecemento e as empresas comúns, consignaranse no orzamento das Comunidades Europeas, nas condicións previstas respectivamente nos tratados constitutivos destas tres comunidades.

7. Sen prexuízo da aplicación do artigo 216 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, do artigo 77 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro, do artigo 189 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica e do parágrafo segundo do artigo 1 do Protocolo sobre os Estatutos do Banco Europeo de Investmentos, os representantes dos Gobernos dos Estados membros adoptarán de común acordo as disposicións necesarias para regular determinados problemas específicos do Gran Ducado de Luxemburgo e que se derivan da creación dun Consello único e dunha Comisión única das Comunidades Europeas.

Artigo 10.

1. A derogación ou a supresión, na presente parte, de disposicións caducadas do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, tal como estaban vixentes antes da entrada en vigor do presente tratado de Amsterdam, e a adaptación dalgunhas das súas disposicións non afectarán os efectos xurídicos das disposicións dos ditos tratados, en particular os que resulten dos prazos por eles impostos, nin os das disposicións dos tratados de adhesión.

2. Os efectos xurídicos dos actos vixentes adoptados sobre a base dos ditos tratados non se verán afectados.

3. O mesmo se aplicará no relativo á derogación do Convenio do 25 de marzo de 1957 sobre determinadas institucións comúns ás Comunidades Europeas e á derogación do Tratado do 8 de abril de 1965 polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única das Comunidades Europeas.

Artigo 11.

As disposicións do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica relativas á competencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e ó exercicio da dita competencia serán aplicables ás disposicións da presente parte e ó Protocolo sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas recollido no punto 5 do artigo 9.

TERCEIRA PARTE

Disposicións xerais e derradeiras

Artigo 12.

1. Os artigos, títulos e seccións do Tratado da Unión Europea e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, na súa versión modificada polas disposicións do presente tratado, volveranse numerar consonte os cadros de equivalencias establecidos no anexo do presente tratado, que serán parte integrante del.

2. As referencias cruzadas a artigos, títulos e seccións dentro do Tratado da Unión Europea e dentro do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, ou entre ambos, adaptaranse en consecuencia. O mesmo se aplicará no relativo ás referencias a artigos, títulos e seccións dos ditos tratados contidas nos demais tratados comunitarios.

3. As referencias ós artigos, títulos e seccións dos tratados recollidos no punto 2 contidas noutros instru-

mentos ou actos entenderanse como referencias ós artigos, títulos e seccións dos tratados na súa nova numeración segundo o punto 1 e, respectivamente, ós puntos dos ditos artigos, na súa nova numeración resultante de determinadas disposicións do artigo 6.

4. As referencias, contidas noutros instrumentos ou actos, ós puntos dos artigos dos tratados recollidos nos artigos 7 e 8, entenderanse como referencias ós ditos puntos na súa nova numeración resultante de determinadas disposicións dos mencionados artigos 7 e 8.

Artigo 13.

O presente tratado conclúese por un período de tempo ilimitado.

Artigo 14.

1. O presente tratado será ratificado polas altas partes contratantes, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais. Os instrumentos de ratificación serán depositados ante o Goberno da República Italiana.

2. O presente tratado entrará en vigor o primeiro día do segundo mes seguinte ó depósito do instrumento de ratificación do último Estado signatario que cumpre esta formalidade.

Artigo 15.

O presente tratado, redactado nun exemplar único, en linguas alemana, danesa, española, finesa, francesa, grega, inglesa, irlandesa, italiana, neerlandesa, portuguesa e sueca, os textos do cal en cada unha destas linguas son igualmente auténticos, será depositado nos arquivos do Goberno da República Italiana, que remitirá unha copia autenticada a cada un dos Gobernos dos restantes Estados signatarios.

Feito en Amsterdam, o dous de outubro de mil novecentos noventa e sete.

ANEXO

Cadros de equivalencias recollidos no artigo 12 do Tratado de Amsterdam

A. Tratado da Unión Europea

Numeración anterior	Nova numeración	Numeración anterior	Nova numeración
Título I	Título I	Título VI (***)	Título VI
Artigo A	Artigo 1	Artigo K.1	Artigo 29
Artigo B	Artigo 2	Artigo K.2	Artigo 30
Artigo C	Artigo 3	Artigo K.3	Artigo 31
Artigo D	Artigo 4	Artigo K.4	Artigo 32
Artigo E	Artigo 5	Artigo K.5	Artigo 33
Artigo F	Artigo 6	Artigo K.6	Artigo 34
Artigo F.1 (*)	Artigo 7	Artigo K.7	Artigo 35
		Artigo K.8	Artigo 36
Título II	Título II	Artigo K.9	Artigo 37
Artigo G	Artigo 8	Artigo K.10	Artigo 38
		Artigo K.11	Artigo 39
Título III	Título III	Artigo K.12	Artigo 40
Artigo H	Artigo 9	Artigo K.13	Artigo 41
		Artigo K.14	Artigo 42
Título IV	Título IV		
Artigo I	Artigo 10	Título VI bis (**)	Título VII
		Artigo K.15 (*)	Artigo 43
Título V (***)	Título V	Artigo K.16 (*)	Artigo 44
Artigo J.1	Artigo 11	Artigo K.17 (*)	Artigo 45
Artigo J.2	Artigo 12		
Artigo J.3	Artigo 13	Título VII	Título VIII
Artigo J.4	Artigo 14	Artigo L	Artigo 46
Artigo J.5	Artigo 15	Artigo M	Artigo 47
Artigo J.6	Artigo 16	Artigo N	Artigo 48
Artigo J.7	Artigo 17	Artigo O	Artigo 49
Artigo J.8	Artigo 18	Artigo P	Artigo 50
Artigo J.9	Artigo 19	Artigo Q	Artigo 51
Artigo J.10	Artigo 20	Artigo R	Artigo 52
Artigo J.11	Artigo 21	Artigo S	Artigo 53
Artigo J.12	Artigo 22		
Artigo J.13	Artigo 23		
Artigo J.14	Artigo 24		
Artigo J.15	Artigo 25		
Artigo J.16	Artigo 26		
Artigo J.17	Artigo 27		
Artigo J.18	Artigo 28		

(*) Artigo novo introducido polo Tratado de Amsterdam.

(**) Título novo introducido polo Tratado de Amsterdam.

(***) Título reestructurado polo Tratado de Amsterdam.

B. Tratado constitutivo da Comunidade Europea

Numeración anterior	Nova numeración	Numeración anterior	Nova numeración
PRIMEIRA PARTE	PRIMEIRA PARTE		
Artigo 1	Artigo 1	Artigo 7 (derrogado)	—
Artigo 2	Artigo 2	Artigo 7 A	Artigo 14
Artigo 3	Artigo 3	Artigo 7 B (derrogado)	—
Artigo 3 A	Artigo 4	Artigo 7 C	Artigo 15
Artigo 3 B	Artigo 5	Artigo 7 D (*)	Artigo 16
Artigo 3 C (*)	Artigo 6		
Artigo 4	Artigo 7	SEGUNDA PARTE	SEGUNDA PARTE
Artigo 4 A	Artigo 8	Artigo 8	Artigo 17
Artigo 4 B	Artigo 9	Artigo 8 A	Artigo 18
Artigo 5	Artigo 10	Artigo 8 B	Artigo 19
Artigo 5 A (*)	Artigo 11	Artigo 8 C	Artigo 20
Artigo 6	Artigo 12	Artigo 8 D	Artigo 21
Artigo 6 A (*)	Artigo 13	Artigo 8 E	Artigo 22

Numeración anterior	Nova numeración	Numeración anterior	Nova numeración
TERCEIRA PARTE	TERCEIRA PARTE	Artigo 41	Artigo 35
Título I	Título I	Artigo 42	Artigo 36
Artigo 9	Artigo 23	Artigo 43	Artigo 37
Artigo 10	Artigo 24	Artigo 44 (derrogado)	—
Artigo 11 (derrogado)	—	Artigo 45 (derrogado)	—
		Artigo 46	Artigo 38
Capítulo I	Capítulo I	Artigo 47 (derrogado)	—
Sección 1 (suprimida)	—		
Artigo 12	Artigo 25	Título III	Título III
Artigo 13 (derrogado)	—	Capítulo 1	Capítulo 1
Artigo 14 (derrogado)	—	Artigo 48	Artigo 39
Artigo 15 (derrogado)	—	Artigo 49	Artigo 40
Artigo 16 (derrogado)	—	Artigo 50	Artigo 41
Artigo 17 (derrogado)	—	Artigo 51	Artigo 42
		Capítulo 2	Capítulo 2
Sección 2 (suprimida)	—	Artigo 52	Artigo 43
Artigo 18 (derrogado)	—	Artigo 53 (derrogado)	—
Artigo 19 (derrogado)	—	Artigo 54	Artigo 44
Artigo 20 (derrogado)	—	Artigo 55	Artigo 45
Artigo 21 (derrogado)	—	Artigo 56	Artigo 46
Artigo 22 (derrogado)	—	Artigo 57	Artigo 47
Artigo 23 (derrogado)	—	Artigo 58	Artigo 48
Artigo 24 (derrogado)	—	Capítulo 3	Capítulo 3
Artigo 25 (derrogado)	—	Artigo 59	Artigo 49
Artigo 26 (derrogado)	—	Artigo 60	Artigo 50
Artigo 27 (derrogado)	—	Artigo 61	Artigo 51
Artigo 28	Artigo 26	Artigo 62 (derrogado)	—
Artigo 29	Artigo 27	Artigo 63	Artigo 52
		Artigo 64	Artigo 53
Capítulo 2	Capítulo 2	Artigo 65	Artigo 54
Artigo 30	Artigo 28	Artigo 66	Artigo 55
Artigo 31 (derrogado)	—	Capítulo 4	Capítulo 4
Artigo 32 (derrogado)	—	Artigo 67 (derrogado)	—
Artigo 33 (derrogado)	—	Artigo 68 (derrogado)	—
Artigo 34	Artigo 29	Artigo 69 (derrogado)	—
Artigo 35 (derrogado)	—	Artigo 70 (derrogado)	—
Artigo 36	Artigo 30	Artigo 71 (derrogado)	—
Artigo 37	Artigo 31	Artigo 72 (derrogado)	—
		Artigo 73 (derrogado)	—
Título II	Título II	Artigo 73 A (derrogado)	—
Artigo 38	Artigo 32	Artigo 73 B	Artigo 56
Artigo 39	Artigo 33	Artigo 73 C	Artigo 57
Artigo 40	Artigo 34	Artigo 73 D	Artigo 58
		Artigo 73 E (derrogado)	—
		Artigo 73 F	Artigo 59
		Artigo 73 G	Artigo 60
		Artigo 73 H (derrogado)	—

Numeración anterior	Nova numeración	Numeración anterior	Nova numeración	Numeración anterior	Nova numeración	Numeración anterior	Nova numeración
Título III bis (**)	Título IV	Artigo 103 A	Artigo 100	Capítulo 3	Capítulo 3	QUINTA PARTE	QUINTA PARTE
Artigo 73 I (*)	Artigo 61	Artigo 104	Artigo 101	Artigo 126	Artigo 149	Título I	Título I
Artigo 73 J (*)	Artigo 62	Artigo 104 A	Artigo 102	Artigo 127	Artigo 150	Capítulo 1	Capítulo 1
Artigo 73 K (*)	Artigo 63	Artigo 104 B	Artigo 103	Título IX	Título XII	Sección 1	Sección 1
Artigo 73 L (*)	Artigo 64	Artigo 104 C	Artigo 104	Artigo 128	Artigo 151	Artigo 137	Artigo 189
Artigo 73 M (*)	Artigo 65	Capítulo 2	Capítulo 2	Título X	Título XIII	Artigo 138	Artigo 190
Artigo 73 N (*)	Artigo 66	Artigo 105	Artigo 105	Artigo 129	Artigo 152	Artigo 138 A	Artigo 191
Artigo 73 O (*)	Artigo 67	Artigo 105 A	Artigo 106	Título XI	Título XIV	Artigo 138 B	Artigo 192
Artigo 73 P (*)	Artigo 68	Artigo 106	Artigo 107	Artigo 129 A	Artigo 153	Artigo 138 C	Artigo 193
Artigo 73 Q (*)	Artigo 69	Artigo 107	Artigo 108	Título XII	Título XV	Artigo 138 D	Artigo 194
Título IV	Título V	Artigo 108	Artigo 109	Artigo 129 B	Artigo 154	Artigo 138 E	Artigo 195
Artigo 74	Artigo 70	Artigo 108 A	Artigo 110	Artigo 129 C	Artigo 155	Artigo 139	Artigo 196
Artigo 75	Artigo 71	Artigo 109	Artigo 111	Artigo 129 D	Artigo 156	Artigo 140	Artigo 197
Artigo 76	Artigo 72	Capítulo 3	Capítulo 3	Título XIII	Título XVI	Artigo 141	Artigo 198
Artigo 77	Artigo 73	Artigo 109 A	Artigo 112	Artigo 130	Artigo 157	Artigo 142	Artigo 199
Artigo 78	Artigo 74	Artigo 109 B	Artigo 113	Título XIV	Título XVII	Artigo 143	Artigo 200
Artigo 79	Artigo 75	Artigo 109 C	Artigo 114	Artigo 130 A	Artigo 158	Artigo 144	Artigo 201
Artigo 80	Artigo 76	Artigo 109 D	Artigo 115	Artigo 130 B	Artigo 159	Sección 2	Sección 2
Artigo 81	Artigo 77	Capítulo 4	Capítulo 4	Artigo 130 C	Artigo 160	Artigo 145	Artigo 202
Artigo 82	Artigo 78	Artigo 109 E	Artigo 116	Artigo 130 D	Artigo 161	Artigo 146	Artigo 203
Artigo 83	Artigo 79	Artigo 109 F	Artigo 117	Artigo 130 E	Artigo 162	Artigo 147	Artigo 204
Artigo 84	Artigo 80	Artigo 109 G	Artigo 118	Título XV	Título XVIII	Artigo 148	Artigo 205
Título V	Título VI	Artigo 109 H	Artigo 119	Artigo 130 F	Artigo 163	Artigo 149 (de-	—
Capítulo 1	Capítulo 1	Artigo 109 I	Artigo 120	Artigo 130 G	Artigo 164	rogado)	Artigo 206
Sección 1	Sección 1	Artigo 109 J	Artigo 121	Artigo 130 H	Artigo 165	Artigo 150	Artigo 207
Artigo 85	Artigo 81	Artigo 109 K	Artigo 122	Artigo 130 I	Artigo 166	Artigo 151	Artigo 208
Artigo 86	Artigo 82	Artigo 109 L	Artigo 123	Artigo 130 J	Artigo 167	Artigo 152	Artigo 209
Artigo 87	Artigo 83	Artigo 109 M	Artigo 124	Artigo 130 K	Artigo 168	Artigo 153	Artigo 210
Artigo 88	Artigo 84	Título VI bis (**)	Título VIII	Artigo 130 L	Artigo 169	Artigo 154	Artigo 211
Artigo 89	Artigo 85	Artigo 109 N (*)	Artigo 125	Artigo 130 M	Artigo 170	Sección 3	Sección 3
Artigo 90	Artigo 86	Artigo 109 O (*)	Artigo 126	Artigo 130 N	Artigo 171	Artigo 155	Artigo 212
Sección 2	—	Artigo 109 P (*)	Artigo 127	Artigo 130 O	Artigo 172	Artigo 156	Artigo 213
(suprimida)	—	Artigo 109 Q (*)	Artigo 128	Artigo 130 P	Artigo 173	Artigo 157	Artigo 214
Artigo 91 (derro-	—	Artigo 109 R (*)	Artigo 129	Artigo 130 Q (de-	—	Artigo 158	Artigo 215
gado)	—	Artigo 109 S (*)	Artigo 130	rogado)	Sección 4	Artigo 159	Artigo 216
Sección 3	Sección 2	Título VII	Título IX	Artigo 130 R	Artigo 174	Artigo 160	Artigo 217
Artigo 92	Artigo 87	Artigo 110	Artigo 131	Artigo 130 S	Artigo 175	Artigo 161	Artigo 218
Artigo 93	Artigo 88	Artigo 111 (de-	—	Artigo 130 T	Artigo 176	Artigo 162	Artigo 219
Artigo 94	Artigo 89	rogado)	Artigo 132	Título XVI	Título XIX	Artigo 163	Artigo 220
Capítulo 2	Capítulo 2	Artigo 112	Artigo 133	Artigo 130 U	Artigo 177	Artigo 164	Artigo 221
Artigo 95	Artigo 90	Artigo 113	Artigo 134	Artigo 130 V	Artigo 178	Artigo 165	Artigo 222
Artigo 96	Artigo 91	Artigo 114 (de-	—	Artigo 130 W	Artigo 179	Artigo 166	Artigo 223
Artigo 97 (derro-	—	rogado)	Título VII bis (**)	Artigo 130 X	Artigo 180	Artigo 167	Artigo 224
gado)	—	Artigo 115	Artigo 116 (*)	Artigo 130 Y	Artigo 181	Artigo 168	Artigo 225
Artigo 98	Artigo 92	Título VII bis (**)	Artigo 135	Título XVII	Título XX	Artigo 168 A	Artigo 226
Artigo 99	Artigo 93	Artigo 116 (*)	Artigo 136	Artigo 130 U	Artigo 177	Artigo 169	Artigo 227
Capítulo 3	Capítulo 3	Título VIII	Título XI	Artigo 130 V	Artigo 178	Artigo 170	Artigo 228
Artigo 100	Artigo 94	Capítulo 1 (***)	Capítulo 1	Artigo 130 W	Artigo 179	Artigo 171	Artigo 229
Artigo 100 A	Artigo 95	Artigo 117	Artigo 136	Artigo 130 X	Artigo 180	Artigo 172	Artigo 230
Artigo 100 B (de-	—	Artigo 118	Artigo 137	Artigo 130 Y	Artigo 181	Artigo 173	Artigo 231
rogado)	—	Artigo 118 A	Artigo 138	CUARTA PARTE	CUARTA PARTE	Artigo 174	Artigo 232
Artigo 100 C (de-	—	Artigo 118 B	Artigo 139	Artigo 131	Artigo 182	Artigo 175	Artigo 233
rogado)	—	Artigo 118 C	Artigo 140	Artigo 132	Artigo 183	Artigo 176	Artigo 234
Artigo 100 D (de-	—	Artigo 119	Artigo 141	Artigo 133	Artigo 184	Artigo 177	Artigo 235
rogado)	—	Artigo 119 A	Artigo 142	Artigo 134	Artigo 185	Artigo 178	Artigo 236
Artigo 101	Artigo 96	Artigo 119 B	Artigo 143	Artigo 135	Artigo 186	Artigo 179	Artigo 237
Artigo 102	Artigo 97	Artigo 120	Artigo 144	Artigo 136	Artigo 187	Artigo 180	Artigo 238
Título VI	Título VII	Artigo 121	Artigo 145	Artigo 136 A	Artigo 188	Artigo 181	Artigo 239
Capítulo 1	Capítulo 1	Artigo 122	Capítulo 2	Artigo 137	Artigo 188	Artigo 182	Artigo 240
Artigo 102 A	Artigo 98	Capítulo 2	Artigo 146	Artigo 138	Artigo 188	Artigo 183	Artigo 241
Artigo 103	Artigo 99	Artigo 123	Artigo 147	Artigo 139	Artigo 188	Artigo 184	Artigo 242
		Artigo 124	Artigo 148	Artigo 140	Artigo 188	Artigo 185	Artigo 243
		Artigo 125		Artigo 141		Artigo 186	

PROTOCOLOS

Numeración anterior	Nova numeración	Numeración anterior	Nova numeración
Artigo 187	Artigo 244		
Artigo 188	Artigo 245		
Sección 5	Sección 5	SEXTA PARTE	SEXTA PARTE
Artigo 188 A	Artigo 246	Artigo 210	Artigo 281
Artigo 188 B	Artigo 247	Artigo 211	Artigo 282
Artigo 188 C	Artigo 248	Artigo 212 (*)	Artigo 283
		Artigo 213	Artigo 284
		Artigo 213 A (*)	Artigo 285
		Artigo 213 B (*)	Artigo 286
Capítulo 2	Capítulo 2	Artigo 214	Artigo 287
Artigo 189	Artigo 249	Artigo 215	Artigo 288
Artigo 189 A	Artigo 250	Artigo 216	Artigo 289
Artigo 189 B	Artigo 251	Artigo 217	Artigo 290
Artigo 189 C	Artigo 252	Artigo 218 (*)	Artigo 291
Artigo 190	Artigo 253	Artigo 219	Artigo 292
Artigo 191	Artigo 254	Artigo 220	Artigo 293
Artigo 191 A (*)	Artigo 255	Artigo 221	Artigo 294
Artigo 192	Artigo 256	Artigo 222	Artigo 295
		Artigo 223	Artigo 296
		Artigo 224	Artigo 297
		Artigo 225	Artigo 298
Capítulo 3	Capítulo 3	Artigo 226 (de- rrogado)	—
Artigo 193	Artigo 257	Artigo 227	Artigo 299
Artigo 194	Artigo 258	Artigo 228	Artigo 300
Artigo 195	Artigo 259	Artigo 228 A	Artigo 301
Artigo 196	Artigo 260	Artigo 229	Artigo 302
Artigo 197	Artigo 261	Artigo 230	Artigo 303
Artigo 198	Artigo 262	Artigo 231	Artigo 304
		Artigo 232	Artigo 305
		Artigo 233	Artigo 306
		Artigo 234	Artigo 307
		Artigo 235	Artigo 308
		Artigo 236 (*)	Artigo 309
		Artigo 237 (de- rrogado)	—
		Artigo 238	Artigo 310
		Artigo 239	Artigo 311
		Artigo 240	Artigo 312
		Artigo 241 (de- rrogado)	—
		Artigo 242 (de- rrogado)	—
		Artigo 243 (de- rrogado)	—
		Artigo 244 (de- rrogado)	—
		Artigo 245 (de- rrogado)	—
		Artigo 246 (de- rrogado)	—
		DISPOSICIÓN DERRADEIRAS	DISPOSICIÓN DERRADEIRAS
		Artigo 247	Artigo 313
		Artigo 248	Artigo 314
Título II	Título II		
Artigo 199	Artigo 268		
Artigo 200 (de- rrogado)	—		
Artigo 201	Artigo 269		
Artigo 201 A	Artigo 270		
Artigo 202	Artigo 271		
Artigo 203	Artigo 272		
Artigo 204	Artigo 273		
Artigo 205	Artigo 274		
Artigo 205 A	Artigo 275		
Artigo 206	Artigo 276		
Artigo 206 A (de- rrogado)	—		
Artigo 207	Artigo 277		
Artigo 208	Artigo 278		
Artigo 209	Artigo 279		
Artigo 209 A	Artigo 280		

(*) Artigo novo introducido polo Tratado de Amsterdam.

(**) Título novo introducido polo Tratado de Amsterdam.

(***) Capítulo 1 reestructurado polo Tratado de Amsterdam.

A. Protocolo anexo ó Tratado da Unión Europea*Protocolo sobre o artigo J.7 do Tratado da Unión Europea*

As altas partes contratantes,

Tendo en conta a necesidade de aplicar plenamente as disposicións do segundo parágrafo do punto 1 e do punto 3 do artigo J.7 do Tratado da Unión Europea,

Tendo en conta que a política da Unión de acordo co artigo J.7 non afectará o carácter específico da política de seguridade e de defensa de determinados Estados membros, respectará as obrigas derivadas do Tratado do Atlántico Norte para determinados Estados membros que consideran que a súa defensa común se realiza dentro da OTAN e será compatible coa política común de seguridade e de defensa establecida no dito marco,

Conviñeron na seguinte disposición, que se incorporará como anexo ó Tratado da Unión Europea:

A Unión Europea elaborará, xunto coa Unión Europea Occidental, acordos de cooperación máis intensa entre si, nun prazo dun ano a partir da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam.

B. Protocolos anexos ó Tratado da Unión Europea e ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea*Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea*

As altas partes contratantes,

Tomando nota de que os acordos relativos á supresión gradual dos controis nas fronteiras comúns, asinados en Schengen por determinados Estados membros da Unión Europea o 14 de xuño de 1985 e o 19 de xuño de 1990, así como os acordos relacionados e as normas adoptadas en virtude destes, teñen como finalidade potencia-la integración europea e facer posible, en particular, que a Unión Europea se converta con máis rapidez nun espacio de liberdade, seguridade e xustiza,

Desexando incorpora-los ditos acordos e normas ó marco da Unión Europea,

Confirmando que o disposto no acervo de Schengen só pode aplicarse na medida en que sexa compatible co dereito da Comunidade e da Unión,

Tendo en conta a posición especial de Dinamarca,

Tendo en conta que Irlanda e o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte non son partes contratantes dos citados acordos nin os asinaron; que, non obstante, debería preverse a posibilidade de que os ditos Estados membros acepten algunhas ou tódalas disposicións destes,

Recoñecendo que, en consecuencia, cómpre acollerse ó disposto no Tratado da Unión Europea e no Tratado constitutivo da Comunidade Europea no que se refire a unha cooperación reforzada entre determinados Estados membros e que estas disposicións deberían utilizarse unicamente como último recurso,

Tendo en conta a necesidade de manter unha relación especial coa República de Islandia e co Reino de Noruega, Estados que confirmaron a súa intención de subscribiren as disposicións mencionadas, consonte o Acordo asinado en Luxemburgo o 19 de decembro de 1996,

Conviñeron nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ó Tratado da Unión Europea e ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea:

Artigo 1.

O Reino de Bélxica, o Reino de Dinamarca, a República Federal de Alemaña, a República Helénica, o Reino de España, a República Francesa, a República Italiana, o Gran Ducado de Luxemburgo, o Reino dos Países Baixos, a República de Austria, a República Portuguesa, a República de Finlandia e o Reino de Suecia, signatarios dos acordos de Schengen, quedan autorizados a establecer entre si unha cooperación reforzada no ámbito de aplicación dos ditos acordos e disposicións relacionadas, recollidos no anexo do presente protocolo e denominados no sucesivo «acervo de Schengen». Esta cooperación levarase a cabo no marco institucional e xurídico da Unión Europea e respectando as disposicións pertinentes do Tratado da Unión Europea e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo 2.

1. A partir da data da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o acervo de Schengen, incluídas as decisións que adoptase ata a data o Comité executivo creado polos acordos de Schengen, será inmediatamente aplicable ós trece Estados membros a que se refire o artigo 1, sen prexuízo do disposto no número 2 do presente artigo. A partir da mesma data, o Consello substituirá o dito Comité executivo.

O Consello adoptará, por unanimidade dos membros a que se refire o artigo 1, calquera medida que resulte necesaria para a execución deste punto. O Consello determinará, por unanimidade e conforme as disposicións pertinentes dos tratados, a base xurídica de cada unha das disposicións ou decisións que constitúan o acervo Schengen.

Con respecto a estas disposicións e decisións e de acordo coa mencionada determinación, o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas exercerá as competencias que lle outorgan as disposicións aplicables pertinentes dos tratados. En todo caso, o Tribunal de Xustiza non terá ningunha competencia sobre as medidas ou decisións relativas ó mantemento da lei e a orde pública así como á salvagarda da seguridade interior.

Mentres non se adopten as medidas mencionadas e sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 5, as disposicións ou decisións que integran o acervo de Schengen consideraranse actos baseados no título VI do Tratado da Unión Europea.

2. O disposto no número 1 será aplicable ós Estados membros que asinasen Protocolos de adhesión ós acordos de Schengen a partir das datas que o Consello decida por unanimidade dos membros a que se refire o artigo 1, a menos que os requisitos para a adhesión de calquera destes Estados ó acervo de Schengen se cumpran antes da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam.

Artigo 3.

Despois da determinación mencionada no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 2, Dinamarca manterá os mesmos dereitos e obrigas en relación cos demais signatarios dos acordos de Schengen que antes da mencionada determinación con respecto a aquelas partes do acervo de Schengen a base xurídica das cales quede determinada no título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Polo que respecta a aquelas partes do acervo de Schengen a base xurídica das cales quede determinada no título VI do Tratado da Unión Europea, Dinamarca seguirá tendo os mesmos dereitos e obrigas cós demais signatarios dos acordos de Schengen.

Artigo 4.

Irlanda e o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, que non están vinculados polo acervo de Schengen, poderán solicitar en calquera momento participar nalgunhas ou en tódalas disposicións do dito acervo.

O Consello decidirá sobre tal solicitude por unanimidade dos membros a que se refire o artigo 1 e do representante do Goberno do Estado de que se trate.

Artigo 5.

1. As propostas e iniciativas para desenvolverlo acervo de Schengen estarán sometidas ás correspondentes disposicións dos tratados.

Neste contexto, no caso de que Irlanda, o Reino Unido ou ambos non notificasen ó presidente do Consello por escrito e nun prazo razoable que desexan participar, considerarase que a autorización á que se refiren o artigo 5 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e o artigo K.12 do Tratado da Unión Europea se concedeu ós Estados membros a que se refire o artigo 1 e a Irlanda ou ó Reino Unido cando calquera deles desexe participar nos ámbitos de cooperación de que se trate.

2. As disposicións pertinentes dos tratados a que se refire o parágrafo primeiro do punto 1 aplicaranse mesmo cando o Consello non adoptase as medidas previstas no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 2.

Artigo 6.

A República de Islandia e o Reino de Noruega serán asociados á execución do acervo de Schengen e no seu desenvolvemento futuro conforme o Acordo asinado en Luxemburgo o 19 de decembro de 1996. Para tal efecto adoptaranse procedementos adecuados mediante un acordo que o Consello realizará con estes Estados, por unanimidade dos membros a que se refire o artigo 1. Este acordo conterá disposicións sobre a participación de Islandia e de Noruega en calquera repercusión financeira que se derive da aplicación do presente protocolo.

O Consello subscribirá, por unanimidade, un acordo independente con Islandia e con Noruega para determina-los dereitos e as obrigas entre Irlanda e o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, por un lado, e Islandia e Noruega por outro, nos ámbitos do acervo de Schengen que se apliquen a estes Estados.

Artigo 7.

O Consello decidirá, por maioría cualificada, as disposicións para a integración da Secretaría de Schengen na Secretaría Xeral do Consello.

Artigo 8.

Para efectos das negociacións para a admisión de novos Estados membros na Unión Europea, considerarase que o acervo de Schengen e outras medidas adoptadas polas institucións no seu ámbito deben aceptarse na súa totalidade como acervo por todo Estado que sexa candidato á adhesión.

ANEXO

Acervo de Schengen

1. O Acordo, asinado en Schengen o 14 de xuño de 1985, entre os Gobernos dos Estados da Unión Económica do Benelux, da República Federal de Alemaña

e da República Francesa, relativo á supresión gradual dos controis nas fronteiras comúns.

2. O Convenio, asinado en Schengen o 19 de xuño de 1990, entre o Reino de Bélxica, a República Federal de Alemaña, a República Francesa, o Gran Ducado de Luxemburgo e o Reino dos Países Baixos, de aplicación do Acordo de Schengen relativo á supresión gradual dos controis nas fronteiras comúns, asinado en Schengen o 14 de xuño de 1985, xunto coa súa acta final e declaracións comúns.

3. Os protocolos e acordos de adhesión ó Acordo de 1985 e ó Convenio de aplicación de 1990 con Italia (asinado en París o 27 de novembro de 1990), España e Portugal (asinados en Bonn o 25 de xuño de 1991), Grecia (asinado en Madrid o 6 de novembro de 1992), Austria (asinado en Bruxelas o 28 de abril de 1995) e Dinamarca, Finlandia e Suecia (asinados en Luxemburgo o 19 de decembro de 1996), xunto coas súas actas finais e declaracións.

4. Decisións e declaracións adoptadas polo Comité executivo creado polo Convenio de aplicación de 1990, así como actos adoptados para a aplicación do Convenio por instancias ás que o Comité executivo lles atribuíse competencias decisorias.

Protocolo sobre a aplicación de determinados aspectos do artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea ó Reino Unido e a Irlanda

As altas partes contratantes,

Desexando solucionar algunhas cuestións relativas ó Reino Unido e a Irlanda,

Vista a existencia durante moitos anos de acordos especiais de viaxe entre o Reino Unido e Irlanda,

Conviñeron nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado da Unión Europea,

Artigo 1.

Non obstante o disposto no artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, en calquera outra disposición do dito tratado ou no Tratado da Unión Europea, en calquera medida adoptada en virtude dos ditos tratados ou en calquera acordo internacional realizado pola Comunidade ou pola Comunidade e os seus Estados membros con un ou máis Estados terceiros, o Reino Unido terá dereito a exercer nas súas fronteiras con outros Estados membros, respecto de persoas que desexen entrar no Reino Unido, os controis que poida considerar necesarios para efectos de:

a) verifica-lo dereito de entrada no territorio do Reino Unido de cidadáns de Estados que son partes contratantes do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo ou das persoas ó seu cargo que se acollan a dereitos outorgados polo Dereito comunitario, así como de cidadáns doutros Estados ós que lles outorgue tales dereitos un acordo que vincule o Reino Unido; e

b) decidir se concede a outras persoas o permiso de entrar no territorio do Reino Unido.

Nada no artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea ou en calquera outra disposición do dito tratado ou do Tratado da Unión Europea ou en calquera medida adoptada en virtude deles menoscabará o dereito do Reino Unido a adoptar ou a exercer estes controis. As referencias ó Reino Unido contidas no presente artigo incluírán os territorios dos que o Reino Unido asuma as relacións exteriores.

Artigo 2.

O Reino Unido e Irlanda poderán seguir concluíndo entre si acordos relativos á circulación de persoas entre os seus respectivos territorios (A Zona de Viaxe Común «the Common Travel Area»), sempre que respecten plenamente os dereitos das persoas establecido na letra a) do parágrafo primeiro do artigo 1 do presente protocolo. En consecuencia, na medida en que manteñan estes acordos, o disposto no artigo 1 do presente protocolo será de aplicación a Irlanda nos mesmos termos e condicións que ó Reino Unido.

Nada no artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, en calquera outra disposición do dito tratado ou do Tratado da Unión Europea ou en calquera outra medida adoptada en virtude deles afectará os ditos acordos.

Artigo 3.

Os demais Estados membros estarán capacitados para exercer nas súas fronteiras ou en calquera punto de entrada no seu territorio estes controis sobre persoas que desexen entrar no seu territorio procedentes do Reino Unido, ou de calquera territorio do que o Reino Unido asuma as relacións exteriores, para os mesmos efectos mencionados no artigo 1 do presente protocolo, ou procedentes de Irlanda, na medida en que as disposicións do artigo 1 do presente protocolo se apliquen a Irlanda.

Nada no artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea ou en calquera outra disposición do dito tratado ou do Tratado da Unión Europea ou en calquera medida adoptada en virtude deles menoscabará o dereito dos demais Estados membros a adoptaren ou a exercer os ditos controis.

Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda

As altas partes contratantes,

Desexando solucionar algunhas cuestións relativas ó Reino Unido e a Irlanda,

Visto o protocolo sobre a aplicación de determinados aspectos do artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea ó Reino Unido e a Irlanda,

Conviñeron nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado da Unión Europea:

Artigo 1.

Con suxeición ó disposto no artigo 3, o Reino Unido e Irlanda non participarán na adopción polo Consello de medidas propostas en virtude do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. Como excepción ó disposto no punto 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, a maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos que a establecida no dito punto 2 do artigo 148. As decisións do Consello que deban adoptarse por unanimidade requirirán a unanimidade dos membros do Consello, exceptuados os representantes dos Gobernos do Reino Unido e de Irlanda.

Artigo 2.

Como consecuencia do artigo 1 e sen prexuízo dos artigos 3, 4 e 6, ningunha das disposicións do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, ningunha medida adoptada en virtude deste título, ningunha disposición de ningún acordo internacional realizado

pola Comunidade en virtude do dito título e ningunha resolución do Tribunal de Xustiza interpretativa de calquera destas disposicións ou medidas será vinculante nin aplicable ó Reino Unido nin a Irlanda; ningunha de tales disposicións, medidas ou decisións afectará en ningún modo as competencias, dereitos e obrigas dos ditos Estados e ningunha de tales disposicións, medidas ou decisións afectará o acervo comunitario nin formará parte do dereito comunitario, tal e como estes se aplican ó Reino Unido e a Irlanda.

Artigo 3.

1. O Reino Unido ou Irlanda poderán notificar por escrito ó presidente do Consello, nun prazo de tres meses a partir da presentación ó Consello dunha proposta ou iniciativa en virtude do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, o seu desexo de participaren na adopción e aplicación da medida proposta de que se trate, tralo cal este Estado terá dereito a facelo. Como excepción ó disposto no punto 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, a maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos cá establecida no dito punto 2 do artigo 148.

As decisións do Consello que deban adoptarse por unanimidade requirirán a unanimidade dos membros do Consello, exceptuado o membro ou os membros que non fixesen tal notificación. As medidas adoptadas de acordo co presente punto serán vinculantes para tódolos Estados membros que participasen na súa adopción.

2. Se, transcorrido un período razoable, unha medida das mencionadas no punto 1 non puidese adoptarse coa participación do Reino Unido ou de Irlanda, o Consello poderá adopta-la dita medida de conformidade co artigo 1 sen a participación do Reino Unido ou de Irlanda. En tal caso será de aplicación o artigo 2.

Artigo 4.

O Reino Unido ou Irlanda poderán en calquera momento, trala adopción dunha medida por parte do Consello en virtude do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, notificar ó Consello e á Comisión o seu propósito e desexo de acepta-la dita medida. En tal caso, aplicarase mutatis mutandis o procedemento previsto no número 3 do artigo 5 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo 5.

Os Estados membros para os cales non sexa vinculante unha medida das adoptadas en virtude do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea non soportarán ningunha consecuencia financeira desta medida, a non ser que sexan gastos administrativos ocasionados ás institucións.

Artigo 6.

Cando, nos casos a que se refire o presente protocolo, unha medida adoptada polo Consello en virtude do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea sexa vinculante para o Reino Unido ou Irlanda, serán aplicables ó dito Estado en relación con tal medida as correspondentes disposicións deste tratado, incluído o artigo 73 P.

Artigo 7.

Os artigos 3 e 4 entenderanse sen prexuízo do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

Artigo 8.

Irlanda poderalle notificar por escrito ó presidente do Consello o seu desexo de non seguir acolléndose ás disposicións do presente protocolo. En tal caso, aplicaranse a Irlanda as disposicións normais do tratado.

Protocolo sobre a posición de Dinamarca

As altas partes contratantes,

Recordando a decisión dos xefes de Estado e de Goberno, reunidos no seo do Consello Europeo en Edimburgo o 12 de decembro de 1992, sobre algúns problemas presentados por Dinamarca respecto do Tratado da Unión Europea,

Tomada nota da posición de Dinamarca con respecto á cidadanía, á unión económica e monetaria, á política de defensa e ós asuntos de xustiza e interior, tal como se establece na Decisión de Edimburgo,

Tendo presente o artigo 3 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea,

Conviñeron nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea e ó Tratado da Unión Europea:

PARTE I

Artigo 1.

Dinamarca non participará na adopción polo Consello de medidas propostas en virtude do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. Como excepción ó disposto no punto 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, a maioría cualificada definirase gardando a mesma proporción dos votos ponderados dos membros do Consello concernidos cá establecida no dito punto 2 do artigo 148 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea. As decisións do Consello que deban adoptarse por unanimidade requirirán a unanimidade dos membros do Consello, exceptuado o representante do Goberno de Dinamarca.

Artigo 2.

Ningunha das disposicións do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, ningunha medida adoptada en virtude deste título, ningunha disposición de ningún acordo internacional realizado pola Comunidade en virtude deste título e ningunha decisión do Tribunal de Xustiza interpretativa de calquera destas disposicións ou medidas será vinculante nin aplicable a Dinamarca; ningunha de tales disposicións, medidas ou decisións afectará en ningún modo as competencias, dereitos e obrigas de Dinamarca e ningunha de tales disposicións, medidas ou decisións afectará o acervo comunitario nin formará parte do Dereito comunitario, tal e como estes se aplican a Dinamarca.

Artigo 3.

Dinamarca non soportará ningunha consecuencia financeira das medidas mencionadas no artigo 1, a non ser que sexan gastos administrativos ocasionados ás institucións.

Artigo 4.

Os artigos 1, 2 e 3 non se aplicarán ás medidas que determinen os países terceiros en que os nacionais deban estar provistos dun visado ó cruza-las fronteiras exteriores dos Estados membros, nin ás medidas relativas a un modelo uniforme de visado.

Artigo 5.

1. Dentro dun período de seis meses a partir de que o Consello decidise sobre unha proposta ou iniciativa de desenvolve-lo acervo de Schengen segundo o disposto no título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, Dinamarca decidirá se incorpora esta decisión á súa lexislación nacional. Se así o fixer, esta decisión creará unha obriga, de dereito internacional, entre Dinamarca e os restantes Estados membros mencionados no artigo 1 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea, así como con Irlanda e o Reino Unido se estes Estados membros participan nos ámbitos de cooperación en cuestión.

2. Se Dinamarca decide non aplicar unha decisión do Consello, no sentido do punto 1, os Estados membros mencionados no artigo 1 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea considerarán as medidas apropiadas que deban tomar.

PARTE II

Artigo 6.

Polo que se refire ás medidas adoptadas polo Consello dentro do ámbito de aplicación do punto 1 do artigo J.3 e do artigo J.7 do Tratado da Unión Europea, Dinamarca non participará na elaboración e aplicación de decisións e accións da Unión con implicacións no ámbito da defensa, pero non impedirá o desenvolvemento dunha cooperación reforzada entre os Estados membros neste ámbito. Polo tanto, Dinamarca non participará na súa adopción. Dinamarca non estará obrigada a contribuír ó financiamento dos gastos operativos derivados de tales medidas.

PARTE III

Artigo 7.

En calquera momento, Dinamarca poderá, de acordo coas súas normas constitucionais, informa-los demais Estados membros de que xa non desexa facer uso do presente protocolo na súa totalidade ou en parte. Nese caso, Dinamarca aplicará plenamente tódalas medidas pertinentes entón vixentes tomadas dentro do marco da Unión Europea.

C. Protocolos anexos ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea

Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea

As altas partes contratantes,

Considerando que, de conformidade co disposto no punto 2 do artigo F do Tratado da Unión Europea, «a Unión respectará os dereitos fundamentais tal e como se garanten no Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais asinado en Roma o 4 de novembro de 1950»;

Considerando que o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas é competente para garantir que a

Comunidade Europea respecta o dereito ó interpretar e aplica-lo punto 2 do artigo F do Tratado da Unión Europea;

Considerando que, de conformidade co artigo O do Tratado da Unión Europea, calquera Estado europeo ó solicita-lo ingreso como membro na Unión debe respecta-los principios do punto 1 do artigo F do Tratado da Unión Europea;

Tendo presente que o artigo 236 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea establece un mecanismo para suspender determinados dereitos en caso de violación grave e persistente por parte dun Estado membro dos devanditos principios;

Recordando que todo nacional dun Estado membro, como cidadán da Unión, goza dun estatuto e dunha protección especiais que os Estados membros garantirán de acordo coas disposicións da segunda parte do Tratado constitutivo da Comunidade Europea;

Tendo presente que o Tratado constitutivo da Comunidade Europea establece un espacio sen fronteiras interiores e concede a tódolos cidadáns da Unión o dereito a circularen e residiren libremente dentro do territorio dos Estados membros;

Recordando que a cuestión da extradición de nacionais de Estados membros da Unión se aborda no Convenio europeo de extradición do 13 de decembro de 1957 e no Convenio do 27 de setembro de 1996 establecido sobre a base do artigo K.3 do Tratado da Unión Europea, relativo á extradición entre os Estados membros da Unión Europea;

Desexando evitar que se recorra ó procedemento do asilo para fins alleos a aqueles para os que está previsto;

Considerando que o presente protocolo respecta a finalidade e os obxectivos da Convención de Xenebra do 28 de xullo de 1951 sobre o estatuto dos refuxiados;

Conviñeron nas seguintes disposicións que se incorporarán como anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea:

Artigo único.

Dado o grao de protección dos dereitos e liberdades fundamentais por parte dos Estados membros da Unión Europea, considerarase que os Estados membros constitúen reciprocamente países de orixe seguros para tódolos efectos xurídicos e prácticos en relación con asuntos de asilo. En consecuencia, a solicitude de asilo efectuada por un nacional dun Estado membro só poderá tomarse en consideración ou ser declarada admisible para o seu exame por outro Estado membro nos seguintes casos:

a) se o Estado membro do que o solicitante é nacional procede, despois da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, amparándose nas disposicións do artigo 15 do Convenio para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, a adoptar medidas que establezan no seu territorio excepcións ás súas obrigas de acordo con este convenio;

b) se se iniciou o procedemento mencionado no punto 1 do artigo F.1 do Tratado da Unión Europea e ata que o Consello adopte unha decisión ó respecto;

c) se o Consello, baseándose no punto 1 do artigo F.1 do Tratado da Unión Europea, determinou, respecto ó Estado membro do que o solicitante é nacional, a existencia dunha violación grave e persistente por parte do dito Estado membro de principios mencionados no punto 1 do artigo F;

d) se un Estado membro así o decidise unilateralmente respecto da solicitude dun nacional doutro Estado

membro; neste caso, informarase inmediatamente ó Consello. A solicitude atenderase baseándose na presunción de que é manifestamente infundada sen que afecte en ningún modo, calquera que poidan se-los casos, a facultade de toma de decisións do Estado membro.

Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade

As altas partes contratantes,

Decidas a estableceren as condicións para a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade establecidos no artigo 3 B do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, con vistas a definir con maior precisión os criterios para a súa aplicación e a garantiren o seu estricto cumprimento e a súa aplicación coherente por parte de tódalas institucións;

Desexando asegurar que as decisións se tomen o máis preto posible dos cidadáns da Unión;

Tendo en conta o Acordo Interinstitucional do 25 de outubro de 1993 entre o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión sobre procedementos de aplicación do principio de subsidiariedade;

Confirmaron que as conclusións do Consello Europeo de Birmingham do 16 de outubro de 1992 e o enfoque global na aplicación do principio de subsidiariedade adoptado polo Consello Europeo na súa sesión celebrada en Edimburgo os días 11 e 12 de decembro de 1992 continuarán guiando a acción das institucións da Unión, así como o desenvolvemento da aplicación do principio de subsidiariedade, e, para tal fin,

Acordaron as seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea:

1) Ó exercer-las competencias que lle foron conferidas, cada institución deberá garanti-lo cumprimento do principio de subsidiariedade. Tamén garantirá o respecto do principio de proporcionalidade, segundo o cal ningunha acción da Comunidade excederá do necesario para alcanza-los obxectivos do tratado.

2) A aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade respectará as disposicións xerais e os obxectivos do tratado, en particular no referente ó pleno mantemento do acervo comunitario e do equilibrio institucional; non afectará os principios desenvolvidos polo Tribunal de Xustiza no que se refire á relación entre o dereito comunitario e o nacional e debería ter en conta o punto 4 do artigo F do Tratado da Unión Europea, segundo o cal «a Unión dotarase dos medios necesarios para alcanza-los seus obxectivos e para levar a cabo as súas políticas».

3) O principio de subsidiariedade non cuestiona as competencias conferidas á Comunidade Europea polo tratado, conforme as interpretou o Tribunal de Xustiza. Os criterios mencionados no parágrafo segundo do artigo 3 B do tratado referiranse ós ámbitos nos cales a Comunidade non ten competencia exclusiva. O principio de subsidiariedade ofrece unha orientación acerca de cómo deben exercerse esas competencias a nivel comunitario. A subsidiariedade é un concepto dinámico e debe aplicarse a teor dos obxectivos que sinala o tratado. Permite que a intervención comunitaria, dentro dos límites das súas competencias, se amplíe cando as circunstancias así o esixan e, inversamente, que se restrinxa ou abandone cando deixe de estar xustificada.

4) Para toda norma comunitaria proposta expóranse os motivos nos que se basea con vistas a xustificar que cumpre os principios de subsidiariedade e proporcionalidade, as razóns para concluír que un obxectivo comunitario pode lograrse mellor no nivel da Comunidade

deben xustificarse mediante indicadores cualitativos ou, cando sexa posible, cuantitativos.

5) Para que a actuación comunitaria estea xustificada, deberán reunirse ámbolos aspectos do principio de subsidiariedade: que os obxectivos da acción proposta non poden ser alcanzados de maneira suficiente mediante a actuación dos Estados membros no marco do seu sistema constitucional nacional e, por conseguinte, poden lograrse mellor mediante unha actuación da Comunidade.

Deberán aplicarse as seguintes directrices ó estudar se se cumpre esta condición:

— o asunto que se considera presenta aspectos transnacionais que non poden ser regulados satisfactoriamente mediante a actuación dos Estados membros;

— as actuacións dos Estados membros unicamente, ou a ausencia de actuación comunitaria, entrarían en conflito cos requisitos do tratado (tales como a necesidade de corrixir distorsións da competencia, ou evitar restriccións encubertas do comercio ou reforza-la cohesión económica e social), ou prexudicarían considerablemente, por algunha outra canle, os intereses dos Estados membros;

— a actuación comunitaria proporcionaría claros beneficios debido á súa escala ou ós seus efectos en comparación coa actuación no nivel dos Estados membros.

6) A forma da actuación comunitaria deberá se-lo máis sinxela posible, coherente co logro satisfactorio do obxectivo da medida e coa necesidade da súa execución eficaz. A Comunidade deberá legislar unicamente na medida do necesario. En igualdade de condicións, as directivas serán preferibles ós regulamentos, e as directivas marco ás medidas detalladas. As directivas, tal e como se definen no artigo 189 do Tratado, aínda que obriguen o Estado membro destinatario en canto ó resultado que deba conseguirse, deixaranlles ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios.

7) No que se refire á natureza e ó alcance da actuación da Comunidade, as medidas comunitarias deberían deixar unha marxe tan ampla como sexa posible para que as decisións se tomen a nivel nacional, de forma compatible co dobre obxectivo de que as medidas cumpran a súa finalidade e de que se respecten os requisitos do Tratado. Haberá que velar por que se respecten simultaneamente o dereito comunitario e as disposicións nacionais ben establecidas así como o ordenamento e o funcionamento dos réximes xurídicos dos Estados membros. Cando corresponda e a reserva da súa correcta execución, as medidas comunitarias deberíanlles ofrecer ós Estados membros varias formas alternativas de alcanza-los obxectivos perseguidos.

8) Cando a aplicación do principio de subsidiariedade sexa motivo de que a Comunidade non adopte unha acción, os Estados membros terán que se axustar na súa actuación ás normas xerais que establece o artigo 5 do tratado, tomando tódalas medidas apropiadas para asegura-lo cumprimento das súas obrigas de acordo co tratado e absténdose de todas aquelas medidas que poidan poñer en perigo a realización dos obxectivos do tratado.

9) Sen prexuízo do seu dereito de iniciativa, a Comisión debería:

— excepto en casos especiais de urxencia ou confidencialidade, consultar amplamente antes de propoñer textos legislativos e, se é o caso, publica-los documentos de consulta;

— xustifica-la pertinencia das súas propostas en relación co principio de subsidiariedade; en caso necesario, o memorando explicativo que acompañe unha proposta dará precisións a este respecto. O financiamento total

ou parcial da acción comunitaria con cargo ó orzamento da Comunidade requirirá unha explicación;

— ter debidamente en conta a necesidade de que calquera carga, tanto financeira coma administrativa, que recaia sobre a Comunidade, os Gobernos nacionais, as autoridades locais, os axentes económicos ou os cidadáns deberá ser reducida ó mínimo e deberá ser proporcional ó obxectivo que se desexe alcanzar;

— presentar ó Consello Europeo, ó Parlamento Europeo e ó Consello un informe anual sobre a aplicación do artigo 3 B do tratado. Este informe anual deberá remitirse así mesmo ó Comité das Rexións e ó Comité Económico e Social.

10) O Consello Europeo terá en conta o informe da Comisión a que se refire o cuarto guión do número 9 no seu informe relativo ós progresos realizados pola Unión que debe presentar ó Parlamento Europeo de conformidade co artigo D do Tratado da Unión Europea.

11) Con pleno respecto dos procedementos aplicables, o Parlamento Europeo e o Consello examinarán, como parte integrante do exame global das propostas da Comisión, se estas se ateen ó disposto no artigo 3 B do tratado. Este exame aplicarase tanto á proposta orixinal da Comisión como ás modificacións que o Parlamento Europeo e o Consello desexen introducir na proposta.

12) Durante os procedementos establecidos nos artigos 189 B e 189 C do tratado, informarase ó Parlamento Europeo da postura do Consello sobre a aplicación do artigo 3 B do tratado, mediante unha exposición dos motivos polos que o Consello adopta a súa posición común. O Consello informará o Parlamento Europeo dos motivos polos que considera que unha proposta da Comisión non se axusta, en parte ou na súa totalidade, ó artigo 3 B do tratado.

13) O cumprimento do principio de subsidiariedade será obxecto de exame de acordo coas normas establecidas no tratado.

Protocolo sobre as relacións exteriores dos Estados membros con respecto ó cruzamento de fronteiras exteriores

As altas partes contratantes,

Tendo en conta a necesidade dos Estados membros de garantir controis efectivos nas súas fronteiras exteriores, en cooperación, se é o caso, con países terceiros,

Conviñeron na seguinte disposición, que se incorporará como anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea:

As disposicións relativas ás medidas sobre o cruzamento de fronteiras exteriores incluídas na letra a) do punto 2 do artigo 73 J do título III bis do Tratado entenderanse sen prexuízo da competencia dos Estados membros para negociaren ou subscribiren acordos con países terceiros, sempre que observen o dereito comunitario e os demais acordos internacionais pertinentes.

Protocolo sobre o sistema de radiodifusión pública dos Estados membros

As altas partes contratantes,

Considerando que o sistema de radiodifusión pública dos Estados membros está directamente relacionado coas necesidades democráticas, sociais e culturais de cada sociedade e coa necesidade de preservalo pluralismo dos medios de comunicación,

Conviñeron nas seguintes disposicións interpretativas, que se incorporarán como anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea:

As disposicións do Tratado constitutivo da Comunidade Europea entenderanse sen prexuízo da facultade dos Estados membros de financiaren o servizo público de radiodifusión na medida en que o financiamento se conceda ós organismos de radiodifusión para levar a cabo a función de servizo público tal como foi atribuída, definida e organizada por cada Estado membro, e na medida en que o dito financiamento non afecte as condicións do comercio e da competencia na Comunidade nun grao que sexa contrario ó interese común, debendo terse en conta a realización da función deste servizo público.

Protocolo sobre a protección e o benestar dos animais

As altas partes contratantes,

Desexando garantir unha maior protección e un maior respecto do benestar dos animais como seres sensibles,

Conviñeron na disposición seguinte, que se incorporará como anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea:

Ó formularen e aplicaren as políticas comunitarias en materia de agricultura, transporte, mercado interior e investigación, a Comunidade e os Estados membros terán plenamente en conta as esixencias en materia de benestar dos animais, respectando ó mesmo tempo as disposicións legais ou administrativas e os costumes dos Estados membros relativos, en particular, a ritos relixiosos, tradicións culturais e patrimonio rexional.

D. Protocolos anexos ó Tratado da Unión Europea e ós Tratados constitutivos da Comunidade Europea, da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e da Comunidade Europea da Enerxía Atómica

Protocolo sobre as institucións na perspectiva da ampliación da Unión Europea

As altas partes contratantes,

Conviñeron nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ó Tratado da Unión Europea e ós Tratados constitutivos das Comunidades Europeas:

Artigo 1.

Na data de entrada en vigor da primeira ampliación da Unión, non obstante o disposto no punto 1 do artigo 157 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, no punto 1 do artigo 9 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e no punto 1 do artigo 126 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, a Comisión comprenderá un nacional de cada un dos Estados membros, sempre que para esa data se modificase a ponderación dos votos no Consello dunha maneira aceptable para tódolos Estados membros, ben mediante unha nova ponderación dos votos ou ben mediante unha dobre maioría, tendo en conta tódolos aspectos pertinentes, en especial a compensación a aqueles Estados membros que renunciaren á posibilidade de designaren un segundo membro da Comisión.

Artigo 2.

Polo menos un ano antes de que o número de Estados membros da Unión Europea exceda de vinte, convocarase unha conferencia de representantes dos Gobernos

dos Estados membros co fin de efectuar unha revisión global das disposicións dos tratados sobre a composición e o funcionamento das institucións.

Protocolo sobre a fixación das sedes das institucións e de determinados organismos e servizos das Comunidades Europeas e de Europol

Os representantes dos gobernos dos estados membros,

Vistos o artigo 216 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, o artigo 77 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e o artigo 189 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica,

Visto o Tratado da Unión Europea,

Recordando e confirmando a Decisión do 8 de abril de 1965, e sen prexuízo das decisións relativas á sede de futuras institucións, organismos e servizos,

Acordaron as seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ó Tratado da Unión Europea e ós tratados constitutivos das Comunidades Europeas,

Artigo único.

a) O Parlamento Europeo terá a súa sede en Estrasburgo, onde se celebrarán os 12 períodos parciais de sesións plenarias mensuais, incluída a sesión orzamentaria. Os períodos parciais de sesións plenarias adicionais terán lugar en Bruxelas. As comisións do Parlamento Europeo reuniranse en Bruxelas. A Secretaría Xeral do Parlamento Europeo e os seus servizos seguirán instalados en Luxemburgo.

b) O Consello terá a súa sede en Bruxelas. Durante os meses de abril, xuño e outubro, o Consello realizará as súas reunións en Luxemburgo.

c) A Comisión terá a súa sede en Bruxelas. Os servizos que figuran nos artigos 7, 8 e 9 da Decisión do 8 de abril de 1965 estableceranse en Luxemburgo.

d) O Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Primeira Instancia terán a súa sede en Luxemburgo.

e) O Tribunal de Contas terá a súa sede en Luxemburgo.

f) O Comité Económico e Social terá a súa sede en Bruxelas.

g) O Comité das Rexións terá a súa sede en Bruxelas.

h) O Banco Europeo de Investimentos terá a súa sede en Luxemburgo.

i) O Instituto Monetario Europeo e o Banco Central Europeo terán a súa sede en Frankfurt.

j) A Oficina Europea de Policía (Europol) terá a súa sede na Haia.

Protocolo sobre o cometido dos parlamentos nacionais na Unión Europea

As altas partes contratantes,

Recordando que o control que realiza cada parlamento nacional da actuación do seu propio Goberno con respecto ás actividades da Unión atinxe á organización e ás prácticas constitucionais propias de cada Estado membro,

Desexando, non obstante, impulsar unha maior participación dos parlamentos nacionais nas actividades da Unión Europea e incrementala súa capacidade para manifesta-la súa opinión naqueles asuntos que consideren de especial interese,

Conviñeron nas disposicións seguintes, que se incorporarán como anexo ó Tratado da Unión Europea e ós Tratados constitutivos das Comunidades Europeas:

I. Información ós parlamentos nacionais dos Estados membros:

1. Tódolos documentos de consulta da Comisión (libros brancos e verdes e comunicacións) transmitiránse puntualmente ós parlamentos nacionais dos Estados membros.

2. As propostas legislativas da Comisión, definidas como tales polo Consello de conformidade co punto 3 do artigo 151 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, comunicaranse coa suficiente antelación para que o Goberno de cada Estado membro poida velar por que o seu parlamento nacional as reciba convenientemente.

3. Entre o momento en que a Comisión transmite ó Parlamento Europeo e ó Consello unha proposta legislativa ou unha proposta dunha medida que deba adoptarse en virtude do título VI do Tratado da Unión Europea en tódalas súas versións lingüísticas e a data de inclusión desta proposta na orde do día do Consello para que este decida ó respecto ben a adopción dun acto, ou ben a adopción dunha posición común de conformidade cos artigos 189 B ou 189 C do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, deberá transcorrer un prazo de seis semanas, agás excepcións por motivos de urxencia, debendo mencionarse estes no acto ou a posición común.

II. Conferencia de Órganos Especializados en Asuntos Europeos:

4. A Conferencia de Órganos Especializados en Asuntos Europeos, no sucesivo denominada COSAC, creada en París os días 16 e 17 de novembro de 1989, poderá dirixir ás institucións da Unión Europea calquera contribución que xulgue conveniente, baseándose, en particular, en proxectos de textos normativos que os representantes dos Gobernos dos Estados membros decidan de común acordo transmitirle, en función da natureza dos asuntos que traten.

5. A COSAC poderá estudar calquera proposta ou iniciativa legislativa relacionada coa creación dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza que poida ter consecuencias directas nos dereitos e liberdades das persoas. Informarase o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión de calquera contribución realizada pola COSAC de acordo co presente punto.

6. A COSAC poderá dirixir ó Parlamento Europeo, ó Consello e á Comisión calquera contribución que xulgue conveniente sobre as actividades legislativas da Unión, en particular respecto da aplicación do principio de subsidiariedade, o espazo de liberdade, seguridade e xustiza, así como respecto das cuestións relativas ós dereitos fundamentais.

7. As achegas da COSAC non vincularán en absoluto os parlamentos nacionais ni prexulgarán a súa posición.

ACTA DERRADEIRA

A Conferencia dos representantes dos gobernos dos Estados membros convocada en Turín o vintenoventa e seis de marzo de mil novecentos noventa e seis para adoptar de común acordo as modificacións que deberán introducirse no Tratado da Unión Europea, nos Tratados constitutivos da Comunidade Europea, da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e da Comunidade Europea da Enerxía Atómica e en determinados actos conexas adoptou os seguintes textos:

I. O Tratado de Amsterdam polo que se modifican o Tratado da Unión Europea, os Tratados constitutivos das Comunidades Europeas e determinados actos conexas.

II. Protocolos:

A. Protocolo anexo ó Tratado da Unión Europea:

1. Protocolo sobre o artigo J.7 do Tratado da Unión Europea.

B. Protocolos anexos ó Tratado da Unión Europea e ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea:

2. Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

3. Protocolo sobre a aplicación de determinados aspectos do artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea ó Reino Unido e a Irlanda.

4. Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda.

5. Protocolo sobre a posición de Dinamarca.

C. Protocolos anexos ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea:

6. Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

7. Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

8. Protocolo sobre as relacións exteriores dos Estados membros con respecto ó cruzamento de fronteiras exteriores.

9. Protocolo sobre o sistema de radiodifusión pública dos Estados membros.

10. Protocolo sobre a protección e o benestar dos animais.

D. Protocolos anexos ó Tratado da Unión Europea e ós Tratados constitutivos da Comunidade Europea, a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e a Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

11. Protocolo sobre as institucións na perspectiva da ampliación da Unión Europea.

12. Protocolo sobre as sedes das institucións e de determinados organismos e servizos das Comunidades Europeas e de Europol.

13. Protocolo sobre o cometido dos parlamentos nacionais na Unión Europea.

III. Declaracións: A Conferencia adoptou as seguintes declaracións anexas á presente acta derradeira:

1. Declaración sobre a abolición da pena de morte.

2. Declaración sobre a intensificación da cooperación entre a Unión Europea e a Unión Europea Occidental.

3. Declaración relativa á Unión Europea Occidental.

4. Declaración sobre os artigos J.14 e K.10 do Tratado da Unión Europea.

5. Declaración sobre o artigo J.15 do Tratado da Unión Europea.

6. Declaración sobre o establecemento dunha unidade de planificación da política e de alerta rápida.

7. Declaración sobre o artigo K.2 do Tratado da Unión Europea.

8. Declaración sobre a letra e) do artigo K.3 do Tratado da Unión Europea.

9. Declaración sobre o punto 2 do artigo K.6 do Tratado da Unión Europea.

10. Declaración sobre o artigo K.7 do Tratado da Unión Europea.

11. Declaración sobre o estatuto das igrexas e das organizacións non confesionais.

12. Declaración sobre as avaliacións do impacto ambiental.

13. Declaración sobre o artigo 7 D do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

14. Declaración sobre a derogación do artigo 44 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

15. Declaración sobre o mantemento do nivel de protección e seguridade que ofrece o acervo de Schengen.

16. Declaración sobre a letra b) do punto 2 do artigo 73 J do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

17. Declaración sobre o artigo 73 K do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

18. Declaración sobre a letra a) do punto 3 do artigo 73 K do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

19. Declaración sobre o punto 1 do artigo 73 L do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

20. Declaración sobre o artigo 73 M do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

21. Declaración sobre o artigo 73 O do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

22. Declaración relativa ás persoas discapacitadas.

23. Declaración sobre as medidas de fomento establecidas no artigo 109 R do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

24. Declaración sobre o artigo 109 R do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

25. Declaración sobre o artigo 118 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

26. Declaración sobre o punto 2 do artigo 118 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

27. Declaración sobre o punto 2 do artigo 118 B do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

28. Declaración sobre o punto 4 do artigo 119 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

29. Declaración sobre o deporte.

30. Declaración sobre as rexións insulares.

31. Declaración relativa á Decisión do Consello do 13 de xullo de 1987.

32. Declaración sobre a organización e o funcionamento da Comisión.

33. Declaración sobre o punto 3 do artigo 188 C do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

34. Declaración sobre o respecto dos prazos no procedemento de codecisión.

35. Declaración sobre o punto 1 do artigo 191 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

36. Declaración sobre os países e territorios de Ultramar.

37. Declaración sobre as entidades públicas de crédito en Alemaña.

38. Declaración sobre as actividades de voluntariado.

39. Declaración sobre a calidade de redacción da lexislación comunitaria.

40. Declaración relativa ó procedemento de subscrición de acordos internacionais pola Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro.

41. Declaración sobre as disposicións relativas á transparencia, ó acceso ós documentos e á loita contra a fraude.

42. Declaración sobre a consolidación dos tratados.

43. Declaración relativa ó Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

44. Declaración sobre o artigo 2 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

45. Declaración sobre o artigo 4 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

46. Declaración sobre o artigo 5 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

47. Declaración sobre o artigo 6 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

48. Declaración relativa ó Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

49. Declaración sobre a letra d) do artigo único do Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

50. Declaración relativa ó Protocolo sobre as institucións na perspectiva da ampliación da Unión Europea.

51. Declaración sobre o artigo 10 do Tratado de Amsterdam.

A Conferencia tamén tomou nota das declaracións seguintes que se incorporan como anexo á presente acta derradeira:

1. Declaración de Austria e Luxemburgo sobre as entidades de crédito.

2. Declaración de Dinamarca sobre o artigo K.14 do Tratado da Unión Europea.

3. Declaración de Alemaña, Austria e Bélxica sobre a subsidiariedade.

4. Declaración de Irlanda sobre o artigo 3 do Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda.

5. Declaración de Bélxica relativa ó Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

6. Declaración de Bélxica, Francia e Italia relativa ó Protocolo sobre as institucións na perspectiva da ampliación da Unión Europea.

7. Declaración de Francia sobre a situación dos departamentos de Ultramar á vista do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

8. Declaración de Grecia relativa á Declaración sobre o estatuto das igrexas e das organizacións non confesionais.

Por último, a Conferencia acordou xuntar á presente acta derradeira, para efectos ilustrativos, os textos do Tratado da Unión Europea e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, tal e como resultan das modificacións realizadas pola Conferencia.

Feito en Amsterdam, o dous de outubro de mil novecentos noventa e sete.

DECLARACIÓNS ADOPTADAS POLA CONFERENCIA

1. Declaración sobre a abolición da pena de morte.

En relación co punto 2 do artigo F do Tratado da Unión Europea, a Conferencia recorda que o Protocolo n.º 6 do Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, asinado en Roma o 4 de novembro de 1950, e que foi asinado e ratificado por unha ampla maioría de Estados membros, prevé a abolición da pena de morte.

Neste contexto, a Conferencia observa que, a partir da sinatura do dito Protocolo o 28 de abril de 1983, a pena de morte foi abolida na maioría dos Estados membros da Unión e que non foi aplicada en ningún deles.

2. Declaración sobre a intensificación da cooperación entre a Unión Europea e a Unión Europea Occidental.

Con miras a intensificar a cooperación entre a Unión Europea e a Unión Europea Occidental, a Conferencia invita o Consello a que trate de adoptar canto antes as disposicións adecuadas para proceder á habilitación de seguridade do persoal da Secretaría Xeral do Consello.

3. Declaración relativa á Unión Europea Occidental.

A Conferencia toma nota da seguinte declaración, adoptada polo Consello de Ministros da Unión Europea Occidental o 22 de xullo de 1997.

«Declaración da Unión Europea Occidental sobre o papel da Unión Europea Occidental e as súas relacións coa Unión Europea e a Alianza Atlántica (traducción)»

INTRODUCCIÓN

1. Os Estados membros da Unión Europea Occidental (UEO) chegaron a un acordo en 1991 en Maastricht sobre a necesidade de desenvolver unha auténtica identidade europea de seguridade e de defensa (IESD) e de asumir en maior grao responsabilidades europeas en materia de defensa. Á luz do Tratado de Amsterdam, reafirman a importancia de continuar e intensificar estes esforzos. A UEO é parte integrante do desenvolvemento da Unión Europea, facilitándolle o acceso a unha capacidade operativa, en particular no contexto das misións de Petersberg, e constitúe un elemento fundamental do desenvolvemento da IESD dentro da Alianza Atlántica de acordo co enunciado na Declaración de París e coas decisións adoptadas en Berlín polos ministros da OTAN.

2. O Consello da UEO reúne na actualidade a tódolos Estados membros da Unión Europea e á totalidade dos membros europeos da Alianza Atlántica de conformidade co seu estatuto respectivo. Así mesmo, reúne a estes países cos países da Europa central e oriental ligados á Unión Europea mediante acordos de asociación e candidatos de adhesión tanto á Unión Europea como á Alianza Atlántica. Así pois, a UEO eríxese como un verdadeiro marco de diálogo e cooperación entre europeos arredor das cuestións de seguridade e defensa europeas en sentido amplo.

3. Neste contexto, a UEO toma nota do título V do Tratado da Unión Europea, relativo á política exterior e de seguridade común da Unión Europea, e en particular do punto 1 do artigo J.3 e do artigo J.7, así como do Protocolo relativo ó artigo J.7, o texto do cal é o seguinte:

Punto 1 do artigo J.3:

“1. O Consello Europeo definirá os principios e as orientacións xerais da política exterior e de seguridade común, incluídos os asuntos que teñan repercusións no ámbito da defensa.”

Artigo J.7:

“1. A política exterior e de seguridade común abranxerá tódalas cuestións relativas á seguridade da Unión, incluída a definición progresiva dunha política de defensa común, de conformidade co parágrafo segundo, que podería conducir a unha defensa común se así o decidise o Consello Europeo. En tal caso, recomendaralles ós Estados membros a adopción desa decisión de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

A Unión Europea Occidental (UEO) é parte integrante do desenvolvemento da Unión e proporciónalles á Unión o acceso a unha capacidade operativa especialmente no contexto do número 2. A UEO secunda a Unión na definición dos aspectos de defensa da política exterior e de seguridade común tal como se establecen no presente artigo. A Unión, en consecuencia, fomentará relacións institucionais máis estreitas coa UEO con vistas á posibilidade da integración da UEO na Unión, se así o decidise o Consello Europeo. En tal caso, recomendaralles ós Estados membros a adopción desa decisión de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

A política da Unión de acordo co presente artigo non afectará o carácter específico da política de seguridade e de defensa de determinados Estados membros, respectará as obrigas derivadas do Tratado do Atlántico Norte para determinados Estados membros que consideran que a súa defensa común se realiza dentro da

Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN) e será compatible coa política común de seguridade e de defensa establecida no dito marco.

A definición progresiva dunha política de defensa común estará apoiada, segundo consideren adecuado os Estados membros, pola cooperación entre si no sector do armamento.

2. As cuestións a que se refire o presente artigo incluírán misións humanitarias e de rescate, misións de mantemento da paz e misións nas que interveñan forzas de combate para a xestión de crise, incluídas as misións de restablecemento da paz.

3. A Unión recorrerá á UEO para que elabore e poña en práctica as decisións e accións da Unión que teñan repercusións no ámbito da defensa.

A competencia do Consello Europeo para establecer orientacións de acordo co artigo J.3 rexerá tamén respecto á UEO naqueles asuntos nos que a Unión recorra á UEO.

Cando a Unión recorra á UEO para que elabore e poña en práctica decisións da Unión relativas ás misións a que se refire o punto 2, tódolos Estados membros da Unión terán dereito a participar plenamente nas ditas misións. O Consello, de común acordo coas institucións da UEO, adoptará as modalidades prácticas necesarias que lles permitan a tódolos Estados membros que contribúan ás ditas misións participaren plenamente e en pé de igualdade na planificación e adopción de decisións na UEO.

As decisións a que se refire o presente punto que teñan repercusións no ámbito da defensa adoptaranse sen prexuízo das políticas e obrigas a que se refire o parágrafo terceiro do punto 1.

4. As disposicións do presente artigo non serán óbice para o desenvolvemento dunha cooperación reforzada entre dous ou varios Estados membros no plano bilateral, no marco da UEO e da Alianza Atlántica, sempre que esta cooperación non contraveña nin obstaculice a que se prevé no presente título.

5. Con vistas a promover os obxectivos do presente artigo, as disposicións deste artigo revisaranse de acordo co artigo N."

Protocolo sobre o artigo J.7:

"As altas partes contratantes,

Tendo en conta a necesidade de aplicar plenamente as disposicións do segundo parágrafo do punto 1 e do punto 3 do artigo J.7 do Tratado da Unión Europea,

Tendo en conta que a política da Unión de acordo co artigo J.7 non afectará o carácter específico da política de seguridade e de defensa de determinados Estados membros, respectará as obrigas derivadas do Tratado do Atlántico Norte para determinados Estados membros que consideran que a súa defensa común se realiza dentro da OTAN e será compatible coa política común de seguridade e de defensa establecida no dito marco,

Conviñeron na seguinte disposición, que se incorporará como anexo ó Tratado da Unión Europea:

A Unión Europea elaborará, xunto coa Unión Europea Occidental, acordos de cooperación máis intensa entre si, nun prazo dun ano a partir da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam."

A. *Relacións da UEO coa Unión Europea: acompañala posta en práctica do Tratado de Amsterdam*

4. Na "Declaración sobre o papel da Unión Europea Occidental e as súas relacións coa Unión Europea e a Alianza Atlántica" do 10 de decembro de 1991, os Estados membros da UEO fixéronse o obxectivo de "construír en etapas a UEO en calidade de compoñente de defensa

da Unión Europea". Hoxe reafirman esta aspiración, tal e como se desenvolve no Tratado de Amsterdam.

5. Cando a Unión recorra a ela, a UEO elaborará e poñerá en práctica decisións e accións da Unión Europea que teñan repercusións no ámbito da defensa.

Ó elaborar e poñer en práctica as decisións e accións da Unión Europea para as que a Unión recorra á UEO, esta actuará de conformidade coas directrices definidas polo Consello Europeo.

A UEO secundará a Unión Europea na definición dos aspectos da política exterior e de seguridade común relacionados coa defensa, tal e como se definen no artigo J.7 do Tratado da Unión Europea.

6. A UEO confirma que cando a Unión Europea recorra a ela para elaborar e poñer en práctica decisións da Unión relativas ás misións ás que se fai referencia no punto 2 do artigo J.7 do Tratado da Unión Europea, tódolos Estados membros da Unión terán dereito a participar plenamente nas ditas misións, de conformidade co disposto no punto 3 do artigo J.7 do Tratado da Unión Europea. A UEO desenvolverá o papel dos observadores na UEO de conformidade coas disposicións contidas no punto 3 do artigo J.7 e adoptará as modalidades prácticas necesarias para lles permitir a todos aqueles Estados membros da Unión Europea que contribúan ás misións levadas a cabo pola UEO por petición da Unión Europea, unha participación plena e en pé de igualdade na planificación e toma de decisións dentro da UEO.

7. De conformidade co Protocolo sobre o artigo J.7 do Tratado da Unión Europea, a UEO elaborará, xunto coa Unión Europea, acordos de cooperación máis intensa entre si. Para tal efecto, poderán desenvolverse a partir de agora unha serie de medidas, nalgunhas das cales a UEO está xa traballando, en particular:

- arranxos orientados a mellora-la coordinación do procedemento de consulta e de toma de decisións de cada unha das organizacións, especialmente en situacións de crise;

- a realización de reunións conxuntas dos órganos competentes de ámbalas organizacións;

- a harmonización, na maior medida posible, da secuencia das presidencias da UEO e da Unión Europea, así como das normas administrativas e das prácticas de ámbalas organizacións;

- unha coordinación estreita das actividades emprendidas polos servizos da Secretaría Xeral da UEO e da Secretaría Xeral do Consello da Unión Europea, entre outras cousas a través do intercambio e o envío en comisión de servizos de membros do persoal;

- a elaboración de arranxos que lles permitan ós órganos competentes da Unión Europea, entre eles a Unidade de Planificación da Política e de Alerta Rápida, o acceso ós recursos da Célula de Planificación, do Centro de Situación e do Centro de Satélites da UEO;

- a cooperación no ámbito do armamento, segundo proceda, no marco do Grupo de Armamento de Europa occidental (GAEO), en calidade de instancia europea de cooperación en materia de armamento, da Unión Europea e da UEO no contexto da racionalización do mercado europeo do armamento e do establecemento dunha Axencia Europea de Armamentos;

- a elaboración de arranxos prácticos orientados a garantir unha cooperación coa Comisión Europea, que reflectan o seu papel no marco da política exterior e de seguridade común (PESC) tal e como se define na versión revisada do Tratado da Unión Europea;

- a mellora dos arranxos coa Unión Europea en materia de seguridade.

B. *Relacións entre a UEO e a OTAN no marco do desenvolvemento dunha IESD dentro da Alianza Atlántica*

8. A Alianza Atlántica segue sendo a base da defensa colectiva en virtude do Tratado do Atlántico Norte. Constitúe o foro fundamental de consulta entre os aliados e o marco no que conveñen as políticas relativas ós seus compromisos de seguridade e de defensa en virtude do Tratado de Washington. A Alianza emprendeu un proceso de adaptación e de reforma co fin de poder executar de forma máis eficaz todo o abano de misións a ela encomendadas. Este proceso vai encamiñado a afianzar e renova-la asociación transatlántica, incluída a estruturaación dunha IESD dentro da Alianza.

9. A UEO constitúe un elemento fundamental do desenvolvemento da identidade europea de seguridade e de defensa dentro da Alianza Atlántica e, por conseguinte, continuará realizando esforzos orientados a reforza-la cooperación institucional e práctica coa OTAN.

10. Ademais do seu apoio á defensa común de acordo co disposto no artigo 5 do Tratado de Washington e no artigo V do Tratado de Bruxelas modificado, a UEO desempeña un papel activo na prevención de conflitos e na xestión de crises, tal como o prevé a Declaración de Petersberg. Nese sentido, a UEO está comprometida a xogar plenamente o papel que lle corresponde, respectando a plena transparencia e complementaridade entre ámbalas organizacións.

11. A UEO afirma que esta identidade se baseará en sólidos principios militares e estará sostida por unha planificación militar adecuada, e que permitirá a creación de forzas militarmente coherentes e eficaces, capaces de operar baixo o seu control político e a súa dirección estratéxica.

12. Para tal fin, a UEO desenvolverá a súa cooperación coa OTAN, en particular nos campos seguintes:

- mecanismos de consulta entre a UEO e a OTAN en situacións de crise;
- participación activa da UEO na elaboración dos plans de defensa da OTAN;
- enlaces operativos UEO-OTAN para a planificación, preparación e execución de operacións que utilicen medios e capacidades da OTAN baixo o control político e a dirección estratéxica da UEO, en particular:
 - planificación militar, efectuada pola OTAN en coordinación coa UEO, e exercicios,
 - elaboración dun acordo marco sobre a transferencia, o seguimento e o retorno dos medios e capacidades da OTAN,
 - enlaces na UEO e a OTAN no contexto dos dispositivos de mando europeos.

Esta cooperación seguirá desenvolvéndose, en particular tendo en conta a adaptación da Alianza.

C. *Papel operativo da UEO no desenvolvemento da IESD*

13. A UEO desenvolverá o seu papel como órgano político e militar europeo para a xestión de crises, utilizando os medios e capacidades postos ó seu dispor polos países da UEO sobre unha base nacional ou multinacional e recorrendo, se é o caso, a medios e capacidades da OTAN conforme os arranxos que se están elaborando. Neste contexto, a UEO apoiará así mesmo ás Nacións Unidas e á OSCE nas súas actividades de xestión de crises.

No marco do artigo J.7 do Tratado da Unión Europea, a UEO contribuirá á definición progresiva dunha política de defensa común e velará pola súa posta en práctica concreta impulsando o desenvolvemento do seu propio papel operativo.

14. Para tal fin, a UEO continuará os seus traballos nos ámbitos seguintes:

— A UEO desenvolveu mecanismos e procedementos no ámbito da xestión de crises, que se actualizarán a medida que a UEO vaia adquirindo maior experiencia a través de exercicios e operacións. A posta en práctica das misións de Petersberg esixe modos de acción flexibles adaptados á diversidade das situacións de crise e que aproveiten o mellor posible as capacidades dispoñibles, podendo recorrerse a un estado maior nacional facilitado por unha nación marco, a un estado maior multinacional dependente da UEO ou ós medios e capacidades da OTAN.

— A UEO xa ten elaboradas as “Conclusións preliminares sobre a definición dunha política europea de defensa común”, primeira achega sobre os obxectivos, o alcance e os medios dunha política europea de defensa común.

A UEO continuará os seus traballos apoiándose en concreto na Declaración de París e tendo en conta os elementos pertinentes das decisións tomadas nos cumios e reunións ministeriais da UEO e da OTAN con posterioridade á reunión de Birmingham. Centrará os seus esforzos nos ámbitos seguintes:

- definición de principios que rexan o emprego das forzas armadas dos Estados da UEO para operacións da UEO do tipo Petersberg en apoio dos intereses comúns dos europeos en materia de seguridade;
- organización de medios operativos para tarefas de Petersberg, tales como a elaboración de plans xenéricos e de continxencia e o adestramento, a preparación e a interoperabilidade das forzas, entre outras cousas pola súa participación na elaboración de plans de defensa da OTAN, se for mester;
- mobilidade estratéxica sobre a base dos traballos que se están levando a cabo;
- traballos de información no ámbito da defensa, a través da súa Célula de Planificación, do seu Centro de Situación e do seu Centro de Satélites.
- A UEO tomou numerosas medidas que lle permitirán reforza-lo seu papel operativo (Célula de Planeamento, Centro de Situación, Centro de Satélites). A mellora do funcionamento das compoñentes militares da sede da UEO e a posta en funcionamento, baixo a autoridade do Consello, dun comité militar constituirán un novo reforzo de estruturas que son importantes para o éxito da preparación e execución das operacións da UEO.
- co obxecto de abri-la participación en tódalas súas operacións ós membros asociados e ós países observadores, a UEO estudiará as modalidades necesarias para permitirilles ós ditos membros asociados e países observadores que participen plenamente, de conformidade co seu estatuto, en tódalas operacións que leve a cabo a UEO.

— a UEO recorda que os membros asociados participan sobre a mesma base que os membros de pleno dereito nas operacións ás que contribúan, así como nos exercicios e na planificación correspondentes. A UEO estudiará, ademais, a cuestión da participación dos observadores, na medida máis posible, de conformidade co seu estatuto, na planificación e na toma de decisións no seo da UEO para tódalas operacións ás que contribúan.

— a UEO, logo de consulta coas instancias competentes se for mester, estudiará a posibilidade dunha participación máxima nas súas actividades por parte dos membros asociados e os países observadores, de conformidade co seu estatuto. En particular, prestará atención ás actividades nos ámbitos do armamento, do espacio e dos estudos militares.

— a UEO estudiará a maneira de intensificar a participación dos seus asociados nun número crecente de actividades.»

4. Declaración sobre os artigos J.14 e K.10 do Tratado da Unión Europea.

As disposicións dos artigos J.14 e K.10 do Tratado da Unión Europea e calquera acordo resultante delas non levarán implícito ningún traspaso de competencias dos Estados membros á Unión Europea.

5. Declaración sobre o artigo J.15 do Tratado da Unión Europea.

A Conferencia convén en que os Estados membros garantirán que o Comité político establecido no artigo J.15 do Tratado da Unión Europea poida reunirse en calquera momento cun aviso previo moi breve, en caso de crises internacionais ou outros asuntos urxentes, no nivel de directores políticos ou de adxuntos.

6. Declaración sobre o establecemento dunha Unidade de planificación da política e de alerta rápida.

A Conferencia acorda o seguinte:

1) Na Secretaría Xeral do Consello establecerase unha unidade de planificación da política e de alerta rápida, baixo a responsabilidade do secretario xeral, alto representante da PESC. Establecerase coa Comisión a cooperación adecuada co obxecto de garantir a plena coherencia coas políticas exteriores da Unión en materia económica e de desenvolvemento.

2) Entre as tarefas da unidade contarase as seguintes:

a) observación e análise da evolución da situación en ámbitos referentes á PESC;

b) elaboración de avaliacións dos intereses da Unión en materia de política exterior e de seguridade, e determinación dos ámbitos nos que a PESC podería centrarse no futuro;

c) presentación, coa suficiente antelación, de avaliacións e alerta rápida en canto ós feitos ou situacións que puidesen ter repercusións importantes para a política exterior e de seguridade da Unión, incluídas as crises políticas potenciais;

d) elaboración, ben por petición do Consello, da Presidencia ou por propia iniciativa, de documentos nos que se expoñan de forma razoada opcións políticas, que se presentarán baixo a responsabilidade da Presidencia como achega á formulación da política no seo do Consello, e que poderán conter análises, recomendacións e estratexias para a PESC.

3) A Unidade comporase de persoal procedente da Secretaría Xeral, dos Estados membros, da Comisión e da UEO.

4) Calquera dos Estados membros ou a Comisión poderanlle formular á Unidade suxestións sobre traballos que deban emprenderse.

5) Os Estados membros e a Comisión contribuirán ó proceso de planificación da política facilitando, na maior medida posible, información pertinente, incluída a confidencial.

7. Declaración sobre o artigo K.2 do Tratado da Unión Europea.

A acción no ámbito da cooperación policial en virtude do artigo K.2 do Tratado da Unión Europea, incluídas as actividades de Europol, estarásuxeita a un control xudicial adecuado por parte das autoridades nacionais competentes de acordo coas normas aplicables en cada Estado membro.

8. Declaración sobre a letra e) do artigo K.3 do Tratado da Unión Europea.

A Conferencia convén en que as disposicións da letra e) do artigo K.3 do Tratado da Unión Europea non lles imporán ós Estados membros nos que o sistema xudicial non estableza condenas mínimas a obriga de as adoptar.

9. Declaración sobre o punto 2 do artigo K.6 do Tratado da Unión Europea.

A Conferencia convén en que as iniciativas relativas ás medidas recollidas no punto 2 do artigo K.6 do Tratado da Unión Europea e os actos adoptados polo Consello en virtude destas se publicarán no Diario Oficial das Comunidades Europeas, de acordo co correspondente regulamento interno do Consello e da Comisión.

10. Declaración sobre o artigo K.7 do Tratado da Unión Europea.

A Conferencia toma nota de que, ó formularen unha declaración de acordo co punto 2 do artigo K.7 do Tratado da Unión Europea, os Estados membros poden reservar para si o dereito de estableceren na súa lexislación nacional disposicións co fin de que, cando se formule unha cuestión relativa á validez ou á interpretación dun dos actos mencionados no punto 1 do artigo K.7 nun asunto pendente ante un órgano xurisdiccional nacional as decisións do cal non sexan susceptibles de ulterior recurso xudicial de dereito interno, este órgano xurisdiccional estea obrigado a remitilo asunto ó Tribunal de Xustiza.

11. Declaración sobre o estatuto das igrexas e das organizacións non confesionais.

A Unión Europea respecta e non prexulga o estatuto recoñecido, en virtude do dereito nacional, ás igrexas e ás asociacións ou comunidades relixiosas nos Estados membros.

A Unión Europea respecta así mesmo o estatuto das organizacións filosóficas e non confesionais.

12. Declaración sobre as avaliacións do impacto ambiental.

A Conferencia toma nota de que a Comisión se compromete a elaborar estudos de avaliación do impacto ambiental cando formule propostas que poidan ter repercusións importantes no ambiente.

13. Declaración sobre o artigo 7 D do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

As disposicións do artigo 7 D do Tratado constitutivo da Comunidade Europea sobre servicios públicos aplicaranse con pleno respecto á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza, entre outras cousas no que se refire ós principios de igualdade de trato, calidade e continuidade destes servicios.

14. Declaración sobre a derogación do artigo 44 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

A derogación do artigo 44 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, que contén unha referencia á preferencia natural entre os Estados membros no marco da fixación dos prezos mínimos durante o período transitorio, non ten ningunha incidencia sobre o principio de preferencia comunitaria tal como se define na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza.

15. Declaración sobre o mantemento do nivel de protección e seguridade que ofrece o acervo de Schengen.

A Conferencia convén en que as medidas que adopte o Consello, que terá como consecuencia a substitución das disposicións sobre a supresión dos controis nas fronteiras comúns incluídas no Convenio de Schengen de 1990, deberían proporcionar como mínimo o mesmo nivel de protección e seguridade có que ofrecen as citadas disposicións do Convenio de Schengen.

16. Declaración sobre a letra b) do punto 2 do artigo 73 J do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

A Conferencia convén en que na aplicación da letra b) do punto 2 do artigo 73 J do Tratado constitutivo da Comunidade Europea deberán terse en conta consideracións de política exterior da Unión e dos Estados membros.

17. Declaración sobre o artigo 73 K do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Emprenderanse consultas sobre cuestións relativas á política de asilo co Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados e con outras organizacións internacionais pertinentes.

18. Declaración sobre a letra a) do punto 3 do artigo 73 K do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

A Conferencia convén en que os Estados membros poderán negociar e subscribir acordos con países terceiros nos ámbitos previstos na letra a) do punto 3 do artigo 73 K do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, sempre que tales acordos respecten o Dereito comunitario.

19. Declaración sobre o punto 1 do artigo 73 L do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

A Conferencia convén en que os Estados membros poderán ter en conta consideracións de política exterior ó exercer as súas responsabilidades de acordo co punto 1 do artigo 73 L do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

20. Declaración sobre o artigo 73 M do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

As medidas adoptadas en virtude do artigo 73 M do Tratado constitutivo da Comunidade Europea non impedirán que ningún Estado membro aplique as súas normas constitucionais relativas á liberdade de prensa e á liberdade de expresión noutros medios de comunicación.

21. Declaración sobre o artigo 73 O do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

A Conferencia convén en que o Consello examinará os elementos da decisión mencionada no segundo guiñón do punto 2 do artigo 73 O do Tratado constitutivo da Comunidade Europea antes de que remate o período de cinco anos previsto no artigo 73 ou co fin de adoptar e aplica-la decisión de forma inmediata unha vez transcorrido este período.

22. Declaración relativa ás persoas discapacitadas.

A Conferencia convén en que as institucións comunitarias, ó elaboraren medidas de acordo co artigo 100 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, deberán ter en conta as necesidades das persoas discapacitadas.

23. Declaración sobre as medidas de fomento recollidas no artigo 109 R do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

A Conferencia convén en que as medidas de fomento recollidas no artigo 109 R do Tratado constitutivo da

Comunidade Europea deberán especificar sempre o seguinte:

- os motivos da súa adopción, baseados nunha avaliación obxectiva da súa necesidade e a existencia dun valor engadido a escala comunitaria;
- a súa duración, que non debería ser superior a cinco anos;
- o importe máximo para o seu financiamento, que debería reflectir-lo carácter incentivador de tales medidas.

24. Declaración sobre o artigo 109 R do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Queda entendido que todo gasto que se realice en virtude do artigo 109 R do Tratado constitutivo da Comunidade Europea se imputará á categoría 3 das perspectivas financeiras.

25. Declaración sobre o artigo 118 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Queda entendido que todo gasto que se realice en virtude do artigo 118 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea se imputará á categoría 3 das perspectivas financeiras.

26. Declaración sobre o punto 2 do artigo 118 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

As Altas Partes Contratantes toman nota de que durante as discusións sobre o punto 2 do artigo 118 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea se conviu que, ó establecer disposicións mínimas para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, a Comunidade non ten a intención de establecer respecto dos traballadores da pequena e mediana empresa unha discriminación non xustificada polas circunstancias.

27. Declaración sobre o punto 2 do artigo 118 B do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

As altas partes contratantes declaran que a primeira modalidade de aplicación dos acordos subscritos entre interlocutores sociais a escala comunitaria -á que se fai referencia no número 2 do artigo 118 B do Tratado constitutivo da Comunidade Europea- consistirá en desenvolverlo contido destes acordos mediante negociación colectiva e de acordo coas normas de cada Estado membro, e que, por conseguinte, esta modalidade non implica que os Estados membros estean obrigados a aplicar de forma directa estes acordos ou a elaborar normas de transposición deles, nin a modifica-la lexislación nacional vixente para facilita-la súa execución.

28. Declaración sobre o punto 4 do artigo 119 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Ó adoptaren as medidas mencionadas no punto 4 do artigo 119 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, os Estados membros deberán, en primeiro termo, aspirar a mellora-la situación das mulleres na vida laboral.

29. Declaración sobre o deporte.

A Conferencia pon de relevo a importancia social do deporte, e en particular a súa función á hora de forxar unha identidade e de unilas persoas. Por conseguinte, a Conferencia insta os organismos da Unión Europea a escoitaren as asociacións deportivas cando se estean a tratar cuestións importantes que afecten o deporte. A este respecto, debería prestarse unha atención especial ás características específicas do deporte de afeccionados.

30. Declaración sobre as rexións insulares.

A Conferencia reconece que as rexións insulares sofren de desvantaxes estruturais vinculadas ó seu carácter insular, a permanencia das cales prexudica ó seu desenvolvemento económico e social.

A Conferencia reconece, por tanto, que o Dereito comunitario debe ter en conta estas desvantaxes e que, cando iso se xustifique, poderán tomarse medidas específicas en favor das ditas rexións con miras a integralas mellor no mercado interior en condicións equitativas.

31. Declaración relativa á Decisión do Consello do 13 de xullo de 1987.

A Conferencia invita a Comisión a que, para finais de 1998 como máis tarde, lle presente ó Consello unha proposta de modificación da Decisión do Consello, do 13 de xullo de 1987, pola que se establecen as modalidades do exercicio das competencias de execución atribuídas á Comisión.

32. Declaración sobre a organización e o funcionamento da Comisión.

A Conferencia toma nota de que a Comisión ten intención de preparar coa suficiente antelación a reorganización das tarefas dentro do colexio para a Comisión que entrará en funcións no ano 2000, co fin de garantir unha división óptima entre carteiras tradicionais e funcións específicas.

Neste sentido considera que o presidente da Comisión deberá gozar de ampla liberdade para conferir funcións dentro do colexio, así como en calquera reorganización das ditas funcións durante un mandato da Comisión.

A Conferencia toma nota tamén de que a Comisión ten a intención de emprender simultaneamente a reorganización correspondente dos seus servizos. Toma nota, en particular, de que sería conveniente que as relacións exteriores fosen responsabilidade dun vicepresidente.

33. Declaración sobre o punto 3 do artigo 188 C do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

A Conferencia invita o Tribunal de Contas, o Banco Europeo de Investimentos e a Comisión a que manteñan en vigor o actual Acordo tripartito. Se calquera das partes esixise un novo texto ou unha modificación do presente texto, as partes procurarán alcanzar un acordo tendo en conta os seus intereses respectivos.

34. Declaración sobre o respecto dos prazos no procedemento de codecisión.

A Conferencia insta o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión a que se esforcen ó máximo para conseguir que o procedemento de codecisión transcorra o máis rapidamente posible. Recorda a importancia de respectar estrictamente os prazos fixados no artigo 189 B do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e confirma que o recurso á ampliación dos correspondentes períodos, previsto no punto 7 do dito artigo, só debería considerarse cando fose estrictamente necesario. O período real entre a segunda lectura do Parlamento Europeo e o resultado do Comité de conciliación non debería ser superior a nove meses en ningún caso.

35. Declaración sobre o punto 1 do artigo 191 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

A Conferencia convén en que os principios e condicións recollidos no punto 1 do artigo 191 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea permitirán a un Estado membro solicitar á Comisión ou ó Consello que non comunique a terceiros un documento orixinario deste Estado sen o seu consentimento previo.

36. Declaración sobre os países e territorios de ultramar.

A Conferencia reconece que o réxime especial de asociación dos países e territorios de Ultramar (PTU) derivado da cuarta parte do Tratado constitutivo da Comunidade Europea foi concibido para países e territorios numerosos, de vasta superficie e elevada poboación. Este réxime evolucionou pouco desde 1957.

A Conferencia observa que hoxe en día os PTU non exceden a cifra de vinte, que se trata de territorios insulares extremadamente dispersos e que representan aproximadamente un total de 900.000 habitantes. Ademais, os PTU sofren na súa maior parte un atraso estrutural importante ligado a imperativos xeográficos e económicos especialmente desvantaxosos. En tales condicións, o réxime especial de asociación concibido en 1957 non pode xa responder eficazmente ás necesidades de desenvolvemento dos PTU.

A Conferencia recorda solemnemente que o obxectivo da asociación é o fomento do desenvolvemento económico e social dos países e territorios e o establecemento de estreitas relacións económicas entre estes e a Comunidade no seu conxunto.

A Conferencia invita o Consello, de conformidade co artigo 136 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, a revisa-lo dito réxime de asociación, de aquí a febreiro do ano 2000, para lograr un cuádruple obxectivo:

- fomentar de modo máis eficaz o desenvolvemento económico e social dos PTU,
- desenvolve-las relacións económicas entre os PTU e a Unión Europea,
- ter en conta en maior medida a diversidade e especificidade de cada PTU, incluídos os aspectos referentes á liberdade de establecemento,
- velar por que se mellore a eficacia do instrumento financeiro.

37. Declaración sobre as entidades públicas de crédito en Alemaña.

A Conferencia toma nota do dictame da Comisión, no sentido de que a actual normativa comunitaria en materia de competencia permite que se tomen plenamente en consideración os servizos de interese económico xeral ofrecidos polas entidades públicas de crédito existentes en Alemaña, así como as vantaxes que se lles conceden para compensa-los custos relacionados con tales servizos. Neste contexto, a maneira en que Alemaña faculta as autoridades locais para levaren a cabo o seu cometido de facer que as súas rexións dispoñan dunha infraestrutura financeira ampla e eficiente é un asunto que compete á organización do dito Estado membro. Estas vantaxes non poderán prexudica-las condicións de competencia nunha medida que supere o necesario para levar a cabo eses cometidos concretos e que sexa contraria ós intereses da Comunidade.

A Conferencia recorda que o Consello Europeo convidou a Comisión a examinar se nos demais Estados membros existen casos similares, para aplicar, se é o caso, as mesmas normas en casos similares e a informalo Consello na súa formación Ecofin.

38. Declaración sobre as actividades de voluntariado.

A Conferencia reconece a importante contribución das actividades de voluntariado para desenvolve-la solidariedade social.

A Comunidade estimulará a dimensión europea das organizacións de voluntariado, poñendo unha énfase particular no intercambio de información e experiencia, así

como na participación dos mozos e das persoas maiores no traballo voluntario.

39. Declaración sobre a calidade da redacción da lexislación comunitaria.

A Conferencia observa que, para que as autoridades nacionais competentes apliquen correctamente a lexislación comunitaria e para que a opinión pública e os medios empresariais a comprendan mellor, é crucial a calidade da súa redacción. Recorda as conclusións alcanzadas ó respecto pola Presidencia do Consello Europeo de Edimburgo dos días 11 e 12 de decembro de 1992, así como a Resolución do Consello relativa á calidade da redacción da lexislación comunitaria, adoptada o 8 de xuño de 1993 («Diario Oficial das Comunidades Europeas» C 166 do 17 de xuño de 1993, páxina 1).

A Conferencia considera que as tres institucións que participan no procedemento de adopción da lexislación comunitaria, o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión, deberían establecer directrices sobre a calidade de redacción dela. Tamén recalca que debería facerse máis accesible a lexislación comunitaria e celebra a este respecto a adopción e a aplicación por primeira vez dun método de traballo acelerado con vistas á codificación oficial dos textos lexislativos, establecido no Acordo interinstitucional do 20 de decembro de 1994 («Diario Oficial das Comunidades Europeas» C 102 do 4 de abril de 1996, páxina 2).

En consecuencia, a Conferencia declara que o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión deberían:

- establecer de común acordo directrices para mello-la calidade de redacción da lexislación comunitaria e aplicar estas directrices ó estudiaren propostas ou proxectos de lexislación comunitaria, adoptando as medidas de organización interna que coiden necesarias para a súa correcta aplicación;

- facer todo o posible para acelera-la codificación dos textos lexislativos.

40. Declaración relativa ó procedemento de celebración de acordos internacionais pola Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro.

A derogación da sección do punto 14 do convenio relativo ás disposicións transitorias anexo ó Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro non modifica a práctica existente en materia de procedemento para a realización de acordos internacionais pola Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro.

41. Declaración sobre as disposicións relativas á transparencia, ó acceso ós documentos e á loita contra a fraude.

A Conferencia considera que o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión, cando actúan a título do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, deberían inspirarse nas disposicións en materia de transparencia, de acceso ós documentos e de loita contra a fraude vixentes no marco do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

42. Declaración sobre a consolidación dos tratados.

As altas partes contratantes acordaron que os traballos técnicos iniciados durante a Conferencia intergobernamental serán continuados o máis rapidamente posible con vistas a proceder a unha consolidación de tódolos tratados pertinentes, incluído o Tratado da Unión Europea.

Acordaron que os resultados finais deste traballo técnico, que se farán públicos para efectos ilustrativos baixo

a responsabilidade do secretario xeral do Consello, carecerán de valor xurídico.

43. Declaración relativa ó Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

As altas partes contratantes confirman, por un lado, a declaración relativa á aplicación do dereito comunitario anexa á acta final do Tratado da Unión Europea e, por outro, as conclusións do Consello Europeo de Essen segundo as cales, en principio, os Estados membros serán responsables da aplicación administrativa do dereito comunitario, de acordo coas disposicións constitucionais. Isto non afectará as competencias de supervisión, control e execución das institucións comunitarias establecidas nos artigos 145 e 155 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

44. Declaración sobre o artigo 2 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

As altas partes contratantes conveñen en que o Consello adoptará tódalas medidas necesarias a que se refire o artigo 2 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea, no momento da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam. Para tal fin, ó seu debido tempo emprenderanse os traballos preparatorios necesarios con obxecto de culminalos con anterioridade á dita data.

45. Declaración sobre o artigo 4 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

As altas partes contratantes convidan o Consello a recada-lo dictame da Comisión antes de tomar unha decisión sobre unha solicitude de Irlanda ou do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, de acordo co artigo 4 do protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea, para participar nalgunhas ou en tódalas disposicións do acervo de Schengen. Tamén se comprometen a face-los seus mellores esforzos co fin de permitir que Irlanda ou o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, se así o desexan, fagan uso das disposicións do artigo 4 do dito Protocolo, de tal forma que o Consello estea en condicións de toma-las decisións a que se refire este artigo a partir da data de entrada en vigor dese protocolo ou en calquera data posterior.

46. Declaración sobre o artigo 5 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

As altas partes contratantes comprométense a facer todo o que estea na súa man para posibilita-la actuación de tódolos Estados membros no ámbito do acervo de Schengen, en particular cando Irlanda e o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte acepten algunha ou tódalas disposicións do dito acervo de conformidade co artigo 4 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

47. Declaración sobre o artigo 6 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

As altas partes contratantes conveñen en tomar tódalas medidas necesarias para que os acordos recollidos no artigo 6 do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea poidan entrar en vigor na mesma data có Tratado de Amsterdam.

48. Declaración relativa ó protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

O Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea non prexulga o dereito de cada Estado membro a adoptar-las medidas organizativas que considere necesarias para cumprilas súas obrigas en virtude da Convención de Xenebra do 28 de xullo de 1951 sobre o estatuto dos refuxiados.

49. Declaración sobre a letra d) do artigo único do Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

A Conferencia declara que, aínda que recoñece a importancia da resolución dos ministros dos Estados membros das Comunidades Europeas responsables de Inmigración, do 30 de novembro e 1 de decembro de 1992, sobre as solicitudes de asilo manifestamente infundadas, e da Resolución do Consello, do 20 de xuño de 1995, relativa ás garantías mínimas aplicables ós procedementos de asilo, é preciso examinar con máis detemento a cuestión do abuso dos procedementos de asilo e a dos procedementos rápidos apropiados para prescindir das solicitudes de asilo manifestamente infundadas, co fin de introducir novas melloras para acelerar estes procedementos.

50. Declaración relativa ó Protocolo sobre as institucións na perspectiva da ampliación da Unión Europea.

Acórdase que, ata a entrada en vigor da primeira ampliación, se prorrogará a Decisión do Consello do 29 de marzo de 1994 («Compromiso de Ioannina») e que, antes desa data, se lle encontrará unha solución ó caso especial de España.

51. Declaración sobre o artigo 10 do Tratado de Amsterdam.

O Tratado de Amsterdam derroga e suprime disposicións caducadas do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica, tal como estaban vixentes antes da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, e adapta algunha das súas disposicións, incluída a inserción de determinadas disposicións do Tratado polo que se constitúe un Consello único e unha Comisión única das Comunidades Europeas e da Acta relativa á elección dos representantes no Parlamento Europeo por sufraxio universal directo. Estas operacións non afectan o acervo comunitario.

DECLARACIÓNS DAS QUE TOMOU NOTA A CONFERENCIA

1. Declaración de Austria e Luxemburgo sobre as entidades de crédito.

Austria e Luxemburgo consideran que a Declaración sobre entidades públicas de crédito en Alemaña é tamén válida para as entidades de crédito en Austria e Luxemburgo con formas similares de organización.

2. Declaración de Dinamarca sobre o artigo K.14 do Tratado da Unión Europea.

O artigo K.14 do Tratado da Unión Europea esixe a unanimidade de tódolos membros do Consello da Unión Europea, isto é, tódolos Estados membros, para adoptar calquera decisión de aplicación das disposicións do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea sobre visados, asilo, inmigración e outras políticas relacionadas coa libre circulación de persoas á actuación nas áreas mencionadas no artigo K.1. Ade-

mais, antes de entrar en vigor, calquera decisión unánime do Consello terá que ser aprobada por cada Estado membro, de acordo cos seus requisitos constitucionais. En Dinamarca, no caso dunha transferencia de soberanía, tal como se define na Constitución danesa, a aprobación precisa ou ben dunha maioría de cinco sextos do Folketing (Parlamento) ou ben da maioría dos membros do Folketing e da maioría de votantes nun referendo.

3. Declaración de Alemaña, Austria e Bélxica sobre a subsidiariedade.

Para os Gobernos alemán, austriaco e belga, é evidente que a acción da Comunidade Europea, de conformidade co principio de subsidiariedade, non só afecta os Estados membros senón tamén a súas entidades, na medida en que estas dispoñen dun poder lexislativo propio que lles confiere o dereito constitucional nacional.

4. Declaración de Irlanda sobre o artigo 3 do Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda.

Irlanda declara que se propón exercer de acordo co artigo 3 do Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda o seu dereito a participar na adopción de medidas en virtude do título III bis do Tratado constitutivo da Comunidade Europea en todo o que sexa compatible co mantemento da súa Zona de Viaxe Común «Common Travel Area» co Reino Unido. Irlanda recorda que a súa participación no Protocolo sobre a aplicación de determinados aspectos do artigo 7 A do Tratado constitutivo da Comunidade Europea ó Reino Unido e a Irlanda reflicte o seu desexo de mante-la súa Zona de Viaxe Común co Reino Unido con obxecto de favorecer en todo o posible a liberdade de circulación cara a e desde Irlanda.

5. Declaración de Bélxica relativa ó Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

Ó aproba-lo Protocolo sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea, Bélxica declara que, de conformidade coas súas obrigas en virtude da Convención de Xenebra de 1951 e do Protocolo de Nova York de 1967, levará a cabo, de acordo co disposto na letra d) do artigo único dese Protocolo, un exame individual de calquera solicitude de asilo presentada por un nacional doutro Estado membro.

6. Declaración de Bélxica, Francia e Italia relativa ó Protocolo sobre as institucións na perspectiva da ampliación da Unión Europea.

Bélxica, Francia e Italia fan constar que, sobre a base dos resultados da Conferencia Intergobernamental, o Tratado de Amsterdam non responde á necesidade, reafirmada no Consello Europeo de Madrid, de realizar avances substanciais cara ó fortalecemento das institucións.

Estes países consideran que tal fortalecemento é unha condición indispensable para a conclusión das primeiras negociacións de adhesión. Están decididos a sacar tódalas conclusións adecuadas do Protocolo no relativo á composición da Comisión e a ponderación dos votos e consideran que unha extensión significativa do recurso ó voto por maioría cualificada forma parte dos elementos pertinentes que convirá ter en conta.

7. Declaración de Francia sobre a situación dos departamentos de Ultramar á vista do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea.

Francia considera que a aplicación do Protocolo polo que se integra o acervo de Schengen no marco da Unión Europea non afecta o ámbito de aplicación xeográfica do Convenio de aplicación do Acordo de Schengen do 14 de xuño de 1985, asinado en Schengen o 19 de xuño

de 1990, tal como se define no punto 1 do artigo 138 do dito convenio.

8. Declaración de Grecia relativa á Declaración sobre o estatuto das igrexas e as organizacións non confesionais.

Polo que se refire á Declaración sobre o estatuto das igrexas e as organizacións non confesionais, Grecia recorda a Declaración común sobre o Monte Athos anexa á acta derradeira do Tratado de adhesión de Grecia ás Comunidades Europeas.

29215 *LEI ORGÁNICA 10/1998, do 17 de decembro, complementaria da Lei sobre introducción do euro.* («BOE» 302, do 18-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

Artigo 1.

Engádeselle un novo parágrafo ó punto tres do artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, coa seguinte redacción:

«Con relación ó que se prevé no parágrafo anterior, non se considerarán financiamento exterior, para os efectos da súa preceptiva autorización, as operacións de concertación ou emisión denominadas en euros que se realicen dentro do espazo territorial dos países pertencentes á Unión Monetaria Europea».

Artigo 2.

Un. Las referencias contidas nas leis orgánicas a importes monetarios expresados en pesetas entenderanse tamén realizadas ó correspondente importe monetario expresado en euros que se obteña de acordo co tipo de conversión e, se é o caso, redondeando consonte o disposto no artigo 11 da Lei sobre introducción do euro, tendo unhas e outras a mesma validez e eficacia.

Dous. Así mesmo, as referencias contidas nas leis orgánicas ó ecu ou ós importes expresados na unidade de conta ecu entenderanse tamén realizadas ó euro ou ó correspondente importe expresado en euros.

Tres. Malia o disposto no artigo 4 da Lei sobre introducción do euro, as referencias contidas nas normas penais á moeda nacional entenderanse que engloban tanto a moeda euro como a moeda peseta. Para estes únicos efectos, a peseta manterá a consideración de moeda nacional ata a finalización do período de troco a que se refire o artigo 24 da Lei sobre introducción do euro.

Catro. A substitución da peseta polo euro, nos termos previstos na Lei sobre introducción do euro, non alterará a responsabilidade derivada da comisión de delitos ou faltas tipificados ou penados con referencia á peseta.

Cinco. Durante o período transitorio ó que se refire o artigo 12 da Lei sobre introducción do euro, os euros cuñados ou impresos en moeda metálica ou en papel moeda consideraranse en todo caso moeda de curso

legal para os efectos previstos nos artigos 386 e 387 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor o 1 de xaneiro de 1999.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 17 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

29216 *LEI 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.* («BOE» 303, do 19-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Consello da Unión Europea, na súa composición de xefes de Estado ou de Goberno, mediante Decisión adoptada o 2 de maio de 1998, acordou que once países, España entre eles, reúnen as condicións necesarias para a adopción da moeda única o 1 de xaneiro de 1999.

II

A adopción da moeda única non precisa, en principio, doutro tecido xurídico ca aquel que proporcionan os dous regulamentos comunitarios; o Regulamento (CE) número 1103/97, do Consello, do 17 de xuño de 1997, sobre determinadas disposicións relativas á introducción do euro, e o Regulamento (CE) número 974/98, do Consello, do 3 de maio, sobre a introducción do euro.

Estas dúas normas de dereito derivado representan o acervo comunitario básico no tocante á introducción do euro.

O primeiro regulamento citado ten como finalidades básicas: dunha parte, determina-la substitución do ecu polo euro, a partir do 1 de xaneiro de 1999; doutra, determinar un dos principios básicos no proceso, como é o da continuidade de tódolos instrumentos xurídicos, así como fixa-las correspondentes regras de redondeo dos importes monetarios resultantes das conversións durante o período transitorio.

Maior interese ofrece o segundo regulamento sobre a introducción do euro, conformado polos aspectos básicos seguintes:

En primeiro termo, dispónse a substitución das moedas dos Estados membros participantes na terceira fase polo euro.

En segunda instancia, compréndense un conxunto de regras para ordenalo período transitorio. Así, recóllese, entre outros, os aspectos seguintes:

1.º Pervivencia das unidades monetarias nacionais, se ben en tanto subdivisións do euro.